

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

10949 *Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.*

I

A Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro, relativa á prevención e ao control integrado da contaminación, posteriormente derogada pola Directiva 2008/1/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, relativa á prevención e ao control integrados da contaminación, introduciu un concepto integrador da visión ambiental, así como a necesidade de obter un permiso escrito (autorización ambiental integrada) que debe concederse de forma coordinada cando no procedemento interveñen varias autoridades competentes.

Esta directiva creou unha nova figura de intervención ambiental, a autorización ambiental integrada, na cal se determinan todos os condicionantes ambientais que deberá cumprir a actividade de que se trate, incluída a fixación dos valores límite de emisión dos contaminantes ao aire, auga, residuos e solo. Mellora o sistema de previsión e control integrado da contaminación revisando o réxime da autorización ambiental integrada co obxectivo de reducir as cargas administrativas innecesarias para responder á necesidade de obter melloras da saúde pública e ambientais e asegurando, a un tempo, a rendibilidade e o fomento da innovación técnica.

A mencionada norma comunitaria foi derogada pola Directiva 2010/75/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación), que revisa a lexislación sobre instalacións industriais a fin de simplificar e esclarecer as disposicións existentes, polo que refunde a Directiva 78/176/CEE do Consello, do 20 de febreiro de 1978, relativa aos residuos procedentes da industria do dióxido de titanio; a Directiva 82/883/CEE do Consello, do 3 de decembro de 1982, relativa ás modalidades de supervisión e de control dos medios afectados polos residuos procedentes da industria do dióxido de titanio; a Directiva 92/112/CEE do Consello, do 15 de decembro de 1992, pola que se fixa o réxime de harmonización dos programas de redución, con vistas á supresión, da contaminación producida polos residuos da industria do dióxido de titanio; a Directiva 1999/13/CE do Consello, do 11 de marzo de 1999, relativa á limitación das emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes orgánicos en determinadas actividades e instalacións; a Directiva 2000/76/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de decembro de 2000, relativa á incineración de residuos; a Directiva 2001/80/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2001, sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión; e, por último, a Directiva 2008/1/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, relativa á prevención e ao control integrados da contaminación.

A transposición das disposicións de carácter básico desta directiva levouse a cabo mediante a Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, mentres que os preceptos de marcado carácter técnico e o desenvolvemento do anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, se incorporaron no regulamento polo que se aproba este real decreto, que contén unha serie de novidades que se explican a seguir.

II

O real decreto contén un único artigo mediante o cal se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (en diante, Regulamento de emisións industriais), dúas disposicións adicionais, a primeira sobre a contención do gasto público, e a segunda sobre as normas de procedemento aplicable, e unha disposición transitoria única para determinadas actividades industriais.

Contén unha disposición derogatoria única que derroga o Real decreto 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos; e o Real decreto 509/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

Así mesmo, contén oito disposicións derradeiras. A disposición derradeira primeira modifica o Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, que desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, delimitando a eficacia xurídica do seu anexo IV.

A disposición derradeira segunda modifica o Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades. No entanto, debe terse en conta que os artigos 58, 59, 63 e o anexo VII da Directiva de emisións xa se encontran incorporados no real decreto mencionado, polo que non se considerou preciso traspolos.

A disposición derradeira terceira modifica o Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarias de petróleo.

A disposición derradeira cuarta modifica o Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, nos termos que establece o anexo 5.

A disposición derradeira quinta establece o título competencial.

A disposición derradeira sexta establece a habilitación normativa.

A disposición derradeira sétima establece a incorporación do dereito comunitario e, por último, a disposición derradeira oitava ordena a entrada en vigor da norma ao día seguinte da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

O Regulamento de emisións industriais contén seis capítulos e catro anexos. O capítulo I establece as disposicións xerais, como son o obxecto e o ámbito de aplicación, as definicións, o fomento das técnicas emerxentes, a tramitación electrónica e o réxime sancionador aplicable.

O capítulo II organizouse en tres seccións: a sección primeira dedicada aos principios comúns dos procedementos de autorización ambiental integrada, a sección segunda ao procedemento simplificado de modificación substancial e revisión da autorización ambiental integrada, e a sección terceira á coordinación cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia estatal.

A sección 1.^a establece o alcance da autorización ambiental integrada, introducindo como novidade que unha mesma autorización comprenda actividades enumeradas no anexo 1 e aquelas outras relacionadas que cumpran determinados requisitos; tamén establece a posibilidade de que os valores límite de emisión sexan globais para os contaminantes xerados por varias actividades industriais que se desenvolvan nunha instalación. Outra novidade é que a autorización pode ser válida para varias instalacións ou partes dunha instalación explotada por diferentes titulares. Así mesmo, establece o contido do informe urbanístico do concello, da solicitude que debe presentar o titular e da autorización ambiental integrada. Respecto ao contido tanto da solicitude como da autorización, como novidade establécese a necesidade de identificar cada un dos focos de emisión de contaminantes atmosféricos. A finalidade é conseguir que se leve a cabo a clasificación de todas as actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera incluídas na autorización ambiental integrada.

Continúa a sección 1.^a cunha referencia expresa á tramitación da autorización ambiental e ás comunicacións que se deben realizar ao organismo de bacía cando o funcionamento da instalación implique verteduras ás augas continentais de bacías xestionadas pola Administración xeral do Estado.

Por outro lado, tal e como se vén realizando desde a transposición da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, a fin de reducir as trabas no acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, régúlase tanto o inicio da actividade como o seu cesamento, simplificando os procedementos e reducindo as cargas administrativas, sen menoscabo da protección ambiental mediante a prevención e control da contaminación. Neste senso, e sen prexuízo do que dispoñan as comunidades autónomas, unha vez outorgada a autorización ambiental integrada establécese un prazo de cinco anos para o inicio da actividade, para o cal é suficiente a declaración responsable indicando a data e o cumprimento das condicións fixadas na autorización, sen prexuízo da súa posterior inspección pola autoridade competente nos termos previstos no capítulo III. Finaliza esta sección cos supostos e condicións en que pode producirse o cesamento temporal, novidade introducida no regulamento, e o feche da instalación.

A sección 2.^a regula o procedemento simplificado de modificación substancial da autorización ambiental integrada e o procedemento para revisala. O primeiro establece cales son os criterios que poden dar lugar á modificación substancial, o contido mínimo da solicitude e o procedemento de modificación substancial, cuxa resolución debe ditarse no prazo máximo de seis meses, e entenderase desestimada unha vez transcorrido este. A revisión debe ser realizada de oficio polo órgano competente, quen previamente solicitará aos órganos que deben pronunciarse sobre as diferentes materias ambientais a documentación que debe presentar o titular, seguindo para isto o procedemento regulado para a modificación substancial.

A sección 3.^a regula a coordinación do procedemento de autorización ambiental integrada nas instalacións que requiran avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia estatal, caso en que será o órgano substantivo o que realice a información pública de maneira conxunta para a autorización ambiental integrada, a avaliación de impacto ambiental e a autorización substantiva.

O capítulo III contén a regulación de inspección e control das instalacións industriais. De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, os órganos competentes para realizar as tarefas de inspección contarán cun sistema de inspección ambiental e todas as instalacións estarán cubertas por un plan e programa, revisado periodicamente. O inspector ambiental, funcionario público coa condición de autoridade, poderá ir acompañado de asesores técnicos para realizar os labores inspectores. Así mesmo, o resultado da visita *in situ* consignarase nunha acta. Finaliza o capítulo coas medidas provisionais que proceden en caso de grave risco para a saúde humana ou o ambiente.

O capítulo IV establece as disposicións especiais para as instalacións de incineración e co-incineración de residuos, incorporando a Directiva de emisións industriais. Este capítulo establece o ámbito de aplicación, o réxime de autorización a que están sometidas, o contido da solicitude de autorización, o contido das autorizacións para este tipo de instalacións, como deben realizarse a entrega e a recepción de residuos, as condicións de deseño, equipamento, construción e explotación da instalación, a autorización necesaria para cambiar as condicións de explotación, os valores límite de emisión á atmosfera e ás augas, os residuos da incineración, a periodicidade das medicións á atmosfera e á auga, as condicións anormais de funcionamento, a verificación do valor de eficiencia enerxética das instalacións de incineración de residuos domésticos e, finalmente, a presentación de informes e información ao público neste tipo de instalacións.

O capítulo V regula as disposicións especiais para as grandes instalacións de combustión, incorporando a Directiva de emisións industriais. Así, establece o ámbito de aplicación, as normas de adición, os valores límite de emisión, o índice de desulfuración, o plan nacional transitorio, a exención por vida útil limitada, as pequenas redes illadas, as

instalacións de calefacción urbana, o almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono, os procedementos relativos ao mal funcionamento ou avaría do equipamento de redución, o control das emisións á atmosfera, o cumprimento dos valores límite de emisión, as instalacións de combustión con caldeira mixta e, finalmente, a comunicación de información á Comisión Europea.

O capítulo VI desenvolve as disposicións especiais para as instalacións de produción de dióxido de titanio; igualmente, incorpora a Directiva de emisións industriais, regulando o ámbito de aplicación, a prohibición da eliminación de residuos, o control das emisións á auga, a prevención e control das emisións á atmosfera e, por último, o control das emisións.

Canto aos anexos, o anexo 1 desenvolve o tipo de industrias e instalacións industriais con maior grao de detalle que a regulación prevista no anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo; para isto tivéronse en conta, entre outros criterios, os documentos de referencia das mellores técnicas dispoñibles (BREF) elaborados para os diferentes grupos de actividades industriais polo European IPPC Bureau (EIPPCB).

Os anexos 2, 3 e 4 establecen, respectivamente, as disposicións técnicas que deben terse en conta para as instalacións de incineración e co-incineración de residuos, as grandes instalacións de combustión e as instalacións que producen dióxido de titanio.

III

Este real decreto dítase de conformidade co disposto na disposición derradeira cuarta da Lei 16/2002, do 1 de xullo, que faculta o Goberno para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Esta norma ten natureza xurídica de lexislación básica de acordo co establecido no artigo 149.1.23.^a da Constitución na medida en que resulta un complemento necesario indispensable para asegurar o mínimo común normativo na protección do ambiente, a un tempo que se garante un marco de coordinación na planificación económica en todo o territorio nacional.

A elaboración deste real decreto foi realizada coa participación e consulta das comunidades autónomas, da Federación Española de Municipios e Provincias e do Consello Asesor de Medio Ambiente, tendo sido consultados os sectores afectados, e coa información e participación do público en xeral mediante medios telemáticos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de outubro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento.*

Apróbase o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición adicional primeira. *Necesidades de recursos humanos.*

A aplicación deste regulamento non implicará ningún incremento de gasto para as administracións públicas competentes. As novas necesidades de recursos humanos que, se for o caso, puideren xurdir como consecuencia das obrigacións normativas establecidas neste regulamento deberán ser atendidas mediante a reordenación ou redistribución de efectivos.

Disposición adicional segunda. *Normas de procedemento.*

En todos aqueles aspectos non regulados neste regulamento, o procedemento das administracións públicas axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición transitoria única. *Aplicación transitoria.*

1. En relación coas instalacións que leven a cabo as actividades a que se refire o anexo 1, no punto 1.1 para as actividades cunha potencia térmica nominal superior a 50 MW, os puntos 1.2 e 1.3, o punto 1.4.a), os puntos 2.1 a 2.6, o punto 3.1.a) e b), os puntos 3.2 a 3.5, os puntos 4.1 a 4.6 para as actividades relativas á produción por procesos químicos, os puntos 5.1 e 5.2 para as actividades cubertas pola Directiva 2008/1/CE do Parlamento e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, relativa á prevención e control integrado da contaminación, o punto 5.3.a) e b), os puntos 5.5, 6.1, 6.2, os puntos 7.1, 8.1, 9.1.a), 9.1.b) para as actividades cubertas pola Directiva 2008/1/CE, o punto 9.1.c) e os puntos 9.2, 9.3, 10.1, 11.1 e 14.1, que están en explotación e posúen unha autorización de antes do 7 de xaneiro de 2013 ou para as cales o titular presentase unha solicitude completa de autorización antes desa data, sempre que estas instalacións entren en funcionamento o máis tardar o 7 de xaneiro de 2014, os órganos competentes aplicarán as disposicións legais, regulamentarias e administrativas adoptadas de conformidade coa presente norma a partir do 7 de xaneiro de 2014, con excepción do capítulo V e do anexo 3.

2. En relación coas instalacións que leven a cabo as actividades a que se refire o anexo 1, no punto 1.1 para as actividades cunha potencia térmica nominal igual a 50 MW, o punto 1.4.b), o punto 3.1.c), os puntos 4.1 a 4.6 para as actividades relativas á produción por procesos biolóxicos, os puntos 5.1 e 5.2 para as actividades non cubertas pola Directiva 2008/1/CE, o punto 5.3.c), d) e e), o punto 5.4, os puntos 5.6 e 5.7, o punto 6.3, o punto 9.1.b) para as actividades non cubertas pola Directiva 2008/1/CE, e os puntos 12.1 e 13.1 que estean en explotación antes do 7 de xaneiro de 2013, os órganos competentes aplicarán as disposicións legais, regulamentarias e administrativas adoptadas de conformidade co presente regulamento a partir do 7 de xullo de 2015, a excepción dos capítulos IV e V e os anexos 2 e 3.

3. En relación coas instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.2, os órganos competentes aplicarán, a partir do 1 de xaneiro de 2016, as disposicións normativas adoptadas de conformidade co presente regulamento, para axustarse ao capítulo V e ao anexo 3.

4. En relación coas instalacións de combustión que coincideran residuos do anexo 2, parte 4, punto 3.1, aplicarase:

a) Até o 31 de decembro de 2015, ás instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.2.

b) A partir da entrada en vigor deste regulamento, ás instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.3.

5. En relación coas instalacións de combustión que coincideran residuos do anexo 2, parte 4, punto 3.2, aplicarase:

a) A partir do 1 de xaneiro de 2016, ás instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.2.

b) A partir da entrada en vigor deste regulamento, ás instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.3.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O Real decreto 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos.

b) O Real decreto 509/2007, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, que desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico.*

Modifícase o Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, que desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, engadindo a seguinte disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Eficacia xurídica do anexo IV.*

A eficacia xurídica do anexo IV será a establecida na disposición derogatoria única do Real decreto 100/2011, do 28 de xaneiro, polo que se actualiza o Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera e se establecen as disposicións básicas para a súa aplicación. Así mesmo, o anexo IV non será aplicable ás actividades industriais que se inclúan no anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, as cales se rexerán polo disposto na citada lei e polo Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto 815/2013, do 18 de outubro.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades.*

O Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades queda redactado como segue:

Un. Modifícase a definición de «instalación existente» do artigo 2 nos seguintes termos:

«Instalación existente»: toda instalación en funcionamento o 29 de marzo de 1999, ou á cal se concedese unha autorización ou se inscribise antes do 1 de abril de 2001 ou para a cal o titular presentase unha solicitude completa de autorización antes do 1 de abril de 2001, sempre que tal instalación se puxese en funcionamento, o máis tardar, o 1 de abril de 2002.»

Dous. O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Acceso do público á información.*

1. As comunidades autónomas porán á disposición do público, en particular a través da internet, en relación coas instalacións en que se desenvolvan actividades cubertas por este real decreto, a seguinte información:

- a) Nome e enderezo da instalación.
- b) Actividades reguladas polo presente real decreto que nela se desenvolven e capacidade de consumo de disolvente.
- c) Autorización da instalación prevista na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, ou na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- d) Resultado das medicións para o control das emisións requiridas no artigo 6 que estean en poder do órgano competente.

2. O número anterior aplicárase de conformidade coa Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.»

Tres. Modifícase a parte A) do anexo II da seguinte forma:

«A) Límites de consumo e límites de emisión.

Os valores límite de emisión expresados como concentracións ou niveis de emisión entenderanse referidos a condicións normais e gas seco.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarias de petróleo.*

Engádese un número 3 ao artigo 2 do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarias de petróleo, coa seguinte redacción:

«3. Este real decreto non se aplicará ás instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.3 do Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto 815/2013, do 18 de outubro.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas.*

Modifícase o anexo 1 do Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas, nos termos que establece o anexo 5.

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Este real decreto ten o carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección, de conformidade co disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución española.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e o ministro de Industria, Enerxía e Turismo, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren cantas disposicións de carácter técnico resulten necesarias para a súa correcta aplicación e, en particular, para modificar os anexos de acordo coa normativa comunitaria.

Disposición derradeira sétima. *Incorporación do dereito comunitario.*

A través do presente regulamento incorpórase parcialmente ao dereito interno a Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación). En concreto, a presente norma traspón os seguintes artigos: artigo 3 números 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43 e 44, artigo 4.3, artigo 10, artigo 16, artigo 23, artigo 27, artigo 28, artigo 29, artigo 30, artigo 31, artigo 32, artigo 33,

artigo 34, artigo 35, artigo 36, artigo 37, artigo 38, artigo 39, artigo 40, artigo 42, artigo 43, artigo 44, artigo 45, artigo 46, artigo 47, artigo 48, artigo 49, artigo 50, artigo 51, artigo 52, artigo 53, artigo 54, artigo 55, artigo 57.1, artigo 66, artigo 67, artigo 68, artigo 69, artigo 70, artigo 71, artigo 82 números 3, 4, 5 e 6; así mesmo, este regulamento traspón os anexos V, VI e VIII da mencionada directiva.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de outubro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

REGULAMENTO DE EMISIÓNS INDUSTRIAIS E DE DESENVOLVEMENTO DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO, DE PREVENCIÓN E CONTROL INTEGRADOS DA CONTAMINACIÓN

Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.
- Artigo 2. Definicións.
- Artigo 3. Técnicas emerxentes.
- Artigo 4. Tramitación electrónica.
- Artigo 5. Réxime sancionador.

Capítulo II. Autorización ambiental integrada

Sección 1.^a Principios comúns dos procedementos de autorización ambiental integrada.

- Artigo 6. Alcance da autorización ambiental integrada.
- Artigo 7. Informe urbanístico do concello.
- Artigo 8. Contido da solicitude da autorización ambiental integrada
- Artigo 9. Tramitación da autorización ambiental integrada cando o funcionamento da instalación implique a realización de verteduras ás augas continentais de bacías xestionadas pola Administración xeral do Estado.
- Artigo 10. Contido da autorización ambiental integrada
- Artigo 11. Comunicación da autorización ambiental integrada ao organismo de bacía.
- Artigo 12. Inicio da actividade.
- Artigo 13. Cesamento temporal da actividade e feche da instalación.

Sección 2.^a Procedemento simplificado de modificación substancial e de revisión da autorización ambiental integrada.

- Artigo 14. Criterios de modificación substancial.
- Artigo 15. Procedemento simplificado de modificación substancial da autorización.
- Artigo 16. Procedemento de revisión da autorización ambiental integrada.

Sección 3.^a Coordinación cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia estatal.

- Artigo 17. Ámbito de aplicación do procedemento de coordinación.
- Artigo 18. Presentación de solicitudes.
- Artigo 19. Trámite conxunto de información pública e consulta ás administracións públicas.
- Artigo 20. Formulación da declaración de impacto ambiental.

Capítulo III. Inspección e control.

- Artigo 21. Sistemas de inspección ambiental.
- Artigo 22. Labor de inspección ambiental.
- Artigo 23. Planificación da inspección ambiental.
- Artigo 24. Documentación do labor inspector, a súa notificación e publicidade.
- Artigo 25. Medidas provisionais.

Capítulo IV. Disposicións especiais para as instalacións de incineración e co-incineración de residuos.

- Artigo 26. Ámbito de aplicación.
- Artigo 27. Autorización das instalacións.
- Artigo 28. Solicitude de autorización.

- Artigo 29. Contido das autorizacións.
- Artigo 30. Entrega e recepción dos residuos.
- Artigo 31. Condicións de deseño, equipamento, construción e explotación.
- Artigo 32. Autorización para cambiar as condicións de explotación.
- Artigo 33. Valores límite de emisión á atmosfera.
- Artigo 34. Valores límite de emisión ás augas.
- Artigo 35. Residuos da incineración.
- Artigo 36. Medicións.
- Artigo 37. Periodicidade das medicións á atmosfera e cumprimento dos valores límite de emisión.
- Artigo 38. Periodicidade das medicións das emisións á auga e cumprimento dos valores límite de emisión.
- Artigo 39. Condicións anormais de funcionamento.
- Artigo 40. Verificación do valor de eficiencia enerxética das instalacións de incineración de residuos domésticos.
- Artigo 41. Presentación de informes e información ao público sobre instalacións de incineración e co-incineración de residuos.

Capítulo V. Disposicións especiais para as grandes instalacións de combustión.

- Artigo 42. Ámbito de aplicación.
- Artigo 43. Normas de adición.
- Artigo 44. Valores límite de emisión.
- Artigo 45. Índice de desulfuración.
- Artigo 46. Plan nacional transitorio.
- Artigo 47. Exención por vida útil limitada.
- Artigo 48. Pequenas redes illadas.
- Artigo 49. Instalacións de calefacción urbana.
- Artigo 50. Almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.
- Artigo 51. Procedementos relativos ao mal funcionamento ou avaría do equipamento de redución de emisións.
- Artigo 52. Control das emisións á atmosfera.
- Artigo 53. Cumprimento dos valores límite de emisión.
- Artigo 54. Instalacións de combustión con caldeira mixta.
- Artigo 55. Comunicación de información á Comisión Europea.

Capítulo VI. Disposicións especiais para as instalacións de produción de dióxido de titanio.

- Artigo 56. Ámbito de aplicación.
- Artigo 57. Prohibición da eliminación de residuos.
- Artigo 58. Control das emisións á auga.
- Artigo 59. Prevención e control das emisións á atmosfera.
- Artigo 60. Control das emisións.

Anexo 1. Categorias de actividades e instalacións incluídas no artigo 2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

Anexo 2. Disposicións técnicas para as instalacións de incineración ou co-incineración.

- Parte 1. Factores de equivalencia para as dibenzoparadioxinas e os dibenzofuranos.
- Parte 2. Determinación dos valores límite de emisión á atmosfera para a co-incineración de residuos.
- Parte 3. Técnicas de medición.
- Parte 4. Valores límite de emisión para verteduras de augas residuais procedentes da depuración de gases de escape.

Parte 5. Valores límite de emisión á atmosfera para as instalacións de incineración de residuos.

Parte 6. Fórmula para calcular a concentración corrixida de emisións de contaminantes en función do contido de oxíxeno, de acordo co artigo 37.

Anexo 3. Disposicións técnicas para as grandes instalacións de combustión.

Parte 1. Valores límite de emisión para as instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.2.

Parte 2. Valores límite de emisión para as instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.3.

Parte 3. Control das emisións.

Parte 4. Avaliación do cumprimento dos valores límite de emisión.

Parte 5. Índice mínimo de desulfuración.

Parte 6. Cumprimento do índice de desulfuración.

Parte 7. Valores límite de emisión medios das instalacións de combustión equipadas con caldeira mixta situadas nunha refinaría.

Anexo 4. Disposicións técnicas respecto ás instalacións que producen dióxido de titanio.

Parte 1. Valores límite de emisión para as verteduras á auga.

Parte 2. Valores límite de emisión ao aire.

Parte 3. Control de emisións.

Anexo 5.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento ten por obxecto desenvolver e executar a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, así como establecer o réxime xurídico aplicable ás emisións industriais, co fin de alcanzar unha elevada protección do ambiente no seu conxunto. Así mesmo, establece as disposicións para evitar e, cando isto non for posible, reducir a contaminación provocada polas instalacións do anexo 1, en particular as de incineración e co-incineración de residuos, as grandes instalacións de combustión e as instalacións que producen dióxido de titanio.

2. Este regulamento será aplicable ás instalacións de titularidade pública ou privada en que se desenvolva algunha das actividades industriais incluídas nas categorías enumeradas no anexo 1 e que, se for o caso, alcancen os limiares de capacidade establecidos nel, exceptuando as instalacións ou partes delas utilizadas para a investigación, desenvolvemento e experimentación de novos produtos e procesos.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste regulamento entenderase por:

1. «Aves de curral»: as aves de curral tal como se definen no artigo 2.4 do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen condicións de sanidade animal aplicables aos intercambios comunitarios e ás importacións de aves de curral e de ovos para incubar, procedentes de países terceiros.

2. «Biomasa»: calquera dos seguintes produtos:

a) Os produtos compostos por unha materia vexetal de orixe agrícola ou forestal que poidan ser utilizados como combustible para valorizar o seu contido enerxético.

- b) Os seguintes residuos:
- 1.º Residuos vexetais de orixe agrícola e forestal;
 - 2.º residuos vexetais procedentes da industria de elaboración de alimentos, se se recupera a calor xerada;
 - 3.º residuos vexetais fibrosos procedentes da produción de polpa virxe e da produción de papel a partir da polpa, se se coincineran no lugar de produción e se recupera a calor xerada;
 - 4.º residuos de cortiza; e
 - 5.º residuos de madeira, excepto aqueles que poidan conter compostos organohaloxenados ou metais pesados como consecuencia dalgún tipo de tratamento con substancias protectoras da madeira ou de revestimento e que inclúen, en particular, os residuos de madeira procedentes de residuos da construción e derrubas.
3. «Capacidade nominal dunha instalación de incineración ou coincineración»: a cantidade máxima de residuos que poden ser incinerados por hora que reflecta a suma das capacidades de incineración dos fornos que compoñen a instalación de incineración de residuos ou a instalación de coincineración de residuos, especificadas polo construtor e confirmadas polo titular, tendo debidamente en conta, en particular, o valor calorífico dos residuos, que deberá expresarse tanto en fluxos masa referidos aos residuos como en fluxos enerxéticos.
4. «Cheminea»: estrutura que conteña unha ou máis saídas de fumes que actúen de condutos para os gases residuais co fin de expulsalos á atmosfera.
5. «Combustible»: calquera materia combustible sólida, líquida ou gasosa.
6. «Combustible determinante nunha instalación de combustión»: o combustible que, de acordo co anexo 3, parte 1, teña o valor límite de emisión máis alto ou, en caso de que distintos combustibles teñan o mesmo valor límite de emisión, o que teña a maior potencia térmica, entre todos os combustibles utilizados nunha instalación de combustión equipada con caldeira mixta que utilice os residuos de destilación e de conversión da refinación de petróleo, sós ou con outros combustibles.
7. «Combustible sólido nacional»: o combustible sólido natural utilizado nunha instalación de combustión deseñada especialmente para ese combustible, que é extraído e utilizado localmente.
8. «Composto orgánico»: todo composto que conteña ao menos o elemento carbono e un ou máis dos seguintes: hidróxeno, halóxenos, oxíxeno, xofre, fósforo, silicio ou nitróxeno, salvo os óxidos de carbono e os carbonatos e bicarbonatos inorgánicos.
9. «Dioxinas e furanos»: todas as dibenzoparadioxinas e dibenzofuranos policlorados enumerados no anexo 2, parte 1.
10. «Xestor de residuos»: calquera persoa ou entidade, pública ou privada, definida nos termos previstos no artigo 3.n) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
11. «Horas de funcionamento dunha instalación de combustión»: o tempo, expresado en horas, durante o cal unha instalación de combustión, no seu conxunto ou en parte, funcione e expulse emisións á atmosfera, excepto os períodos de arrincada e de parada.
12. «Índice de desulfuración dunha instalación de combustión»: a proporción, durante un período determinado, entre a cantidade de xofre non emitida á atmosfera por unha instalación de combustión e a cantidade de xofre que conteña o combustible sólido que se introduza nas instalacións de combustión e se utilice alí durante o mesmo período de tempo.
13. «Inspectores ambientais»: funcionarios da Administración con competencias en materia de ambiente que realizan inspeccións ambientais. No exercicio das súas funcións gozarán da condición de axentes da autoridade.
14. «Instalación de coincineración de residuos»: toda instalación fixa ou móbil cuxa finalidade principal sexa a xeración de enerxía ou a fabricación de produtos materiais e que, ou ben utilice residuos como combustible habitual ou complementario, ou ben os

residuos reciban nela tratamento térmico para a súa eliminación mediante a incineración por oxidación dos residuos, así como por outros procesos de tratamento térmico, se as substancias resultantes do tratamento se incineran a seguir, tales como pirólise, gasificación e proceso de plasma.

15. «Instalación de combustión»: calquera dispositivo técnico en que se oxiden produtos combustibles a fin de utilizar a calor así producida.

16. «Instalación de combustión con caldeira mixta»: calquera instalación de combustión que poida alimentarse simultánea ou alternativamente con dous ou máis tipos de combustible.

17. «Instalación de incineración de residuos»: calquera unidade técnica ou equipamento, fixo ou móbil, dedicado ao tratamento térmico de residuos con ou sen recuperación da calor producida pola combustión, mediante a incineración por oxidación de residuos, así como outros procesos de tratamento térmico, se as substancias resultantes do tratamento se incineran a seguir, tales como pirólise, gasificación e proceso de plasma.

18. «Instalación de incineración de residuos existente»: calquera das seguintes instalacións de incineración de residuos:

a) As que estaban en funcionamento e contaban cunha autorización de conformidade coa lexislación comunitaria aplicable antes do 28 de decembro de 2002;

b) as que estaban autorizadas ou rexistradas para efectos de incineración de residuos e contaban cunha autorización concedida antes do 28 de decembro de 2002 de conformidade coa lexislación comunitaria aplicable, sempre que a instalación se puxese en funcionamento o máis tardar o 28 de decembro de 2003, e

c) as que, a xuízo do órgano competente, presentasen a solicitude completa de autorización antes do 28 de decembro de 2002, sempre que a instalación se puxese en funcionamento o máis tardar o 28 de decembro de 2004.

19. «Instalación de incineración de residuos nova»: calquera instalación de incineración de residuos non incluída no número 18 deste artigo.

20. «Motor diésel»: motor de combustión interna que funciona aplicando o ciclo diésel e utiliza acendemento por compresión para queimar combustible.

21. «Motor de gas»: motor de combustión interna que funciona aplicando o ciclo Otto e utiliza acendemento por faísca ou, en caso de motores de dous combustibles, acendemento por compresión para queimar combustible.

22. «Pequena rede illada»: calquera rede que tivese en 1996 un consumo inferior a 3.000 GWh e que obteña unha cantidade inferior ao 5 % do seu consumo anual mediante interconexión con outras redes.

23. «Plan de inspección ambiental»: o conxunto de obxectivos e actuacións definidos polas autoridades de inspección, ao longo dun determinado período de tempo, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola lexislación ambiental aplicable.

24. «Recubrimento»: recubrimento tal como se define no artigo 2 do Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades.

25. «Residuo»: calquera residuo tal como se define no artigo 3.a) da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

26. «Residuos domésticos mesturados»: os residuos domésticos tal e como se definen no artigo 3.b) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, dos cales quedan excluídas as fraccións que se recollen por separado a que se refire a partida 20 01 do anexo da Decisión 2000/532/CE, do 3 de maio de 2000, pola que se establece unha lista de residuos, de conformidade co artigo 1.a) da Directiva 75/442/CEE do Consello, relativa aos residuos e de residuos perigosos, e excluindo os demais residuos a que se refire a partida 20 02 do mesmo anexo.

27. «Residuos da incineración»: calquera residuo líquido ou sólido xerado por unha instalación de incineración de residuos ou unha instalación de coincineración de residuos.

28. «Residuo perigoso»: calquera residuo perigoso tal como se define no artigo 3.e) da Lei 22/2011, do 28 de xullo.

29. «Sistema de inspección ambiental»: o conxunto suficiente e adecuado de medios persoais e materiais dependentes dos órganos competentes para realizar con eficacia os labores de control e inspección, así como do exercicio da potestade sancionadora para garantir un adecuado nivel de comprobación do cumprimento ambiental, de acordo co previsto no artigo 29 da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

30. «Turbina de gas»: calquera máquina rotativa que converta a enerxía térmica en traballo mecánico, constituída fundamentalmente por un compresor, un dispositivo térmico no cal se oxida o combustible para quentar o fluído motor e unha turbina.

Artigo 3. *Técnicas emerxentes.*

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, cando proceda, fomentarán o desenvolvemento e a aplicación das técnicas emerxentes, en particular as mencionadas nos documentos de referencia de mellores técnicas dispoñibles (MTD).

Artigo 4. *Tramitación electrónica.*

Impulsarase a tramitación das obrigacións de información e os procedementos que deriven desta norma por vía electrónica. As administracións públicas promoverán que se habiliten os medios necesarios para facer efectiva esta vía.

Artigo 5. *Réxime sancionador.*

O incumprimento das disposicións contidas neste regulamento sancionárase de acordo co previsto no título IV da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

CAPÍTULO II

Autorización ambiental integrada

Sección 1.ª Principios comúns dos procedementos de autorización ambiental integrada

Artigo 6. *Alcance da autorización ambiental integrada.*

1. A autorización ambiental integrada incluírá todas as actividades enumeradas no anexo 1 que se realicen na instalación e aquelas outras actividades que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que se desenvolvan no lugar onde está a instalación que realiza unha actividade do anexo 1,
- b) que garden unha relación de índole técnica coa actividade do anexo 1, e
- c) que poidan ter repercusións sobre as emisións e a contaminación que se vaia ocasionar.

2. En caso de que unha autorización ambiental integrada sexa válida para varias instalacións ou partes dunha instalación explotada por diferentes titulares, deberá delimitarse na autorización o alcance da responsabilidade de cada un deles. Tal responsabilidade será solidaria, salvo que as partes acorden o contrario.

3. Se na autorización ambiental integrada se inclúen varios procesos ou varias actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera, poderase considerar un foco virtual, sumatorio ponderado de todos os focos atmosféricos, que permita establecer valores límite de emisión globais para cada un dos contaminantes xerados, sempre que se garanta un nivel de protección ambiental equivalente á utilización de valores límite de emisión individuais.

Artigo 7. Informe urbanístico do concello.

1. O informe urbanístico regulado no artigo 15 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, é independente da licenza de obras ou de calquera outro medio de intervención exixible polo concello.

2. As cuestións que deberá valorar versarán exclusivamente sobre a conformidade do proxecto coa normativa urbanística aplicable en relación coa parcela onde estea ou vaia estar situada a instalación no momento da solicitude.

Artigo 8. Contido da solicitude da autorización ambiental integrada.

1. Para efectos do establecido no artigo 12.1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, na solicitude da autorización ambiental integrada deberá figurar:

a) A identidade do titular da instalación tal como se define no artigo 3.7 da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

b) A identificación de cada un dos focos de emisión de contaminantes atmosféricos, de acordo co Catálogo de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera recollido no anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.

c) A documentación técnica necesaria para poder determinar as medidas relativas ás condicións de explotación en situacións distintas ás normais que poidan afectar o ambiente, previstas no artigo 22.1.f) da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

2. Cando a solicitude da autorización comprenda varias instalacións ou partes dunha instalación con diferentes titulares, salvo que nesta se indique quen é o representante, as actuacións administrativas realizaranse co titular que presentou a solicitude.

Artigo 9. Tramitación da autorización ambiental integrada cando o funcionamento da instalación implique a realización de verteduras ás augas continentais de bacías xestionadas pola Administración xeral do Estado.

1. Cando o funcionamento da instalación implique a realización de verteduras ás augas continentais de bacías xestionadas pola Administración xeral do Estado, o titular presentará ante o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada a documentación exixida pola lexislación de augas para a autorización de verteduras ás augas continentais.

Para isto utilizará os modelos oficiais establecidos por orde ministerial que aprobe o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

2. Cando o órgano competente reciba a documentación mencionada no número anterior, remitiraa ao organismo de bacía no prazo de cinco días, para que no prazo de dez días desde a entrada da documentación no seu rexistro informe acerca de se esta debe completarse, e en caso contrario continuaranse as actuacións.

3. O órgano competente, unha vez examinado o resto da documentación presentada polo titular e recibido o informe anterior, no prazo de cinco días requirirá o titular da instalación para que, se for o caso, emende a falta ou xunte a documentación preceptiva no prazo de dez días, con indicación de que, se así non o o fixer, se terá por desistido da súa petición.

4. Presentada a documentación completa, o órgano competente:

a) Someteraa a información pública por un prazo mínimo de vinte días e máximo de trinta, e

b) remitiraa ao organismo de bacía para que elabore o informe mencionado no artigo 19 da Lei 16/2002, do 1 de xullo. O informe conterá, ao menos, os datos exixidos para as autorizacións de vertedura nos artigos 251 e 259 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

Non será preciso este informe cando o titular declare vertedura cero, sen prexuízo do establecido no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas.

5. Finalizado o trámite de información pública, o órgano competente remitirá no prazo de cinco días:

a) Ao concello en cuxo territorio se encontre a instalación, o expediente completo, incluídas todas as alegacións e observacións recibidas, para que elabore o informe mencionado no artigo 18 da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

b) Ao organismo de bacía, unha copia das alegacións e observacións recibidas para a súa consideración.

c) Ao resto de órganos que deban informar sobre as materias da súa competencia, unha copia do expediente completo xunto coas alegacións e observacións recibidas.

6. Recibidos os informes anteriores, o órgano competente, despois de realizar unha avaliación ambiental do proxecto no seu conxunto, dará audiencia ao solicitante da autorización.

7. Finalizado o trámite de audiencia, a autoridade competente redactará unha proposta de resolución.

Se se tiveren realizado alegacións, trasladaranse xunto coa proposta de resolución aos órganos citados no número 5 para que, no prazo máximo de quince días, manifesten o que consideren conveniente.

8. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada ditará a resolución que poña fin ao procedemento no prazo máximo de nove meses.

Transcorrido o prazo máximo de nove meses sen se ter notificado resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude presentada.

Artigo 10. *Contido da autorización ambiental integrada.*

1. A autorización ambiental integrada deberá conter, como mínimo, o establecido no artigo 22 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e, se for o caso, o número de xestor e produtor de residuos correspondente á instalación ou instalacións, ou partes da instalación de que se trate e a relación de focos de emisión atmosférica catalogados de acordo co anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro.

O órgano competente deberá ter en conta a lexislación sobre eficiencia enerxética e as obrigacións que dela derivan.

2. Os requisitos de control de emisións mencionados no artigo 22.1.e) da Lei 16/2002, do 1 de xullo, basearanse, se for o caso, nas conclusións sobre monitorización recollidas nas conclusións relativas ás MTD, e a súa frecuencia de medición periódica será fixada polo órgano competente na autorización para cada instalación ou ben no nivel sectorial na correspondente normativa aplicable a cada un dos sectores industriais. Non obstante, o control periódico efectuarase como mínimo cada cinco anos para as augas subterráneas e cada dez anos para o solo, a menos que o dito control se basee nunha avaliación sistemática do risco de contaminación.

O órgano competente remitirá aos organismos de bacía, no caso de bacías xestionadas pola Administración xeral do Estado, os resultados do control periódico das augas subterráneas referidas no parágrafo anterior.

3. O órgano competente deberá ter en conta que, para as instalacións certificadas mediante o sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS), o cumprimento das obrigacións de control derivadas deste sistema pode servir para o efectivo cumprimento das obrigacións de control que deriven deste regulamento, así como da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

4. Para as instalacións destinadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos da epígrafe 9.3 do anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, os órganos competentes, de acordo co establecido no seu artigo 22.1.a), poderán exixir en substitución de valores límite de emisión a utilización de MTD que garantan un nivel de protección equivalente do ambiente.

Ademais, o órgano competente deberá ter en conta a lexislación sobre benestar animal á hora de fixar as condicións da autorización ambiental integrada, e cando nela se establezan prescricións sobre xestión e control de residuos deberán terse en conta as consideracións prácticas de tales actividades, tendo en conta os custos e as vantaxes das medidas que se vaian adoptar.

Artigo 11. *Comunicación da autorización ambiental integrada ao organismo de bacía.*

Cando a autorización ambiental integrada se refira a unha actividade que implique a realización de verteduras, o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada remitirá ao organismo de bacía unha copia completa da resolución para cooperar no correcto mantemento e actualización do censo nacional de verteduras, de acordo co establecido no artigo 254.3 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Artigo 12. *Inicio da actividade.*

1. Unha vez outorgada a autorización ambiental integrada, o titular disporá dun prazo de cinco anos para iniciar a actividade, salvo que na autorización se estableza un prazo distinto.

2. Sen prexuízo das normas adicionais de protección ambiental que establezan as comunidades autónomas, a instalación non poderá iniciar a súa actividade sen que o titular presente unha declaración responsable, de conformidade co artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, indicando a data de inicio da actividade e o cumprimento das condicións fixadas na autorización.

3. Unha vez iniciada a actividade, o órgano competente realizará unha visita de inspección de acordo coas prescricións establecidas no capítulo III. Todo isto é sen prexuízo da responsabilidade ambiental do operador que poida exixírselle ao abeiro da Lei 27/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

Artigo 13. *Cesamento temporal da actividade e feche da instalación.*

1. O titular da autorización ambiental integrada deberá presentar unha comunicación previa ao cesamento temporal da actividade ante a autoridade competente que outorgou a autorización. En caso de ter varias actividades autorizadas, indicará en cal delas se produce aquel.

A duración do cesamento temporal da actividade non poderá superar os dous anos desde a súa comunicación.

2. Durante o período en que unha instalación se encontra en cesamento temporal da súa actividade ou actividades, o titular:

a) Deberá cumprir coas condicións establecidas na autorización ambiental integrada en vigor que lle sexan aplicables,

b) poderá restablecer a actividade de acordo coas condicións da autorización, logo de presentación dunha comunicación ao órgano competente, e

c) poderá realizar o cambio de titularidade da instalación ou actividade logo de comunicación ao órgano competente; o novo titular continuará nas mesmas condicións da autorización ambiental integrada en vigor, de maneira que non será considerada como nova instalación.

3. Transcorridos dous anos desde a comunicación do cesamento temporal sen que o titular restablecese a actividade ou actividades, o órgano competente comunicarlle que dispón dun mes para demostrar o reinicio da actividade. No suposto de non se reiniciar a actividade, procederase de conformidade co seguinte:

a) Se na instalación se levan a cabo varias actividades e o cesamento temporal non afecta todas elas, o órgano competente notificará ao titular a modificación da autorización ambiental integrada, que se tramitará de acordo coa normativa autonómica aplicable. A

resolución notificárase ao organismo de bacía cando a actividade implique a realización de verteduras.

Cando o cesamento da actividade supoña unha diminución probada da capacidade da instalación, de forma que quede por baixo dos limiares do anexo 1, esta causará baixa no inventario de instalacións do artigo 8.2 a) da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e o órgano competente comunicárase ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

b) Se na instalación se levan a cabo varias actividades e o cesamento temporal afecta todas elas, procederáase ao feche da instalación, de acordo co disposto no número seguinte.

4. En caso de feche dunha ou varias das instalacións incluídas nunha mesma autorización ambiental integrada, o órgano competente realizará unha verificación do cumprimento das condicións relativas ao seu feche establecidas na autorización, de acordo coas prescricións mínimas establecidas no artigo 22 bis da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

Cando a verificación resulte positiva, o órgano competente ditará resolución autorizando o feche da instalación ou instalacións e modificando a autorización ambiental integrada ou, se for o caso, extingúndoa.

No caso de bacías xestionadas pola Administración xeral do Estado, o órgano competente remitirá a citada resolución ao organismo de bacía.

5. O feche da instalación causará baixa no inventario de instalacións regulado no artigo 8.2.a) da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e o órgano competente comunicárase ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

Sección 2.^a Procedemento simplificado de modificación substancial e de revisión da autorización ambiental integrada

Artigo 14. Criterios de modificación substancial.

1. Para efectos do establecido no artigo 10.4 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, considerarase que se produce unha modificación substancial na instalación cando, en condicións normais de funcionamento, se pretenda introducir un cambio non previsto na autorización ambiental integrada orixinalmente outorgada que afecte as características, os procesos produtivos, o funcionamento ou a extensión da instalación que represente unha maior incidencia sobre a seguranza, a saúde das persoas e o ambiente e conorra calquera dos seguintes criterios:

a) Calquera ampliación ou modificación que alcance, por si soa, os limiares de capacidade establecidos, cando estes existan, no anexo 1, ou se debe ser sometida ao procedemento de avaliación de impacto ambiental de acordo coa normativa sobre esta materia.

b) Un incremento de máis do 50 % da capacidade de produción da instalación en unidades de produto ou servizo.

c) Un incremento superior ao 50 % das cantidades autorizadas no consumo de auga, materias primas ou enerxía.

d) Un incremento superior ao 25 % da emisión máscica de calquera dos contaminantes atmosféricos que figuren na autorización ambiental integrada ou do total das emisións atmosféricas producidas en cada un dos focos emisores.

e) Un incremento da emisión máscica ou da concentración de verteduras de calquera dos contaminantes ou do caudal de vertedura que figure na autorización ambiental integrada, así como a introdución de novos contaminantes en cantidades significativas.

f) A incorporación ao proceso de substancias ou preparados perigosos non previstos na autorización orixinal, ou o incremento destes, sempre que, como consecuencia disto, sexa preciso elaborar ou revisar o informe de seguranza ou os plans de emerxencia regulados no Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas.

g) Un incremento na xeración de residuos perigosos de máis de 10 toneladas ao ano sempre que se produza unha modificación estrutural do proceso e un incremento de máis do 25 % do total de residuos perigosos xerados calculados sobre a cantidade máxima de produción de residuos perigosos autorizada.

h) Un incremento na xeración de residuos non perigosos de máis de 50 toneladas ao ano sempre que represente máis do 50 % de residuos non perigosos, incluídos os residuos inertes, calculados sobre a cantidade máxima de produción de residuos autorizada.

i) O cambio no funcionamento dunha instalación de incineración ou co-incineración de residuos dedicada unicamente ao tratamento de residuos non perigosos que a transforme nunha instalación que conduza á incineración ou co-incineración de residuos perigosos e que estea incluída no anexo 1, epígrafe 5.2.

j) Unha modificación no punto de vertedura que implique un cambio na masa de auga superficial ou subterránea para a cal foi autorizado.

2. A enumeración dos criterios cuantitativos e cualitativos sinalados no número anterior ten carácter non limitativo. En calquera caso, o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada poderá fixar criterios máis restritivos en determinados casos que deriven das circunstancias concretas da modificación que se pretenda introducir.

3. Se nunha instalación se levan a cabo sucesivas modificacións non substanciais antes da actualización da autorización ambiental integrada ou durante o período que media entre as súas revisións, considerarase como modificación substancial a suma de dúas ou máis non substanciais que cumpran algún dos criterios do número 1.

4. Se se solicita unha modificación substancial con posterioridade a outra ou outras non substanciais, antes da actualización da autorización ambiental integrada ou durante o período que media entre as súas revisións deberán examinarse conxuntamente todas as modificacións non substanciais previas xunto coa substancial que se pretenda. Unha vez realizado o exame, poderá procederse á modificación da autorización.

Artigo 15. *Procedemento simplificado de modificación substancial da autorización.*

O procedemento simplificado para a modificación substancial previsto no artigo 10.3 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, realizarase de acordo cos seguintes trámites:

1. A solicitude de modificación substancial conterá, ao menos, a seguinte documentación:

a) Un proxecto básico que inclúa, segundo corresponda:

1.º A parte ou partes da instalación afectada pola modificación.

2.º O estado ambiental do lugar en que se encontra a instalación e os posibles impactos que se prevexan coa modificación substancial que se pretende, abrangendo aqueles que poidan orixinarse ao cesar a explotación.

3.º Medidas previstas para controlar as emisións ao ambiente.

b) A documentación exixida pola normativa de augas, de acordo co disposto no artigo 9 deste regulamento e no artigo 12.1.c) da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

c) Aquela documentación que conteña os datos que permitan comparar o funcionamento e as emisións da instalación cos niveis de emisión asociados ás mellores técnicas dispoñibles descritos nas conclusións sobre as MTD.

d) A determinación dos datos que, a xuízo do solicitante, gocen de confidencialidade de acordo coa normativa vixente.

e) Calquera outra información e documentación acreditativa do cumprimento de requisitos establecidos na lexislación aplicable, incluída, se for o caso, a referida a fianzas ou seguros obrigatorios que sexan exixibles.

2. Na solicitude non se xuntará o informe urbanístico do concello previsto no artigo 7, salvo que se varíen as circunstancias urbanísticas sobre as cales se emitiu informe; tampouco se deberá presentar aqueloutra documentación referida a feitos, situacións e demais circunstancias e características técnicas da instalación, do proceso produtivo e do lugar en que se encontre, que xa tivese sido presentada ao órgano competente con motivo da solicitude de autorización orixinal.

3. Unha vez recibida a solicitude de modificación substancial, o órgano competente requirirá, se for o caso, o titular no prazo de cinco días para que emende a falta ou entregue a documentación necesaria no prazo máximo de dez días, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición.

4. Se a modificación implica que as características das verteduras ás augas continentais de bacías xestionadas pola Administración xeral do Estado son diferentes ás previstas na autorización ambiental integrada orixinal, o órgano competente remitirá ao organismo de bacía, no prazo de cinco días, a documentación prevista no artigo 9.1, para que no prazo de dez días desde a entrada da documentación no seu rexistro se informe sobre se a documentación presentada debe emendarse; en caso contrario, continuarase as actuacións.

O órgano competente, unha vez examinado o resto da documentación presentada polo titular e recibido o informe anterior, no prazo de cinco días, requirirá o titular da instalación para que, se for o caso, emende a falta ou xunte a documentación preceptiva no prazo de dez días, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición.

5. Presentada a documentación completa, o órgano competente:

- a) Someteraa a información pública por un prazo non inferior a vinte días, e
- b) remitiraa ao organismo de bacía para que elabore o informe mencionado no artigo 19 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, no prazo máximo de catro meses, desde a data de entrada no rexistro da correspondente confederación. O informe conterá, ao menos, os datos exixidos para as autorizacións de vertedura nos artigos 251 e 259 do Regulamento de dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.

Non será necesario este informe cando o titular declare vertedura cero, sen prexuízo do establecido no Real decreto 1620/2007, do 7 de decembro, polo que se establece o réxime xurídico da reutilización das augas depuradas.

6. Finalizado o trámite de información pública, o órgano competente remitirá no prazo de tres días:

- a) Ao concello en cuxo territorio se encontre a instalación, o expediente completo xunto coas alegacións e observacións recibidas, para que elabore o informe mencionado no artigo 18 da Lei 16/2002, do 1 de xullo.
- b) Ao organismo de bacía, unha copia das alegacións e observacións recibidas para a súa consideración.
- c) Ao resto de órganos que deban informar sobre as materias da súa competencia, unha copia do expediente completo xunto coas alegacións e observacións recibidas.

7. Recibidos os informes anteriores, o órgano competente, despois de realizar unha avaliación ambiental do proxecto no seu conxunto, efectuará o trámite de audiencia ao solicitante da autorización.

8. Finalizado o trámite de audiencia, a autoridade competente redactará unha proposta de resolución.

Se se realizasen alegacións, trasladaranse xunto coa proposta de resolución aos órganos citados no número 6, para que no prazo máximo de dez días manifesten o que consideren conveniente.

9. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada ditará a resolución que poña fin ao procedemento no prazo máximo de seis meses.

Transcorrido o prazo máximo de seis meses sen se ter notificado resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude presentada.

10. A modificación substancial da instalación non afectará a vixencia doutras autorizacións ou concesións e licenzas que se exixisen, as cales se regularán de conformidade co establecido na normativa que resulte de aplicación.

11. Despois da resolución da modificación substancial, a parte ou partes afectadas por ela poderán iniciar a súa posta en funcionamento nos termos previstos no artigo 12.

12. Nos supostos en que a instalación requira algún dos medios de intervención administrativa definida no artigo 3.2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, o procedemento para a modificación substancial será o previsto na sección 3.^a e a solicitude conterá, ademais da documentación do punto primeiro, o estudo de impacto ambiental e restante documentación exixida pola lexislación que resulte de aplicación.

Artigo 16. *Procedemento de revisión da autorización ambiental integrada.*

1. De conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada solicitará previamente aos órganos que deban pronunciarse sobre as diferentes materias ambientais da súa competencia que, no prazo de dez días, indiquen que documentación consideran necesario revisar.

Así mesmo, se o organismo de bacía considera que existen circunstancias que xustifican a revisión da autorización ambiental integrada, de conformidade co disposto no artigo 25.4.d) da Lei 16/2002, do 1 de xullo, solicitará ao órgano competente para outorgar a autorización que inicie os tramites previstos nos números seguintes.

2. Recibidos os pronunciamentos anteriores, o órgano competente requirirá o titular da autorización para que, no prazo de quince días, presente a dita documentación incluíndo, se for o caso, os resultados do control das emisións e outros datos que permitan unha comparación do funcionamento da instalación coas mellores técnicas dispoñibles descritas nas conclusións relativas ás MTD aplicables e cos niveis de emisión asociados a elas.

3. En ningún caso deberá presentar aquela documentación referida a feitos, situacións e demais circunstancias e características técnicas da instalación, do proceso produtivo e da localización que xa tivese presentado ao órgano competente con motivo da solicitude de autorización orixinal.

4. A seguir proseguirase cos trámites previstos no artigo 15, números do 3 ao 11.

Sección 3.^a Coordinación cos procedementos de avaliación de impacto ambiental e outros medios de intervención administrativa de competencia estatal

Artigo 17. *Ámbito de aplicación do procedemento de coordinación.*

1. O procedemento de coordinación establecido nesta sección aplicarase ás instalacións que requiran os medios de intervención administrativa da Administración xeral do Estado enunciados no artigo 3.2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e ademais requiran unha avaliación de impacto ambiental de conformidade co establecido no texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro.

Os documentos que sexan comúns para varios dos procedementos mencionados presentaranse só unha vez, sempre que inclúan todos os requisitos previstos nas distintas normas aplicables.

2. Para os efectos desta sección entenderase por «órgano substantivo» e «órgano ambiental» os definidos, respectivamente, nos números 2 e 3 do artigo 2 do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Así mesmo, o «titular da instalación» será o «promotor do proxecto», de acordo co artigo 2.4 do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Artigo 18. *Presentación de solicitudes.*

1. O titular da instalación presentará ante o órgano substantivo:

- a) A solicitude da autorización substantiva, a declaración responsable ou a comunicación previa, segundo proceda, acompañadas en cada caso da documentación exixida conforme a normativa sectorial, e
- b) a solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental acompañada do documento inicial do proxecto mencionado no artigo 6 do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

O órgano substantivo remitirá a documentación mencionada na alínea b) ao órgano ambiental para que determine o alcance do estudo de impacto ambiental, de acordo co artigo 8 do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

2. O titular da instalación presentará ante o órgano competente da comunidade autónoma a solicitude de autorización ambiental integrada, incluído o estudo de impacto ambiental.

Artigo 19. *Trámite conxunto de información pública e consulta ás administracións públicas.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma remitirá copia do expediente de solicitude da autorización ambiental integrada ao órgano substantivo para que, no prazo de dez días, realice o trámite de información pública e de consulta ás administracións públicas e ás persoas interesadas. Este trámite será único para os procedementos de avaliación de impacto ambiental e para o outorgamento de autorización ambiental integrada, e terá unha duración non inferior a trinta días.

En canto non se reciba o dito expediente, o órgano substantivo suspenderá o cómputo do prazo para o outorgamento da autorización substantiva.

2. Finalizado o trámite de información pública e de consulta, o órgano substantivo, no prazo de cinco días, remitirá o expediente, xunto coas alegacións e observacións recibidas, ao órgano competente da comunidade autónoma para outorgar a autorización ambiental integrada.

3. Despois da realización das actuacións reguladas nos números anteriores, o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada, o órgano substantivo e o órgano ambiental continuarán os trámites establecidos na lexislación que resulte, respectivamente, de aplicación en materia de autorización ambiental integrada, de autorización substantiva ou de avaliación de impacto ambiental.

O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada suspenderá o cómputo do prazo para o outorgamento da dita autorización en canto non reciba a declaración de impacto ambiental.

Artigo 20. *Formulación da declaración de impacto ambiental.*

1. O órgano ambiental remitirá a proposta de declaración de impacto ambiental ao órgano competente da comunidade autónoma para outorgar a autorización ambiental integrada, que poderá formular as observacións que considere pertinentes, no prazo máximo de quince días.

2. Unha vez valoradas as observacións que, se for o caso, se recibisen, o órgano ambiental formulará a declaración de impacto ambiental e remitiraa, no prazo máximo de dez días, ao órgano substantivo e ao órgano da comunidade autónoma para que continúen, respectivamente, coa tramitación do procedemento de autorización substantiva e de autorización ambiental integrada.

CAPÍTULO III

Inspección e control*Artigo 21. Sistemas de inspección ambiental.*

1. De acordo co artigo 29.2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, os órganos competentes para realizar as tarefas de inspección ambiental contarán cun sistema de inspección ambiental para as instalacións incluídas no anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, situadas no seu territorio.

2. O sistema de inspección ambiental incluírá a análise de toda a gama de efectos ambientais relevantes da instalación de que se trate e garantirá un adecuado nivel de comprobación do cumprimento ambiental.

3. As administracións públicas competentes asegurarán a adecuada e suficiente dotación de medios persoais e materiais para os sistemas de inspección ambiental, velando pola aptitude profesional do persoal que os integre e fornecendo os recursos necesarios para a prestación do servizo en condicións de seguranza e eficacia.

Artigo 22. Labor de inspección ambiental.

1. De conformidade co artigo 29.1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, os labores de inspección ambiental nas instalacións onde se desenvolvan as actividades do anexo 1 serán desempeñados por inspectores ambientais.

As entidades designadas, de acordo co artigo 29.1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, poderán exercer actuacións materiais de inspección que non estean reservadas a funcionarios públicos.

2. Os inspectores ambientais serán funcionarios adscritos ao órgano que exerza as competencias en materia de inspección ambiental e, no exercicio das súas funcións, gozarán da condición de axentes da autoridade.

Os inspectores poderán ir acompañados de asesores técnicos, que exercerán un labor meramente consultivo en razón dos seus cofecementos técnicos e en ningún caso terán a condición de axentes da autoridade.

Os asesores técnicos e as entidades designadas estarán debidamente identificados polos órganos competentes e, ademais, deberán gardar segredo respecto dos datos e informacións que coñeceren no exercicio destas funcións.

3. O titular da instalación que sexa obxecto de inspección está obrigado a:

a) Permitir o acceso, aínda sen previo aviso e debidamente identificados, aos inspectores ambientais, aos asesores técnicos e ás entidades designadas do artigo 29.1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, cando vaian acompañados dos inspectores ou cando o titular da instalación non se opoña.

b) Prestar a colaboración necesaria facilitando canta información e documentación lle sexa requirida para o efecto.

c) Prestar asistencia para a realización de toma de mostras ou a práctica de calquera medio de proba.

Nas instalacións de cría intensiva de aves de curral ou de porcos da epígrafe 9.3 do anexo 1, o labor inspector realizarase cumprindo coas limitacións reguladas pola normativa de sanidade animal, tanto no acceso ás instalacións como na realización de toma de mostras ou na práctica de calquera medio de proba.

Artigo 23. Planificación da inspección ambiental.

1. Os órganos competentes para realizar as tarefas de inspección ambiental garantirán que todas as instalacións baixo o ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, estean cubertas por un plan de inspección ambiental que considere a totalidade do ámbito territorial en que estas operen e garantirán que este plan é obxecto de revisión periódica e, cando proceda, actualización.

A periodicidade de revisión e actualización será establecida por cada un dos órganos competentes.

2. O plan de inspección ambiental incluírá o seguinte:

- a) Unha avaliación xeral dos problemas ambientais máis importantes.
- b) A zona xeográfica cuberta polo plan de inspección.
- c) Un rexistro das instalacións cubertas polo plan.
- d) O procedemento para elaborar os programas das inspeccións ambientais indicadas no número 3.
- e) Os procedementos das inspeccións ambientais programadas e non programadas.
- f) Se for o caso, disposicións sobre a cooperación entre os diferentes órganos responsables da inspección e, en particular, entre os organismos de bacía e os órganos competentes para realizar tarefas de inspección das comunidades autónomas.

3. Baseándose nos plans de inspección, os órganos competentes elaborarán regularmente programas de inspección ambiental que inclúan a frecuencia das visitas de inspección aos lugares para os distintos tipos de instalacións, tendo en conta os seguintes parámetros:

- a) De acordo co establecido no artigo 12.3, a visita de inspección a estas instalacións realizarase no prazo dun ano desde o inicio da actividade.
- b) O período entre dúas visitas *in situ* basearase nunha avaliación dos riscos das instalacións correspondentes, e non superará un ano nas instalacións que teñan os riscos máis altos e tres anos nas instalacións que teñan riscos menores.
- c) Se unha inspección fai patente un grave incumprimento das condicións da autorización ambiental integrada, sen prexuízo do réxime sancionador previsto na Lei 16/2002, do 1 de xullo, nun prazo non superior a seis meses realizarase unha visita adicional á instalación.

Os plans e programas deberán pórse á disposición do público, entre outros, por medios electrónicos, sen máis limitacións que as establecidas na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

4. A avaliación sistemática dos riscos ambientais basearase, ao menos, nos seguintes criterios:

- a) O impacto potencial e real das instalacións sobre a saúde humana e o ambiente, tendo en conta os niveis e tipos de emisión, a sensibilidade do ambiente local e o risco de accidente.
- b) O historial de cumprimento das condicións da autorización ambiental integrada.
- c) A participación do titular no sistema da xestión e auditoría ambientais (EMAS), de conformidade co Real decreto 239/2013, do 5 de abril, polo que se establecen as normas para a aplicación do Regulamento (CE) n.º 1221/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), e polo que se derrogan o Regulamento (CE) n.º 761/2001 e as decisións 2001/681/CE e 2006/193/CE da Comisión.

5. As inspeccións ambientais non programadas para investigar denuncias graves sobre aspectos ambientais, accidentes graves e incidentes ambientais e casos de incumprimento das normas efectuaranse o antes posible e, se for o caso, antes do outorgamento, modificación substancial ou revisión dunha autorización ambiental integrada.

Artigo 24. *Documentación do labor inspector, a súa notificación e publicidade.*

1. O resultado da visita *in situ* consignarase na correspondente acta, levantada polo inspector. Os feitos constatados polos funcionarios encargados das tarefas de inspección terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou presentar os propios administrados.

2. As actas de inspección son documentos públicos e deben ir, en todo caso, asinadas polo inspector.

Se na inspección estivo presente o titular, un representante ou un empregado da empresa, daráselle a oportunidade de asinar a acta, que en ningún caso, salvo que aquel queira facer voluntariamente manifestación do contrario, suporá a aceptación de ningún dos feitos nela reflectidas nin das medidas suxeridas como posible solución a un problema constatado polo inspector; así mesmo, facilitaráselle a oportunidade de manifestar na acta canto ao seu dereito conveña e entregaráselle unha copia. Na acta tamén se deixará constancia de calquera incidencia ocorrida durante a súa sinatura e entrega.

3. Despois de cada visita *in situ* os órganos competentes elaborarán un informe sobre a actuación realizada en que incluírán as conclusións relativas ao cumprimento das condicións da autorización ambiental integrada pola instalación, así como respecto a calquera ulterior actuación necesaria.

4. O informe notificarase ao titular nun prazo máximo de dous meses a partir da data en que finalice a visita, para que realice as alegacións que considere convenientes por un prazo de quince días.

A notificación efectuarase sen prexuízo da tramitación, cando proceda, dun procedemento sancionador, o cal deberá contar cun acordo de inicio independente.

5. Os órganos competentes publicarán o informe da actuación realizada nun prazo máximo de catro meses, sen máis limitacións que as establecidas na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

6. En todo caso, as autoridades competentes aseguraranse de que o titular da instalación toma todas as medidas necesarias indicadas no informe regulado no número 3, sen prexuízo do procedemento sancionador que puider proceder.

Artigo 25. *Medidas provisionais.*

1. Iniciado o procedemento sancionador, o órgano competente para resolvelo poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisorio que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que se puider ditar e evitar o mantemento dos riscos ou danos para a saúde humana e o ambiente, e ordenará as medidas indispensables para a súa protección, de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 16/2002, do 1 de xullo.

2. Coa mesma finalidade, nos casos de urxencia e para a protección provisorio dos intereses implicados, poderá adoptar as medidas provisionais imprescindibles con anterioridade á iniciación do procedemento sancionador, cos límites e condicións establecidos no artigo 72.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e demais normativa aplicable, sen que poidan en ningún caso exceder o prazo de quince días.

3. As medidas provisionais adoptaranse baseándose nun xuízo de razoabilidade e escollendo aquela que menos dane a situación xurídica do titular.

CAPÍTULO IV

Disposicións especiais para as instalacións de incineración e coincineración de residuosArtigo 26. *Ámbito de aplicación.*

1. Este capítulo aplicarase ás instalacións de incineración e coincineración de residuos que incineren ou coincineren residuos sólidos ou líquidos, con excepción das seguintes:

a) Instalacións en que só se incineren ou coincineren os seguintes residuos:

1.º Residuos enumerados no artigo 2.2.b).

2.º Residuos radioactivos.

3.º Cadáveres enteiros de animais e partes deles que, pola súa vez, teñan a consideración de subprodutos animais non transformados, de conformidade co establecido no artigo 3.1 do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002, que se terán que incinerar ou coincinerar de acordo co establecido no citado regulamento europeo e na normativa que resulte de aplicación.

4.º Residuos resultantes da exploración e explotación de petróleo e gas en plataformas mariñas incinerados a bordo.

b) Instalacións experimentais utilizadas para a investigación, o desenvolvemento e a realización de probas para mellorar o proceso de incineración e que incineren ou coincineren menos de 50 toneladas de residuos ao ano.

2. Este capítulo non se aplicará ás instalacións de gasificación ou pirólise se os gases resultantes deste tratamento térmico son purificados en tal medida que deixen de ser residuos antes da súa incineración e que poidan causar emisións non superiores ás resultantes da queima de gas natural. Para estes efectos estas instalacións realizarán as medicións correspondentes que así o demostren e porano en coñecemento do órgano competente da comunidade autónoma.

3. Para efectos deste capítulo, as instalacións de incineración de residuos e as instalacións de coincineración de residuos incluírán todas as liñas de incineración ou as de coincineración e as instalacións de recepción, almacenamento e pretratamento *in situ* dos residuos; os sistemas de alimentación de residuos, combustible e aire; a caldeira; as instalacións de tratamento dos gases residuais; as instalacións de tratamento ou almacenamento *in situ* dos residuos da incineración e das augas residuais, e a cheminea; así como os dispositivos e sistemas de control das operacións de incineración ou coincineración, do rexistro e a monitorización das condicións de incineración ou coincineración.

4. En caso de aplicarse procedementos distintos da oxidación, como a pirólise, a gasificación e o proceso de plasma para o tratamento térmico dos residuos, a instalación de incineración ou de coincineración de residuos incluírá tanto o procedemento de tratamento térmico como o de incineración subsecuente.

Se a coincineración de residuos ten lugar de tal maneira que o principal propósito da instalación non sexa a xeración de enerxía ou a produción de produtos materiais senón máis ben o tratamento térmico de residuos, a instalación considerarase como instalación de incineración de residuos.

Artigo 27. *Autorización das instalacións.*

1. As instalacións de incineración e co-incineración de residuos estarán sometidas ao seguinte réxime de autorización:

a) As instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, deberán contar coa autorización ambiental integrada regulada naquela.

b) O resto de instalacións non incluídas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, requirirán as autorizacións exixidas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, así como as exixidas en aplicación da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, sen prexuízo do resto de licenzas ou autorizacións que igualmente sexan exixibles en virtude do establecido noutras disposicións. Do mesmo modo, nestes casos serán exixibles as autorizacións de verteduras ao medio acuático establecidas no texto refundido da Lei de augas, aprobado mediante o Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

2. As autorizacións reguladas neste artigo poderán ser revisadas periodicamente, de conformidade co establecido para o efecto na normativa sobre prevención e control integrados da contaminación ou, se for o caso, na de residuos, contaminación atmosférica, augas e costas.

3. No caso de incumprimento das condicións establecidas nas autorizacións reguladas neste artigo, os órganos competentes adoptarán as medidas que resulten pertinentes mediante a aplicación do correspondente réxime sancionador.

Artigo 28. *Solicitud de autorización.*

1. Toda solicitude de autorización de instalacións de incineración ou co-incineración de residuos incluírá unha descrición das medidas que estean previstas para garantir que se cumpren os seguintes requisitos:

a) Que a instalación se deseñe, equipe, manteña e explote de modo que se cumpran os requisitos que establece este capítulo, tendo en conta os tipos de residuos que se van incinerar ou co-incinerar.

b) Que, na medida en que sexa viable, se recupere a calor xerada durante o proceso de incineración ou de co-incineración mediante a xeración de calor, vapor ou electricidade.

c) Que se reduzan ao mínimo a cantidade e a nocividade dos residuos producidos e, cando proceda, se reciclen.

d) Que a eliminación dos residuos da incineración que non poidan evitarse, reducirse ou reciclarse se leve a cabo de conformidade co establecido no Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, e na Decisión 2003/33/CE, do 19 decembro de 2002, que establece os criterios e o procedemento de admisión de residuos nos vertedoiros, conforme o artigo 16 e o anexo II da Directiva 1999/31/CEE.

e) Que se identifiquen os residuos que serán obxecto de incineración ou co-incineración na instalación, de acordo cos seguintes criterios:

1.º Nos casos de instalacións en que se pretenda incinerar exclusivamente residuos de competencia municipal, a identificación dos residuos farase de forma xenérica, indicando aqueles aspectos que poderían condicionar a autorización.

2.º Nos casos de instalacións en que se pretenda incinerar residuos distintos dos anteriores, así como nas de incineración de residuos de competencia municipal nas cales se vaian incinerar residuos doutra natureza, identificarase o tipo e cantidades de residuos que se vaian incinerar, utilizando os códigos de identificación da Lista europea de residuos, as súas características, con indicación do contido de substancias contaminantes e a proporción de cada un deles na alimentación do forno.

3.º Nos casos de instalacións de coincineración, ademais dos requisitos expresados nos números anteriores, deberase indicar o poder calorífico inferior, a forma de alimentación e o punto de incorporación ao proceso dos residuos. Igualmente, deberase definir o grao de aproveitamento enerxético resultante nas súas instalacións concretas cando se queimen os residuos previstos nas proporcións solicitadas.

4.º Cando se trate de instalacións de incineración de residuos domésticos, presentarse un informe realizado por un experto externo acreditado que indique o valor da eficiencia enerxética para cada liña de incineración, nos termos previstos no artigo 40.

2. En todo caso, só se concederá a autorización cando na solicitude se demostre que as técnicas de medición das emisións á atmosfera propostas cumpren o disposto no anexo 2, parte 3, e, polo que respecta á auga, cumpren o disposto na parte 3, números 1 e 2, do mesmo anexo.

Artigo 29. *Contido das autorizacións.*

1. Toda autorización de instalacións de incineración ou coincineración incluírá as seguintes determinacións, ademais doutras que sexan exixibles:

a) Enumeración expresa dos tipos de residuos que poden tratarse utilizando os códigos de identificación da Lista europea de residuos e determinación da cantidade de residuos que se autoriza para incinerar ou coincinerar.

b) A capacidade total de incineración ou coincineración de residuos da instalación, así como a capacidade de cada unha das liñas de incineración ou coincineración da instalación.

c) Os valores límite para as emisións á atmosfera e ás augas, sen prexuízo dos demais requisitos establecidos na lexislación sectorial que resulte de aplicación.

d) Os requisitos de pH, temperatura e caudal das verteduras de augas residuais.

e) Os procedementos de mostraxe e medición e as frecuencias que deberán ser utilizados para cumprir as obrigacións que se establecen sobre medicións periódicas de cada contaminante da atmosfera e das augas, mencionando, se os houber, as normas ou métodos específicos aplicables para o efecto.

f) O período máximo permitido das interrupcións, desaxustes ou fallos tecnicamente inevitables dos dispositivos de depuración ou de medición, durante os cales as emisións á atmosfera e as verteduras de augas residuais poidan superar os valores límite de emisión previstos.

2. Cando a autorización estea referida a unha instalación de incineración ou coincineración que utilice residuos perigosos, deberá incluír, ademais, as seguintes determinacións:

a) Unha lista das cantidades dos distintos tipos de residuos perigosos que poden tratarse.

b) Os fluxos mínimos e máximos de masa dos ditos residuos perigosos, os seus valores caloríficos mínimos e máximos e o seu contido máximo de policlorobifenilos, pentaclorofenol, cloro, flúor, xofre, metais pesados e outras substancias contaminantes.

Artigo 30. *Entrega e recepción dos residuos.*

1. O xestor da instalación de incineración ou coincineración tomará todas as precaucións necesarias en relación coa entrega e recepción de residuos para impedir ou, cando isto non for viable, limitar na medida do posible a contaminación da atmosfera, o solo e as augas superficiais e subterráneas, así como outros efectos negativos no ambiente, os cheiros e ruídos, e os riscos directos para a saúde humana.

2. Antes de aceptar os residuos na instalación de incineración ou coincineración de residuos, o xestor determinará a masa de cada tipo de residuos, se for posible mediante a utilización dos códigos de identificación da Lista europea de residuos.

3. Ademais, cando se trate de residuos perigosos, antes de aceptalos na instalación de incineración ou coincineración de residuos, o xestor deberá dispor dunha información sobre eles para comprobar, entre outros aspectos, que se cumpren os requisitos da autorización sinalados no artigo 29.2.

Na anterior información constará:

- a) Toda a información administrativa sobre o proceso xerador do residuo contida nos documentos mencionados no número 4.a).
- b) A composición física e, na medida en que sexa factible, química dos residuos, así como calquera outra información necesaria para avaliar a súa adecuación ao proceso de incineración ou coincineración previsto.
- c) Os riscos inherentes aos residuos, as substancias con que non poidan mesturarse e as precaucións que haberá que tomar ao manipularlos.

4. Igualmente, antes de aceptar residuos perigosos na instalación de incineración ou coincineración de residuos, o xestor observará, ao menos, os seguintes procedementos de recepción:

- a) Comprobación dos documentos estipulados na Lei 22/2011, do 28 de xullo, e, se procede, dos establecidos no Regulamento (CEE) n° 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos, así como na normativa sobre transporte de mercadorías perigosas.
- b) Mostraxe representativa para comprobar a súa conformidade coa información do número 3, non sendo que isto resulte inadecuado en virtude da propia natureza dos residuos, como no caso de residuos clínicos infecciosos.

Estas operacións de mostraxe levaranse a cabo mediante controis realizados, a ser posible, antes de descargar os residuos, e servirán para que o órgano competente poida determinar a natureza dos residuos tratados. As mostraxas deberán conservarse, ao menos, durante un mes despois da incineración ou coincineración do residuo correspondente.

5. O órgano competente poderá eximir do cumprimento do disposto nos números 2, 3 e 4 as instalacións de incineración de residuos ou as instalacións de coincineración de residuos que formen parte dunha instalación incluída no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e soamente incineren ou coincineren os residuos xerados dentro desta.

Artigo 31. *Condicións de deseño, equipamento, construción e explotación.*

1. O deseño, equipamento, construción e explotación das instalacións de incineración de residuos realizarase conforme os seguintes requisitos:

- a) As instalacións explotaranse de modo que se obteña un grao de incineración tal que o contido de carbono orgánico total (COT) das escouras e das cinzas de lar sexa inferior ao 3 % ou, alternativamente, a súa perda por combustión sexa inferior ao 5 % do peso seco da materia. Se for preciso, empregaranse técnicas de tratamento previo de residuos.
- b) Após a última inxección de aire de combustión, mesmo nas condicións máis desfavorables, ao menos durante dous segundos a temperatura dos gases derivados da incineración de residuos se eleve de maneira controlada e homoxénea até 850 °C, medidos preto da parede interna da cámara de combustión ou noutro punto representativo desta, con autorización previa do órgano competente. Se se incineran residuos perigosos que conteñan máis do 1 % de substancias organohaloxenadas, expresadas en cloro, a temperatura deberá elevarse até 1.100 °C, ao menos durante dous segundos.
- c) Todas as cámaras de combustión da instalación de incineración estarán equipadas ao menos cun queimador auxiliar que se poña en marcha automaticamente cando a temperatura dos gases de combustión, após a última inxección de aire de combustión, descenda por debaixo de 850 °C ou 1.100 °C, segundo os casos

mencionados na anterior alínea b). Así mesmo, utilizarase o queimador durante as operacións de arrincada e parada da instalación a fin de que a temperatura de 850 °C ou 1.100 °C, segundo os casos mencionados na anterior alínea b), se manteña en todo momento durante estas operacións mentres haxa residuos non incinerados na cámara de combustión.

d) Durante a arrincada e parada, ou cando a temperatura dos gases de combustión descenda por baixo de 850 °C ou 1.100 °C, segundo os casos mencionados na alínea b), o queimador auxiliar non poderá alimentarse con combustibles que poidan causar emisións maiores que as producidas pola queima de gasóleo, segundo as definicións do Decreto 2204/1975, do 23 de agosto, polo que se tipifican as características, calidades e condicións de emprego dos combustibles e carburantes, ou pola de gas licuado ou gas natural.

2. As instalacións de coincineración de residuos deseñaranse, equiparanse, construíranse e explotaranse de modo tal que a temperatura dos gases resultantes da coincineración de residuos se eleve de maneira controlada e homoxénea, mesmo nas condicións máis desfavorables, até como mínimo 850 °C durante ao menos dous segundos. Se se coincineran residuos perigosos que conteñan máis dun 1% de substancias organohaloxenadas, expresadas en cloro, a temperatura deberá elevarse, como mínimo, até 1.100 °C durante ao menos dous segundos.

3. As instalacións de incineración de residuos e coincineración de residuos terán e utilizarán un sistema automático que impida a alimentación de residuos nos seguintes casos:

a) Na posta en marcha, até ter alcanzado a temperatura de 850 °C ou 1.100 °C, segundo os casos mencionados nos números 1.b) e 2, ou a temperatura que resulte exixible de acordo co establecido no artigo 32.

b) Cando non se manteña a temperatura de 850 °C ou 1.100 °C, segundo os casos mencionados nos números 1.b) e 2, ou a temperatura que resulte exixible de acordo co establecido no artigo 32.

c) Cando as medicións en continuo mostren que se está a superar algún valor límite de emisión do artigo 39.3 debido a perturbacións ou fallos nos dispositivos de limpeza dos gases residuais.

4. As instalacións de incineración e coincineración de residuos deseñaranse, equiparanse, construíranse e explotaranse de maneira que os gases residuais producidos sexan liberados de modo controlado por medio dunha cheminea cuxa altura se calculará de xeito que queden protexidos a saúde humana e o ambiente.

5. A calor xerada polas instalacións de incineración de residuos ou as instalacións de coincineración de residuos recuperarase na medida en que sexa viable.

6. Os residuos clínicos infecciosos deberán introducirse directamente no forno, sen mesturalos antes con outros tipos de residuos e sen manipularlos directamente.

7. Con independencia das posibles responsabilidades civís ou penais que puideren derivarse como consecuencia do funcionamento das instalacións, da xestión da instalación de incineración ou coincineración de residuos será responsable unha persoa física con aptitude técnica para xestionar a instalación.

Artigo 32. *Autorización para cambiar as condicións de explotación.*

1. Para algúns tipos de residuos ou para algúns procesos térmicos, o órgano competente poderá permitir condicións distintas das establecidas no artigo 31.1.a) en relación co contido de COT, así como das establecidas no artigo 31.1.b), c) e d) e artigo 31.2 e 3 en relación coas temperaturas mínimas de operación, especificándoas na autorización, sempre e cando se cumpra o resto de exixencias establecidas neste capítulo.

2. Polo que atinxe ás instalacións de incineración, o cambio nas condicións de explotación non poderá xerar maior cantidade de residuos ou residuos con maior contido de contaminantes orgánicos que os previsibles se se mantivesen as condicións establecidas no artigo 31.1.

3. Canto ás instalacións de coíncineración, e no que se refire ao contido de COT e CO, a autorización de condicións distintas subordinarase a que se cumpran, ao menos, os valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 5, para o carbono orgánico total e para o CO. Non obstante, polo que respecta á industria do papel e pasta de papel, se as instalacións coíncineran os seus propios residuos no lugar en que estes se producen en caldeiras de casca existentes, a autorización de condicións distintas subordinarase a que se cumpran, ao menos, os valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 5, para o carbono orgánico total.

4. No referente á temperatura de operación, a autorización de condicións distintas subordinarase ao cumprimento dos seguintes requisitos, cuxo cumprimento se deberá comprobar mediante unha proba de funcionamento real, cunha duración fixada polo órgano competente e que sexa suficiente para poder obter mostras representativas:

a) Que o contido de cloro orgánico nos residuos sexa inferior ao 0,1 % en peso, tanto para instalacións de incineración como de coíncineración.

b) Que as emisións de CO e COT sexan inferiores aos límites establecidos no anexo 2, parte 5, tanto para instalacións de incineración como de coíncineración.

c) Que, no caso de instalacións de coíncineración, a temperatura de funcionamento solicitada non sexa inferior á que se rexistraría no proceso principal se non se alimentasen residuos.

5. As comunidades autónomas informarán o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Ambiente sobre as decisións que adoptasen en virtude do establecido neste artigo, con indicación expresa das condicións distintas de explotación autorizadas e os resultados das verificacións que, se for o caso, se realizasen, para efectos da súa comunicación á Comisión Europea a través da vía correspondente.

Artigo 33. *Valores límite de emisión á atmosfera.*

1. As instalacións de incineración de residuos deseñaranse, equiparanse, construíranse e explotaranse de modo que nos gases de escape non se superen os valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 5.

2. As instalacións de coíncineración deseñaranse, equiparanse, construíranse e explotaranse de modo que nos gases de escape non se superen os valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 2, ou que se determinen conforme a dita parte.

Se nunha instalación de coíncineración de residuos máis do 40 % da calor xerada procede da combustión de residuos perigosos, aplicaranse os valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 5.

Cando se coíncineren residuos domésticos mesturados non tratados, os valores límite de emisión á atmosfera determinaranse conforme o anexo 2, parte 5, e non se aplicará a parte 2 do mesmo anexo.

3. Os resultados das medicións realizadas para verificar o cumprimento dos valores límite de emisión estarán referidos ás condicións establecidas no artigo 37.

Artigo 34. *Valores límite de emisión ás augas.*

1. Nas autorizacións que resulten exixibles, de acordo co establecido no artigo 28, limitarase na medida en que sexa viable a vertedura ao medio acuático das augas residuais procedentes da depuración dos gases residuais. En todo caso, estas augas residuais só poderán verterse ao medio acuático despois de se trataren por separado, a condición de que:

a) Se cumpran os requisitos establecidos nas disposicións sectoriais aplicables en materia de valores límite de emisión, e

b) as concentracións en masa das substancias contaminantes mencionadas no anexo 2, parte 4, ou calquera outro parámetro que o órgano competente considere característico da vertedura, sexan inferiores aos valores límite de emisión establecidos neste, conforme o disposto no artigo 38.3, sen prexuízo de que na autorización correspondente se establezan valores límite de emisión máis restritivos ou que se limite calquera outro parámetro que o órgano competente considere característico da vertedura.

2. Para efectos do establecido neste artigo, en ningún caso se terá en conta a dilución das augas residuais para o cumprimento dos valores límites de emisión establecidos no anexo 2, parte 4.

3. Os valores límite de emisión serán aplicables no punto de control situado inmediatamente despois das instalacións de depuración das augas residuais, dotado dunha arqueta ou sistema similar que permita a inspección e toma de mostras. Así mesmo, o sistema de evacuación das augas residuais ao medio receptor non permitirá que a concentración das substancias contaminantes da vertedura no punto onde se verten as augas residuais sexa superior á concentración das substancias contaminantes da vertedura no punto de control.

4. Cando as augas residuais procedentes da depuración dos gases residuais que conteñan as substancias contaminantes a que se refire o anexo 2, parte 4, sexan tratadas fóra da instalación de incineración ou coincineración de residuos, nunha instalación de tratamento destinada soamente ao tratamento deste tipo de augas residuais, os valores límite de emisión do anexo 2, parte 4, aplicaranse no punto en que as augas residuais saian da instalación de tratamento.

Cando as augas residuais procedentes da depuración dos gases residuais se traten conxuntamente con outros tipos de augas residuais, tanto fóra como dentro da instalación, o xestor efectuará os cálculos de distribución de masas adecuados, utilizando os resultados das medicións indicadas no artigo 38.2, para determinar os niveis de emisión na vertedura final de augas residuais que poden atribuírse ás augas residuais procedentes da depuración de gases residuais, co fin de comprobar que se cumpren os valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 4.

5. Os locais das instalacións de incineración e coincineración de residuos, incluídas as zonas de almacenamento de residuos anexas, deseñaranse e explotaranse de modo que se impida a vertedura non autorizada e accidental de substancias contaminantes ao solo e ás augas superficiais e subterráneas.

Ademais, deberá disporse de capacidade de almacenamento para o escurremento de precipitacións contaminadas procedente do local da instalación de incineración ou de coincineración de residuos ou para as augas contaminadas que proveñan de derramamentos ou de operacións de loita contra incendios. Para estes efectos, a capacidade de almacenamento será a adecuada para que esas augas poidan someterse a probas e tratarse antes de vertelas, cando for necesario.

Artigo 35. *Residuos da incineración.*

1. Reducirase ao mínimo a cantidade e a nocividade dos residuos procedentes da explotación da instalación de incineración ou coincineración de residuos. Os residuos reciclaranse, se procede, directamente na instalación ou fóra dela, ou valorizaranse ou eliminaranse fóra dela, de conformidade co establecido na lexislación sobre residuos.

2. O transporte e o almacenamento temporal dos residuos secos en forma de po realizaranse de forma que se evite a súa dispersión no ambiente.

3. Antes de determinar as vías de eliminación, reciclaxe ou outras formas de valorización dos residuos das instalacións de incineración e coincineración efectuaranse probas adecuadas para establecer as características físicas e químicas e o potencial contaminante dos diferentes residuos de incineración. As análises que se realicen con motivo destas probas referiranse, entre outros aspectos, á composición, á fracción soluble total e á fracción soluble dos metais pesados destes residuos.

Artigo 36. Medicións.

1. Os órganos competentes adoptarán as medidas necesarias para comprobar que os xestores das instalacións realizan as medicións reguladas neste artigo e nos artigos 37 e 38, mediante o cumprimento das obrigacións establecidas para o efecto na correspondente autorización.

2. Nas instalacións de incineración de residuos e coincineración de residuos deberá disporse de equipamentos de medición e utilizaranse técnicas adecuadas para o seguimento dos parámetros, condicións e concentracións en masa relacionados co proceso de incineración ou coincineración de residuos.

3. A instalación e o funcionamento adecuado dos equipamentos de seguimento automatizado das emisións á atmosfera e ás augas estarán suxeitos a control e a probas anuais de comprobación, segundo o establecido no anexo 2, parte 3.

4. O órgano competente fixará a localización dos puntos de medición e mostraxe, que deberán ser accesibles para a realización das medidas necesarias.

5. Levaranse a cabo medicións periódicas das emisións á atmosfera e ás augas conforme o anexo 2, parte 3, números 1 e 2, sen prexuízo do establecido polo organismo de bacía no caso de verteduras ao dominio público hidráulico en bacías xestionadas pola Administración xeral do Estado.

6. Os resultados das medicións rexistraranse, trataranse e presentaranse de acordo cos procedementos que establezan para o efecto os órganos competentes, co obxecto de que estas poidan comprobar o cumprimento das condicións de explotación autorizadas e dos valores límite de emisión establecidos na autorización.

Artigo 37. Periodicidade das medicións á atmosfera e cumprimento dos valores límite de emisión.

1. Nas instalacións de incineración e coincineración de residuos realizaranse as seguintes medicións:

a) Medicións en continuo das seguintes substancias: NO_x , sempre que se establezan valores límite de emisión, CO, partículas totais, COT, HCl, HF e SO_2 .

b) Medicións en continuo dos seguintes parámetros do proceso: temperatura preto da parede interna da cámara de combustión ou noutro punto representativo desta autorizado polo órgano competente; concentración de oxíxeno, presión, temperatura e contido de vapor de auga dos gases residuais.

c) Ao menos unha medición trimestral de metais pesados e dioxinas e furanos, ben que, durante os doce primeiros meses de funcionamento, se realizará unha medición ao menos cada dous meses, sen prexuízo do establecido no número 7 deste artigo.

2. Cando menos unha vez verificaranse adecuadamente o tempo de permanencia, a temperatura mínima e o contido de oxíxeno dos gases residuais cando se poña en funcionamento a instalación de incineración ou coincineración e nas condicións máis desfavorables de funcionamento que se poidan prever.

3. Poderá omitirse a medición continua de HF se se utilizan procesos de tratamento do HCl que permitan garantir que non se superan os valores límite de emisión de HCl. Neste caso, as emisións de HF someteranse a medicións periódicas de acordo co establecido no número 1.c).

4. Non será necesaria a medición continua do contido de vapor de auga cando os gases residuais da mostraxe sequen antes de que se analicen as emisións.

5. O órgano competente poderá permitir na autorización a realización de medicións periódicas, en vez de medicións continuas, de HCl, HF e SO_2 , conforme o establecido no número 1.c), en instalacións de incineración e coincineración de residuos, ou non exixir ningunha medición, sempre que o xestor poida probar que as emisións destes contaminantes en ningún caso poden superar os valores límite de emisión fixados.

O órgano competente poderá decidir non exixir a realización de medicións en continuo dos NO_x e exixir medicións periódicas, segundo o número 1.c), nas actuais instalacións de incineración de residuos cunha capacidade nominal de menos de 6 toneladas por hora ou nas actuais instalacións de coincineración de residuos cunha capacidade nominal de menos de 6 toneladas por hora se o xestor pode probar, baseándose en información respecto á calidade dos residuos, tecnoloxías utilizadas e resultados da medición das emisións, que as emisións de NO_x non poden ser en ningún caso superiores aos valores límite de emisión prescritos.

6. Como excepción do establecido no número 1.c), o órgano competente poderá permitir que a frecuencia das medicións periódicas se reduza de medicións trimestrais a unha vez ao ano no caso dos metais pesados, e de medicións trimestrais a medicións semestrais no caso das dioxinas e furanos, sempre que:

- a) As emisións derivadas da coincineración ou a incineración de residuos sexan en calquera circunstancia inferiores ao 50 % dos valores límite de emisión.
- b) Os residuos que deban ser coincinerados ou incinerados consistan unicamente en determinadas fraccións combustibles clasificadas como residuos non perigosos que non sexan apropiados para a reciclaxe e que presenten determinadas características, que se indicarán a teor da avaliación a que se refire a alínea c) deste punto.
- c) O xestor poida demostrar, sobre a base da información acerca da calidade dos residuos de que se trate e a medición das emisións, que están en calquera circunstancia significativamente por baixo dos valores límite de emisión de metais pesados e dioxinas e furanos.

7. A partir da data en que se establezan na normativa comunitaria técnicas de medición adecuadas, deberanse efectuar medicións en continuo das emisións á atmosfera de metais pesados e dioxinas e furanos, de conformidade co disposto na anexo 2, parte 3.

8. Os resultados das medicións efectuadas para verificar que se cumpren os valores límite de emisión normalizaranse utilizando as concentracións normais de oxíxeno mencionadas no anexo 2, parte 5, ou calculadas conforme o anexo 2, parte 2, aplicando a fórmula indicada na parte 6 do citado anexo.

Cando o residuo se incinere ou coincinere nunha atmosfera enriquecida de oxíxeno, os resultados das medicións poderán normalizarse con referencia a un contido de oxíxeno, establecido polo órgano competente, que obedeza ás circunstancias especiais do caso particular.

Cando se reduzan as emisións de substancias contaminantes mediante tratamento dos gases residuais nunha instalación en que se traten residuos perigosos por incineración ou coincineración, a normalización respecto aos contidos de oxíxeno previstos no número 1 levarase a cabo só cando o contido de oxíxeno medido no mesmo período de tempo para a substancia contaminante de que se trate supere o contido normalizado de oxíxeno correspondente.

9. Considerarase que se cumpren os valores límite de emisión á atmosfera se se respectan todas e cada unha das seguintes condicións:

- a) Se ningún dos valores medios diarios supera os valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 2, ou parte 5, alínea b), ou calculados de conformidade coa parte 2 do mencionado anexo.
- b) Cando ningún dos valores medios semihorarios supera os valores límite de emisión do anexo 2, parte 5, alínea c), columna A, ou ben, cando proceda, se o 97 % dos valores medios semihorarios, ao longo do ano, non supera os valores límite de emisión da do anexo 2, parte 5, alínea c), columna B.
- c) Se ningún dos valores medios ao longo do período de mostraxe establecida para os metais pesados e as dioxinas e furanos supera os valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 5, alíneas d) e e), ou do anexo 2, parte 2, ou calculados de conformidade con este anexo.

d) Para o monóxido de carbono (CO), no caso das instalacións de incineración de residuos:

1.º Ao menos o 97 % dos valores medios diarios ao longo do ano non exceden o valor límite de emisión para o valor medio diario fixado no anexo 2, parte 5, alínea f), e

2.º ao menos o 95 % de todos os valores medios cada dez minutos tomados nun período de vinte e catro horas, correspondente a un día natural, ou todos os valores medios semihorarios tomados no mesmo período non exceden os valores límite de emisión para o valor medio semihorario e valor medio cada dez minutos fixados no anexo 2, parte 5, alínea f); para o monóxido de carbono (CO), no caso das instalacións de incineración en que o gas derivado do proceso de incineración se eleve a unha temperatura de 1.100 °C como mínimo durante ao menos dous segundos, os órganos competentes poderán aplicar un período de avaliación de sete días para os valores medios de dez minutos.

Para o monóxido de carbono (CO), no caso das instalacións de coincineración de residuos, deberase cumprir a do anexo 2, parte 2.

10. Os valores medios semihorarios e os valores medios de dez minutos determinaranse dentro do tempo de funcionamento real, excluídos os períodos de arrincada e parada se non se están incinerando residuos, a partir dos valores medidos, despois de restar o valor do intervalo de confianza que figura no anexo 2, parte 3, número 3. Os valores medios diarios determinaranse a partir destes valores medios validados.

Para obter un valor medio diario válido non poderán descartarse por fallos de funcionamento ou por mantemento do sistema de medición continua máis de cinco valores medios semihorarios nun día. Tampouco poderán descartarse por fallos de funcionamento ou por mantemento do sistema de medición continua máis de dez valores medios diarios ao ano.

11. Os valores medios obtidos ao longo do período de mostraxe e os valores medios no caso das medicións periódicas de HF, HCl e SO₂ determinaranse conforme os requisitos establecidos no artigo 29.1.e), 36.4 e no anexo 2, parte 3.

Artigo 38. Periodicidade das medicións das emisións á auga e cumprimento dos valores límite de emisión.

1. No punto de control de augas residuais efectuaranse ao menos as seguintes medicións:

a) Medicións en continuo do pH, a temperatura e o caudal.
b) Medicións diarias, mediante mostras puntuais, de sólidos en suspensión ou medicións dunha mostra representativa e proporcional ao caudal vertido ao longo dun período de vinte e catro horas.

c) Medicións, coa periodicidade que determinen os órganos competentes en materia de control de verteduras ao medio acuático e como mínimo unha vez ao mes, dunha mostra representativa e proporcional ao caudal vertido durante vinte e catro horas de Hg, Cd, Tl, As, Pb, Cr, Cu, Ni e Zn. Así mesmo, e cando así figure na autorización, tomaranse tamén mostras puntuais deses parámetros.

d) Medicións, como mínimo unha vez cada tres meses, de dioxinas e furanos, ben que durante os primeiros doce meses de funcionamento se efectuará unha medición como mínimo cada dous meses.

2. Cando as augas residuais procedentes da depuración de gases residuais se traten na instalación conxuntamente con outras augas residuais orixinadas naquela, o xestor deberá tomar medicións:

a) No fluxo de augas residuais procedentes da depuración de gases residuais antes da súa entrada na instalación de tratamento conxunto de augas residuais.

b) No outro fluxo ou nos outros fluxos de augas residuais antes da súa entrada na instalación de tratamento conxunto de augas residuais.

c) No punto de vertedura final das augas residuais procedentes da instalación de incineración ou de co-incineración de residuos, despois do tratamento.

3. O seguimento da masa de contaminantes nas augas residuais tratadas, incluída a frecuencia nas medicións, levarase a cabo de conformidade coa normativa sectorial aplicable e segundo o establecido na correspondente autorización.

4. Considerarase que se cumpren os valores límite de emisión á auga, de acordo co establecido no anexo 2, parte 4, e sen prexuízo de que na correspondente autorización se establezan criterios máis restritivos:

a) Respecto ao total de sólidos en suspensión, substancia contaminante número 1, cando o 95 % e o 100 % dos valores medidos non superen os respectivos valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 4.

b) Respecto aos metais pesados, substancias contaminantes números do 2 ao 10, cando non máis dunha medición ao ano supere os valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 4 ou ben, se se estableceu como obrigatoria a toma de máis de vinte mostras ao ano, de conformidade co establecido no número 1.c) deste artigo, cando non máis do 5 % desas mostras supere os valores límite de emisión establecidos no anexo 2, parte 4.

c) Respecto ás dioxinas e aos furanos, substancia contaminante número 11, cando as medicións efectuadas catro veces ao ano non superen o valor límite de emisión establecido no anexo 2, parte 4.

5. Cando as medicións tomadas mostren que se superaron os valores límite de emisión ao medio acuático establecidos neste capítulo, informarase inmediatamente o órgano competente.

Artigo 39. *Condicións anormais de funcionamento.*

1. En caso de avaría, o xestor da instalación reducirá ou deterá o funcionamento da instalación o antes posible até que este poida continuarse normalmente.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 31.3.c), a instalación de incineración ou co-incineración de residuos ou os fornos que formen parte dunha instalación de incineración ou co-incineración de residuos non poderán, en ningún caso, seguir incinerando residuos durante un período superior a catro horas ininterrompidas se se superan os valores límite de emisión. Ademais, a duración acumulada do funcionamento nestas circunstancias durante un ano natural será de menos de 60 horas, tendo en conta que esta duración se aplica aos fornos conectados a un único dispositivo de depuración dos gases residuais.

3. Nas condicións descritas nos números 1 e 2 o contido total en partículas das emisións dunha instalación de incineración á atmosfera non superará en ningún caso 150 mg/m³, expresados como valor medio semihorario. Por outra parte, non poderán superarse os valores límite de emisión á atmosfera para o CO e o COT fixados no anexo 2, parte 5.

Artigo 40. *Verificación do valor de eficiencia enerxética das instalacións de incineración de residuos domésticos.*

1. Para os efectos da clasificación das instalacións de incineración de residuos domésticos como operacións de valorización ou de eliminación conforme o establecido na Lei 22/2011, do 28 de xullo, os xestores de tales instalacións remitirán un informe, acreditado externamente, en que indiquen o valor da eficiencia enerxética para cada liña de incineración, así como o cálculo realizado e a información adicional necesaria para a súa verificación. Para efectuar o dito cálculo seguiranse as indicacións establecidas na guía publicada pola Comisión Europea.

No caso das instalacións en funcionamento, tomarase como referencia para o cálculo do dito valor os resultados obtidos ao longo dun ano natural. No caso de instalacións novas, o cálculo realizarase a partir das especificacións técnicas da instalación e os contratos que esta teña establecidos.

2. O órgano competente verificará o dito cálculo e, se o considera necesario, poderá solicitar información adicional ou levar a cabo os controis que ache pertinentes para a súa comprobación. No prazo de tres meses desde a recepción da información, o órgano competente notificará á instalación o valor de eficiencia enerxética e a súa clasificación como operación R1 ou D10, de acordo cos anexos I e II da Lei 22/2011, do 28 de xullo. A clasificación terá validez durante os cinco anos seguintes en canto non se produzan cambios que poidan afectar a eficiencia enerxética, como por exemplo modificacións técnicas, cambios dos clientes de calor, electricidade, etc.

Pasados estes cinco anos, ou durante este período se se produciu un cambio que poida afectar a eficiencia enerxética, procederase a recalcularse o valor de eficiencia enerxética da instalación e a revisar tal clasificación, seguindo o procedemento descrito anteriormente.

3. O xestor da instalación de incineración de residuos domésticos, na memoria que anualmente remita ao órgano competente de conformidade co artigo 41 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, incluírá a información necesaria para que o órgano competente poida comprobar que se segue mantendo o valor de eficiencia enerxética establecido para esa instalación e, por tanto, a súa clasificación como operación de valorización ou eliminación.

En caso de que unha instalación de incineración de residuos clasificada como R1 de acordo co anexo II da Lei 22/2011, do 28 de xullo, non supere o limiar legalmente establecido, o xestor xustificará adecuadamente ao órgano competente as causas que impediron alcanzar ese limiar e as previsións para volver alcanzalo. Con base nisto o órgano competente manterá, ou non, a clasificación de tal instalación.

Artigo 41. *Presentación de informes e información ao público sobre instalacións de incineración e coincineración de residuos.*

1. Sen prexuízo do disposto na Lei 16/2002, do 1 de xullo, e na Lei 27/2006, do 18 de xullo, as solicitudes de novas autorizacións para instalacións de incineración de residuos e instalacións de coincineración de residuos estarán ao dispor do público nun ou varios lugares durante un prazo de trinta días, para que presenten as observacións que consideren oportunas antes de que o órgano competente se pronuncie sobre o outorgamento da autorización.

Igualmente, porase á disposición do público unha copia da autorización e das súas posteriores renovacións ou modificacións.

2. Co obxecto de elaborar a información para a súa remisión á Comisión, polo que respecta ás instalacións de incineración ou coincineración de residuos de capacidade nominal igual ou superior a dúas toneladas por hora, o xestor deberá elaborar e remitir ao órgano competente un informe anual sobre o funcionamento e o control da instalación, no cal se dará conta, ao menos, da marcha do proceso de incineración ou coincineración e das emisións á atmosfera ou ás augas, comparadas cos niveis de emisión regulados neste capítulo. Esta información facilitarase ao público cando así o solicite.

3. As comunidades autónomas elaborarán unha lista das instalacións de incineración ou coincineración de capacidade nominal inferior a dúas toneladas por hora situadas no seu territorio, que se porá á disposición do público, xunto cos informes de funcionamento e seguimento sinalados no número anterior.

4. Para efectos da súa remisión á Comisión Europea, as comunidades autónomas subministrarán á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a información relativa á aplicación deste capítulo nos seus respectivos ámbitos territoriais, de conformidade co que se estableza ao respecto na normativa comunitaria.

CAPÍTULO V

Disposicións especiais para grandes instalacións de combustión**Artigo 42. *Ámbito de aplicación.***

1. Este capítulo aplicarase ás instalacións de combustión cuxa potencia térmica nominal total sexa igual ou superior a 50 MW, calquera que for o tipo de combustible que utilicen.

2. Este capítulo non se aplicará ás seguintes instalacións de combustión:

- a) As instalacións en que se utilicen os produtos de combustión para o queimado directo, o secado ou calquera outro tratamento de obxectos ou materiais.
- b) As instalacións de poscombustión destinadas a depurar os gases residuais por combustión que non se exploten como instalacións de combustión autónomas.
- c) Os dispositivos de rexeneración dos catalizadores de craqueo catalítico.
- d) Os dispositivos de conversión do sulfuro de hidróxeno en xofre.
- e) Os reactores utilizados na industria química.
- f) Os fornos con baterías de coque.
- g) Os recuperadores de fornos altos (*cowpers*).
- h) Calquera dispositivo técnico utilizado na propulsión dun vehículo, buque ou aeronave.
- i) As turbinas de gas e os motores de gas utilizados en plataformas mariñas.
- j) As instalacións que utilicen como combustible calquera residuo sólido ou líquido distinto dos residuos mencionados no artigo 2.2 b).

Artigo 43. *Normas de adición.*

1. Cando os gases residuais de dúas ou máis instalacións de combustión separadas se expulsan por unha cheminea común, a combinación de tales instalacións considerarase unha única instalación de combustión e as súas capacidades sumaranse para efectos de calcular a potencia térmica nominal total.

2. Cando dúas ou máis instalacións de combustión independentes cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese o 1 de xullo de 1987 ou nunha data posterior, ou os seus titulares presentasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización na dita data ou nunha posterior, estean instaladas de maneira que os seus gases residuais, a xuízo do órgano competente para outorgar a autorización ambiental, tendo en conta factores técnicos e económicos, poidan ser expulsados por unha mesma cheminea, a combinación resultante de tales instalacións considerarase como unha única instalación de combustión e as súas capacidades sumaranse para efectos de calcular a potencia nominal térmica total.

3. Para efectos de calcular a potencia nominal térmica total dunha combinación de instalacións de combustión a que se refiren os números 1 e 2, non se incluírán no cálculo as instalacións cunha potencia térmica nominal inferior a 15 MW.

Artigo 44. *Valores límite de emisión.*

1. A expulsión de gases residuais das instalacións de combustión deberá realizarse de forma controlada por medio dunha cheminea que conteña un ou máis condutos, cuxa altura se calculará de forma que se salvgarde a saúde humana e o ambiente.

2. En todas as autorizacións ambientais integradas de actividades que inclúan instalacións de combustión cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 7 de xaneiro de 2013, ou para as cales os seus titulares presentasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes da dita data, coa condición de que esas instalacións entrasen en funcionamento o máis tardar o 7 de xaneiro de 2014, o órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada incluírá condicións que aseguren que as emisións á atmosfera destas instalacións non superan os valores límite de emisión establecidos no anexo 3, parte 1.

En todas as autorizacións ambientais integradas de establecementos que inclúan instalacións de combustión ás cales se concedese unha excepción conforme o artigo 5.4 do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarías de petróleo, e que estean en funcionamento despois do 1 de xaneiro de 2016, incluírán as condicións que aseguren que as emisións ao aire procedentes das ditas instalacións de combustión non superan os valores límite de emisión establecidos no anexo 3, parte 2.

3. Todas as autorizacións ambientais integradas de establecementos que inclúan instalacións de combustión non cubertas polo número 2 especificarán condicións tales que as emisións á atmosfera destas instalacións non superen os valores límite de emisión fixados no anexo 3, parte 2.

4. Os valores límite de emisión mencionados no anexo 3, partes 1 e 2, así como os índices mínimos de desulfuración establecidos na parte 5 do dito anexo, aplicaranse ás emisións de toda cheminea común, en función da potencia térmica nominal total do conxunto da instalación de combustión. Cando o anexo 3 dispoña que os valores límite de emisión poderían aplicarse a unha parte da instalación de combustión cun número limitado de horas de funcionamento, eses valores límite aplicaríanse ás emisións desa parte da instalación, pero en función da potencia térmica nominal total do conxunto da instalación de combustión.

5. As comunidades autónomas, logo de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, poderán conceder unha exención, por un máximo de seis meses, da obriga de cumprir cos valores límite de emisión fixados nos números 2 e 3, para o dióxido de xofre en instalacións de combustión que, para tal fin, utilicen habitualmente combustible de baixo contido de xofre, cando o titular non estea en condicións de respectar eses valores límite en razón dunha interrupción no abastecemento de tal combustible, como consecuencia dunha grave escaseza.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo informará inmediatamente a Comisión Europea de calquera exención concedida en virtude do disposto neste número.

6. As comunidades autónomas, logo de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, poderán conceder unha excepción da obriga de respectar os valores límite de emisión previstos nos números 2 e 3, nos casos en que unha instalación de combustión que utiliza soamente un combustible gasoso teña que recorrer excepcionalmente ao uso doutros combustibles, a causa dunha súbita interrupción no aprovisionamento de gas e, por esta razón, necesite estar dotada dun equipamento de purificación dos gases residuais. O período para o cal se conceda a exención non superará os dez días, excepto cando haxa unha necesidade premente de manter o abastecemento de enerxía.

O titular da instalación informará a comunidade autónoma onde esta estea situada e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo de cada caso concreto mencionado no parágrafo anterior.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo informará inmediatamente a Comisión Europea de calquera exención concedida en virtude do disposto neste número.

7. Cando se aumente a potencia dunha instalación de combustión, os valores límite de emisión previstos no anexo 3, parte 2, serán aplicables á parte aumentada da instalación afectada polo cambio e fixaranse en función da potencia térmica nominal total do conxunto da instalación de combustión. En caso de efectuarse unha modificación nunha instalación de combustión que poida ter consecuencias para o ambiente e que afecte unha parte da instalación cunha potencia térmica nominal igual ou superior a 50 MW, os valores límite de emisión mencionados no anexo 3, parte 2, serán aplicables á parte da instalación que fose modificada, en función da potencia térmica nominal total do conxunto da instalación de combustión.

8. Os valores límite de emisión mencionados no anexo 3, partes 1 e 2, non serán aplicables ás instalacións de combustión que se detallan a seguir:

- a) Motores diésel.
- b) Caldeiras de recuperación en instalacións destinadas á produción de polpa.

Artigo 45. *Índice de desulfuración.*

1. Para as instalacións de combustión que utilicen combustible sólido nacional e non poidan respectar os valores límite de emisión aplicables ao dióxido de xofre, mencionados no artigo 44.2 e 3, debido ás características deste combustible, o órgano competente poderá aplicar no seu lugar os índices mínimos de desulfuración mencionados no anexo 3, parte 5, de acordo coas regras de cumprimento establecidas na súa parte 6, logo de validación dun informe de xustificación técnica da inviabilidade do cumprimento dos valores límite anteriormente citados. Esta información será comunicada á Comisión Europea de conformidade co artigo 55.4.a) e 5.

2. Para as instalacións de combustión que utilicen combustible sólido nacional, que coinciren residuos e non poidan respectar os valores C_{proceso} aplicables ao dióxido de xofre mencionados nos puntos 2.1 ou 2.2 do anexo 2, parte 2, debido ás características do combustible sólido nacional, o órgano competente poderá aplicar no seu lugar os índices mínimos de desulfuración mencionados no anexo 3, parte 5, de acordo coas regras de conformidade establecidas na súa parte 6. Se o órgano competente aplica o presente número, o C_{residuo} contido na fórmula do anexo 2, parte 2, será igual a 0 mg/Nm³.

Artigo 46. *Plan nacional transitorio.*

1. Para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 30 de xuño de 2020 establecerase un plan nacional transitorio para aquelas instalacións de combustión, que oficialmente o soliciten, cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares realizasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes da dita data, sempre que a instalación estivese en funcionamento o máis tardar o 27 de novembro de 2003.

O plan nacional transitorio, no que respecta a cada unha das instalacións de combustión incluídas nel, cubrirá as emisións dun ou máis dos seguintes produtos contaminantes: óxidos de nitróxeno, dióxido de xofre e partículas. Polo que atinxe ás turbinas de gas, o plan soamente deberá cubrir as emisións de óxidos de nitróxeno.

O plan nacional transitorio non incluírá ningunha das seguintes instalacións de combustión:

- a) Aquelas a que se aplica a exención por vida útil limitada do artigo 47.1.
- b) As pertencentes ás refinarias que utilicen gases de baixo valor calorífico procedentes da gasificación de residuos de refinaría ou os residuos de destilación e de conversión da refinación de petróleo cru para o seu propio consumo, sós ou con outros combustibles.
- c) Aquelas a que se aplican as disposicións relativas ás instalacións de calefacción urbana do artigo 49.
- d) Aquelas que foron obxecto da concesión dunha das exencións conforme o artigo 5.4 do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo.

2. As instalacións de combustión cubertas polo plan nacional transitorio non están obrigadas ao cumprimento dos valores límite de emisión mencionados no artigo 44.2 no que respecta aos contaminantes obxecto do plan ou, cando proceda, ao cumprimento dos índices de desulfuración mencionados no artigo 45.

Deberán, ao menos, manterse os valores límite de emisión establecidos na autorización ambiental integrada da instalación de combustión, aplicable o 31 de decembro de 2015, para o dióxido de xofre, os óxidos de nitróxeno e as partículas, consoante, en particular, os requisitos da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo.

As instalacións de combustión cuxa potencia térmica nominal sexa superior a 500 MW, que consuman combustibles sólidos e cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese despois do 1 de xullo de 1987 cumprirán os valores límite de emisión para os óxidos de nitróxeno establecidos na parte 1 do anexo 3.

3. Para cada un dos axentes contaminantes que cobre, o plan nacional transitorio fixará un límite máximo das emisións anuais totais máximas para o conxunto das instalacións cubertas polo plan, en función da potencia nominal térmica total en 31 de decembro de 2010, das horas de funcionamento anuais reais e do uso de combustible de cada instalación, calculados sobre a base da media dos dez últimos anos de funcionamento até o ano 2010, inclusive.

O teito para o ano 2016 calcularase sobre a base dos valores límite de emisión pertinentes mencionados nos anexos do III ao VII do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, ou, se procede, sobre a base de índices de desulfuración mencionados no anexo III do citado real decreto. No caso das turbinas de gas, sobre os valores límite de emisión aplicables aos óxidos de nitróxeno mencionados en relación coas instalacións correspondentes na parte B do anexo VI do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo. Os teitos para o ano 2019 e 2020 calcularanse sobre a base dos valores límite de emisión pertinentes mencionados no anexo 3, parte 1, do presente real decreto ou, se for o caso, dos índices de desulfuración mencionados no anexo 3, parte 5. Os teitos para os anos 2017 e 2018 fixaranse prevendo unha diminución linear dos teitos entre 2016 e 2019.

O plan nacional transitorio elaborárase tomando como referencia a Decisión 2012/115/UE de execución da Comisión, do 10 de febreiro de 2012, pola que se establecen as normas relativas aos plans nacionais transitorios a que fai referencia a Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre emisións industriais.

O feche dunha instalación incluída no plan nacional transitorio, ou a súa exclusión do ámbito de aplicación deste capítulo V, non suporá un aumento das emisións anuais totais das restantes instalacións cubertas polo plan nacional transitorio.

4. O plan nacional transitorio conterá, así mesmo, disposicións de control e información, así como as medidas previstas para cada unha das instalacións incluídas nel, con obxecto de asegurar o oportuno cumprimento dos valores límite de emisión aplicables a partir do 1 de xullo de 2020.

5. Unha vez que a Comisión Europea dea o visto e praxe ao plan nacional transitorio elaborado polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Consello de Ministros, por proposta de ambos os ministerios, aprobará o plan nacional transitorio.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo e o de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán establecer, para as instalacións de combustión incluídas no mencionado plan, as condicións e requisitos precisos para o seu cumprimento. Calquera modificación do citado plan comunicárase á Comisión Europea.

Artigo 47. *Exención por vida útil limitada.*

1. Durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2023, as instalacións de combustión poderán quedar exentas do cumprimento dos valores límite de emisión mencionados no artigo 44.2 e, cando proceda, dos índices de desulfuración mencionados no artigo 45, e da súa inclusión no plan nacional transitorio mencionado no artigo 46, sempre que se cumpran as condicións seguintes:

a) O titular da instalación de combustión debe comprometerse, mediante declaración escrita presentada ante o órgano competente, o máis tardar o 1 de xaneiro de 2014, a non facer operar a instalación máis de 17.500 horas de funcionamento a partir do 1 de xaneiro de 2016 até, como moi tarde, o 31 de decembro de 2023. Non obstante, o titular da instalación poderá retirar esa declaración renunciando á aplicación da citada excepción até o 1 de outubro de 2015.

b) A partir do 1 de xaneiro de 2016 o titular da instalación deberá presentar cada ano ao órgano competente un historial do número de horas de funcionamento.

c) Os valores límite de emisión de dióxido de xofre, óxidos de nitróxeno e partículas fixados na autorización ambiental integrada da instalación de combustión aplicable o 31 de decembro de 2015 de acordo, en particular, cos requisitos da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, deberán manterse, ao menos, durante o resto da vida operativa da instalación de combustión. As instalacións de combustión cuxa potencia térmica nominal sexa superior a 500 MW que consuman combustibles sólidos e cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese despois do 1 de xullo de 1987, cumprirán os valores límite de emisión de óxidos de nitróxeno establecidos no anexo 3, parte 1.

d) A instalación de combustión non foi obxecto da concesión dunha das exencións conforme o artigo 5.4 do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo.

2. En caso dunha instalación de combustión que o 6 de xaneiro de 2011 forme parte dunha pequena rede illada e que nesa data produza ao menos un 35 % da subministración de electricidade desa rede, que, debido ás súas características técnicas, sexa incapaz de cumprir os valores límite de emisión mencionados no artigo 44.2, o número de horas de funcionamento mencionado no número 1.a) ascenderá a 18.000 a partir do 1 de xaneiro de 2020 até, como moi tarde, o 31 de decembro de 2023, e a data mencionada no número 1.b) será o 1 de xaneiro de 2020.

3. O titular da instalación de combustión a que se refire o número anterior debe comprometerse, mediante declaración escrita presentada ante o órgano competente, o máis tardar o 1 de xaneiro de 2018, a non facer operar a instalación máis de 18.000 horas de funcionamento a partir do 1 de xaneiro de 2020 até, como moi tarde, o 31 de decembro de 2023.

4. En caso dunha instalación de combustión cunha potencia térmica nominal total superior a 1.500 MW que comezase a funcionar antes do 31 de decembro de 1986 e que utilice combustible sólido nacional cun poder calorífico neto inferior a 5.800 kJ/kg, un contido de humidade superior ao 45 % en peso, un contido combinado de humidade e cinzas superior ao 60 % en peso e un contido de óxido de calcio en cinzas superior ao 10 %, a cifra mencionada no número 1.a) ascenderá a 32.000 horas de funcionamento.

5. As comunidades autónomas remitirán antes do 1 de xaneiro de 2015 ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente unha lista das instalacións de combustión ás cales sexa de aplicación o número primeiro; esta lista deberá incluír a potencia térmica nominal total da instalación, así como os tipos de combustibles utilizados e os valores límite de emisión aplicables para o dióxido de xofre, os óxidos de nitróxeno e as partículas.

Así mesmo, deberán enviar con periodicidade anual o historial das horas de funcionamento das instalacións que conforman a lista, contabilizadas a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Artigo 48. *Pequenas redes illadas.*

1. Até o 31 de decembro de 2019 as instalacións de combustión que o 6 de xaneiro de 2011 formen parte dunha pequena rede illada poderán quedar exentas do cumprimento dos valores límite de emisión mencionados no artigo 44.2 e, cando proceda, dos índices de desulfuración mencionados no artigo 45. Até o 31 de decembro de 2019 deberán, ao menos, manterse os valores límite de emisión establecidos na autorización ambiental integrada das ditas instalacións de combustión e aplicables o 31 de decembro de 2015, de acordo, en particular, cos requisitos da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo.

2. As instalacións de combustión cuxa potencia térmica nominal sexa superior a 500 MW que consuman combustibles sólidos, cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese despois do 1 de xullo de 1987, cumprirán os valores límite de emisión para os óxidos de nitróxeno establecidos no anexo 3, parte 1.

3. As comunidades autónomas remitirán antes do 1 de novembro de cada ano ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo unha lista das instalacións de combustión que formen parte dunha pequena rede illada, especificando o consumo anual total da enerxía da pequena rede illada e a cantidade de enerxía obtida mediante a interconexión con outras redes.

Artigo 49. *Instalacións de calefacción urbana.*

1. Até o 31 de decembro de 2022 unha instalación de combustión poderá estar exenta do cumprimento dos valores límite de emisión mencionados no artigo 44.2 e dos índices de desulfuración mencionados no artigo 45, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) A potencia térmica nominal total da instalación de combustión supera os 200 MW.
- b) Á instalación concedéuselle a autorización substantiva inicial de construción antes do 27 de novembro de 2002 ou o seu titular presentou unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes da citada data, sempre que a posta en funcionamento da instalación tivese lugar antes do 27 de novembro de 2003.
- c) Ao menos un 50 % da produción de calor útil da instalación, como media móbil calculada durante un período de cinco anos, emítese en forma de vapor ou de auga quente a unha rede pública de calefacción urbana.
- d) Até o 31 de decembro de 2022 deberán, ao menos, manterse os valores límite de emisión para o dióxido de xofre, os óxidos de nitróxeno e as partículas establecidos na autorización ambiental integrada correspondente e aplicables o 31 de decembro de 2015, consoante, en particular, os requisitos da Lei 16/2002, do 1 de xullo, e do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo.

2. As comunidades autónomas remitirán antes do 1 de decembro de 2015 ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo unha lista das instalacións de combustión ás cales sexa de aplicación o número primeiro; a lista deberá incluír a súa potencia térmica nominal total, así como os tipos de combustibles utilizados e os valores límite de emisión aplicables para o dióxido de xofre, os óxidos de nitróxeno e as partículas.

Así mesmo, deberán informar, con periodicidade anual até o 31 de decembro de 2022, da proporción de calor útil de cada instalación producido en forma de vapor ou auga quente a redes públicas de calefacción urbanas, expresado en media móbil calculada durante o período de cinco anos anterior.

Artigo 50. *Almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.*

1. Os titulares de todas as instalacións de combustión cunha potencia eléctrica nominal igual ou superior a 300 MW que soliciten autorización substantiva despois da entrada en vigor deste regulamento, así como aqueles aos cales se concedese a autorización substantiva con posterioridade ao 25 de xuño de 2009, deben avaliar se cumpren as condicións seguintes:

- a) Dispoñen de locais de almacenamento adecuados.
- b) As instalacións de transporte son técnica e economicamente viables.
- c) É técnica e economicamente viable unha adaptación posterior para a captura de dióxido de carbono.

2. Se se cumpren as condicións establecidas no número 1, os titulares das instalacións deberán reservar espazo suficiente nelas para os equipamentos necesarios para a captura e compresión de dióxido de carbono. O órgano competente para outorgar a autorización ambiental integrada determinará se se reúnen estas condicións baseándose na avaliación mencionada no número 1 efectuada polo titular e no resto de información dispoñible, en particular a relativa á protección do ambiente e da saúde humana.

Artigo 51. *Procedementos relativos ao mal funcionamento ou avaría do equipamento de redución de emisións.*

1. As autorizacións ambientais integradas das instalacións de combustión incluírán unha disposición sobre os procedementos relativos ao mal funcionamento ou avaría do equipamento de redución de emisións.

2. En caso de avaría, o órgano competente solicitará ao titular que reduza ou interrompa a explotación da instalación se non se consegue restablecer o funcionamento normal nun prazo de vinte e catro horas, ou que explote a instalación con combustibles pouco contaminantes.

O titular notificará ao órgano competente esta circunstancia nun prazo de corenta e oito horas a partir de que se produza o mal funcionamento ou a avaría do equipamento de redución.

O tempo acumulado de explotación da instalación sen equipamento de redución de emisións non deberá ser superior a 120 horas nun período de doce meses.

O órgano competente poderá conceder exencións dos prazos establecidos nos parágrafos primeiro e terceiro nalgún dos casos seguintes:

- a) Cando exista necesidade premente de manter o abastecemento de enerxía.
- b) Cando a instalación de combustión en que se produciu a avaría teña que ser substituída durante un prazo limitado por outra que xeraría un aumento global das emisións.

Artigo 52. *Control das emisións á atmosfera.*

1. A medición, control e avaliación das emisións á atmosfera das instalacións de combustión, así como calquera outro valor requirido para a súa aplicación, efectuaranse de conformidade co establecido no anexo 3, parte 3.

En particular, a instalación e o funcionamento do equipamento de control automático estarán suxeitos a unha proba anual de control segundo o establecido no anexo 3, parte 3.

O órgano competente fixará a localización dos puntos de medición e mostraxe que deberán utilizarse para o control de emisións, de conformidade coas disposicións legais e normativa vixente.

2. Para que das medicións das emisións se obteñan resultados homoxéneos e comparables, os ministros de Industria, Enerxía e Turismo e de Agricultura, Alimentación e Ambiente, no ámbito das súas respectivas competencias, establecerán os procedementos e requisitos para a medición e avaliación das emisións das instalacións de combustión.

3. Todos os resultados do control das emisións se rexistrarán, tratarán e presentarán de maneira que o órgano competente poida comprobar o cumprimento das condicións de explotación e dos valores límite de emisión establecidos na autorización ambiental integrada.

Artigo 53. *Cumprimento dos valores límite de emisión.*

Considerarase que se respectaron os valores límite de emisión á atmosfera se se cumpren as condicións establecidas no anexo 3, parte 4.

Artigo 54. *Instalacións de combustión con caldeira mixta.*

1. No caso das instalacións de combustión equipadas cunha caldeira mixta que implique a utilización simultánea de dous ou máis combustibles, a autorización ambiental integrada establecerá os valores límite de emisión seguindo os pasos que se indican a seguir:

- a) En primeiro lugar, tomando o valor límite de emisión relativo a cada combustible e a cada contaminante que corresponda á potencia térmica nominal total de toda a instalación de combustión, establecido no anexo 3, partes 1 e 2.

b) En segundo lugar, determinando os valores límite de emisión ponderados por combustible. Estes valores obteranse multiplicando os valores límite de emisión individuais a que se refire a alínea a) anterior pola potencia térmica fornecida por cada combustible e dividindo o produto da multiplicación pola suma da potencia térmica fornecida por todos os combustibles.

c) En terceiro lugar, sumando os valores límite de emisión ponderados por combustible.

2. No caso das instalacións de combustión dotadas de caldeiras mixtas cubertas polo artigo 44.2 que utilicen os residuos de destilación e de conversión da refinación do petróleo bruto, sós ou con outros combustibles, para o seu propio consumo, os seguintes valores límite de emisión medios poderán aplicarse en lugar dos valores límite de emisión fixados conforme o número 1:

a) Se, durante o funcionamento da instalación de combustión, a proporción en que contribúe o combustible determinante na suma da potencia térmica fornecida por todos os combustibles é do 50 % ou superior, o valor de emisión será o establecido no anexo 3, parte 1, para o combustible determinante.

b) Se a proporción en que contribúe o combustible determinante na suma da potencia térmica fornecida por todos os combustibles é inferior ao 50 %, o valor de emisión determinarase consoante as regras seguintes:

1.º Tomando os valores límite de emisión establecidos no anexo 3, parte 1, para cada un dos combustibles utilizados, que correspondan á suma da potencia térmica total da instalación de combustión.

2.º Calculando o valor límite de emisión do combustible determinante, multiplicando o valor límite de emisión, determinado para o dito combustible conforme o inciso 1.º, por dous e subtraendo do resultado o valor límite de emisión do combustible utilizado co valor límite de emisión máis baixo establecido na parte 1 do anexo 3, correspondente á suma da potencia térmica total da instalación de combustión.

3.º Determinando o valor límite de emisión ponderado por combustible para cada combustible utilizado, multiplicando o valor límite de emisión determinado nos incisos 1.º e 2.º pola potencia térmica do combustible de que se trate e dividindo o produto desta multiplicación pola suma das potencias térmicas subministradas por todos os combustibles.

4.º Agregando os valores límite de emisión ponderados por combustible determinados no inciso 3.º

3. No caso das instalacións de combustión dotadas de caldeiras mixtas cubertas polo artigo 44.2 que utilicen os residuos de destilación e de conversión da refinación do petróleo bruto, sós ou con outros combustibles, para o seu propio consumo, os valores límite de emisión medios de dióxido de xofre fixados no anexo 3, parte 7, poderanse aplicar en lugar dos valores límite de emisión establecidos conforme os números 1 ou 2.

Artigo 55. *Comunicación de información á Comisión Europea.*

1. A partir do 1 de xaneiro de 2016 o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no ámbito das súas respectivas competencias, establecerán un inventario anual de emisións de dióxido de xofre, óxidos de nitróxeno e partículas, así como de consumo de enerxía, de todas as instalacións de combustión cubertas polo anexo 3, coa finalidade da súa remisión á Comisión Europea.

2. Tendo en conta as normas de adición expostas no artigo 43, o órgano competente obterá de cada instalación de combustión os seguintes datos, que serán remitidos ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Ambiente a través do Rexistro PRTR-España:

a) A potencia térmica nominal total en MW da instalación de combustión.

b) O tipo de instalación de combustión: caldeira, turbina de gas, motor de gas, motor diésel e outros, indicando o tipo.

- c) A data de inicio de funcionamento da instalación de combustión.
- d) O total anual de emisións en toneladas por ano de dióxido de xofre, óxidos de nitróxeno e partículas totais en suspensión.
- e) O número de horas de funcionamento da instalación de combustión.
- f) O total anual de consumo de enerxía, en relación co poder calorífico neto en TJ por ano, desagregado segundo as seguintes categorías de combustible: hulla, lignito, turba, biomasa, outros combustibles sólidos acerca dos cales deberá indicarse o tipo, combustibles líquidos, gas natural e outros gases, indicando o tipo.

3. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente remitirán á Comisión Europea, logo de petición, os datos anuais de cada instalación recollidos neses inventarios, así como un resumo cada tres anos dentro dos doce meses seguintes ao termo do período de tres anos de que se trate. Ese resumo indicará por separado os datos das instalacións de combustión integradas en refinarías.

4. A partir do 1 de xaneiro de 2016 as comunidades autónomas comunicarán anualmente ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente os seguintes datos:

a) Para as instalacións de combustión ás cales se aplica o artigo 45, o contido de xofre do combustible sólido nacional utilizado e o índice de desulfuración alcanzado, baseándose nun media mensual. A respecto do primeiro ano de aplicación do artigo 45, comunicarse tamén a xustificación técnica da inviabilidade do cumprimento dos valores límite de emisión establecidos no artigo 44.2 e 3.

b) Para as instalacións que non operen máis de 1.500 horas ao ano, como media móbil calculada nun período de cinco anos, o número de horas de funcionamento ao ano. No caso das instalacións acollidas ao plan nacional transitorio previstas no artigo 46, o período antes citado comezase a contar a partir da data en que a instalación deixe de estar acollida ao plan, ou cando este finalizase, a partir do 1 de xullo de 2020.

c) Para as instalacións acollidas ao plan nacional transitorio que despois da finalización deste non operen máis de 1.500 horas ao ano, calculada como media móbil para un período de cinco anos desde a data en que a instalación deixe de estar acollida ao plan nacional transitorio ou desde que este finalizase, o número de horas de funcionamento ao ano.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente remitirán anualmente á Comisión os datos referidos neste número.

5. Antes do 1 de xaneiro de 2016 o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente comunicarán á Comisión Europea a lista das instalacións de combustión ás cales sexa de aplicación o artigo 47.1 e a lista das instalacións de combustión ás cales sexa de aplicación o artigo 49.1. A partir do 1 de xaneiro de 2016 remitirase anualmente o historial do número de horas de funcionamento das instalacións de cada unha das listas.

6. Así mesmo, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Ambiente, no ámbito das súas respectivas competencias e sen prexuízo das competencias asignadas a outros organismos, poderán adoptar as disposicións necesarias para regular a forma de remisión da información que os titulares das instalacións de combustión deben remitirlles.

CAPÍTULO VI

Disposicións especiais para as instalacións de produción de dióxido de titanio

Artigo 56. *Ámbito de aplicación.*

Este capítulo aplicarase ás instalacións que producen dióxido de titanio.

Artigo 57. *Prohibición da eliminación de residuos.*

Queda prohibida a emisión dos seguintes residuos a calquera masa de auga, mar ou océano:

- a) Os residuos sólidos.
- b) As augas de proceso procedentes da fase de filtración despois da hidrólise da solución de sulfato de titanio procedentes de instalacións que apliquen o procedemento do sulfato, incluído o residuo ácido asociado con tales augas, cun contido global superior a 0,5 % de ácido sulfúrico libre e diferentes metais pesados, e incluídas esas augas residuais que foron diluídas até conteren 0,5 % ou menos de ácido sulfúrico libre.
- c) Os residuos procedentes de instalacións que apliquen o procedemento do cloro que conteñan máis do 0,5 % de ácido clorhídrico libre e diferentes metais pesados, incluído o residuo que foi diluído até conter 0,5 % ou menos de ácido clorhídrico libre.
- d) Os sales de filtración, lodos e residuos líquidos procedentes do tratamento de concentración ou neutralización dos residuos mencionados nas alíneas b) e c) e que conteñan diferentes metais pesados, pero que non inclúan residuos neutralizados e filtrados ou decantados que conteñan unicamente vestixios de metais pesados e que, antes de calquera dilución, presenten un valor pH superior a 5,5.

Artigo 58. *Control das emisións á auga.*

1. As emisións das instalacións á auga non excederán os valores límite de emisión fixados no anexo 4, parte 1.
2. Na autorización ambiental integrada poderanse establecer valores límite de emisión con parámetros diferentes aos mencionados no anexo 4, parte 1, cando os órganos competentes en materia de verteduras ao medio acuático consideren que tales parámetros son característicos da vertedura.

Artigo 59. *Prevención e control das emisións á atmosfera.*

1. Debe evitarse a emisión de pequenas gotas ácidas procedentes das instalacións.
2. As emisións á atmosfera das instalacións non excederán os valores límite de emisión fixados no anexo 4, parte 2.

Artigo 60. *Control das emisións.*

1. Os órganos competentes deberán controlar as emisións á auga a fin de comprobar o cumprimento das condicións da autorización ambiental integrada e as do artigo 58.
2. Os órganos competentes deberán controlar as emisións á atmosfera a fin de comprobar o cumprimento das condicións da autorización ambiental integrada e as do artigo 59. Este control incluírá como mínimo a medición das emisións segundo o anexo 4, parte 3.
3. Os métodos de análise química, incluídos os métodos de campo e laboratorio utilizados para a monitorización das emisións, estarán validados e documentados de conformidade coa norma EN ISO/IEC-17025 ou outras normas equivalentes aceptadas internacionalmente.

Todos os métodos de análise aplicados basearanse nunha incerteza de medida do 50 % ou menos ($k=2$) estimada a nivel dos valores límite de emisión e un límite de cuantificación igual ou inferior a un valor do 30 % dos valores límite de emisión pertinentes.

Na falta dun método de análise que cumpra os criterios anteriores, as análises efectuaranse seguindo as mellores técnicas dispoñibles que non produzan custos desproporcionados.

ANEXO 1
Categorías de actividades e instalacións incluídas no artigo 2 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación

Nota: os valores limiar mencionados en cada unha das actividades relacionadas na seguinte táboa refírense, con carácter xeral, a capacidades de produción ou a produtos. Se un mesmo titular realiza varias actividades da mesma categoría na mesma instalación, sumaranse as capacidades desas actividades. Para as actividades de xestión de residuos, este cálculo aplicarase ás instalacións incluídas nas epígrafes 5.1, 5.3 e 5.4.

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
<p style="text-align: center;">1. INSTALACIÓNS DE COMBUSTIÓN</p> <p>1.1 Instalacións de combustión cunha potencia térmica nominal total igual ou superior a 50 MW:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime ordinario ou en réxime especial nas cales se produza a combustión de combustibles fósiles, residuos ou biomasa. b) Instalacións de coxeración, caldeiras, xeradores de vapor ou calquera outro equipamento ou instalación de combustión existente nunha industria, sexa esta ou non a súa actividade principal. <p>1.2 Refinarías de petróleo e gas:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Instalacións para a refinación de petróleo ou de cru de petróleo. b) Instalacións para a produción de gas combustible distinto do gas natural e gases licuados do petróleo. <p>1.3 Coquerías.</p>	<p>Instalacións dedicadas á produción de enerxía térmica mediante a combustión de calquera tipo de combustible fósil e os diferentes tipos de biomasa, así como mediante a coincineración de residuos. A enerxía térmica obtida pode ser utilizada directamente en forma de calor ou transformada noutras formas útiles de enerxía (mecánica, eléctrica...) mediante ciclos térmicos determinados.</p> <p>Instalacións para a refinación de cru de petróleo, orientadas a obter distintos tipos de produtos, desde gases até produtos líquidos e sólidos utilizados como combustibles, carburantes ou como materias primas.</p> <p>Instalacións dedicadas á preparación de coque metalúrxico a partir de carbón, como material necesario para a produción de produtos básicos de ferro fundido, aceiro, ferroalixas en fornos altos.</p>

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
<p>1.4 Instalacións de gasificación e licuefacción de:</p> <p>a) Carbón.</p> <p>b) Outros combustibles, cando a instalación teña unha potencia térmica nominal igual ou superior a 20 MW.</p>	<p>Instalacións dedicadas á produción de gases combustibles por combustión parcial a partir de carbón ou outros carburantes. O gas producido pode ser posteriormente tratado para a súa utilización como materia prima en procesos químicos ou dedicado á valorización enerxética por combustión en caldeiras ou en turbinas ou motores térmicos.</p> <p>Dentro deste grupo inclúense instalacións tales como destilación de carbón, con obtención de produtos líquidos condensados.</p>
2. PRODUCCIÓN E TRANSFORMACIÓN DE METAIS	
<p>2.1 Instalacións de calcinación ou sinterización de minerais metálicos, incluído o mineral sulfuroso.</p>	<p>Instalacións para a primeira transformación de minerais metálicos, así como calquera outra que dispoña de equipamentos para a preparación de material por medio de calcinación, sinterización, tostación ou sublimación.</p>
<p>2.2 Instalacións para a produción de fundición ou de aceiros brutos (fusión primaria ou secundaria), incluídas as correspondentes instalacións de fundición continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora.</p>	<p>Industria siderúrxica ou de produción de aliaxes de ferro mediante fusión primaria ou secundaria, como por exemplo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Obtención de gusa en fornos altos. - Obtención de aceiro en convertedores. - Aproveitamento e eliminación de escouras. - Transformación directa de serralía en aceiro en fornos eléctricos.
<p>2.3 Instalacións para a transformación de metais ferrosos:</p> <p>a) Laminación en quente cunha capacidade superior a 20 toneladas de aceiro bruto por hora.</p> <p>b) Forxa con martelos cuxa enerxía de impacto sexa superior a 50 quilojoules por martelo e cando a potencia térmica utilizada sexa superior a 20 MW.</p> <p>c) Aplicación de camadas de protección de metal fundido cunha capacidade de tratamento de máis de 2 toneladas de aceiro bruto por hora.</p>	<p>Instalacións para a produción, fabricación ou transformación de metais ferrosos e aliaxes por laminación en quente, para a obtención de produtos semielaborados ou elaborados.</p> <p>Instalacións para a produción de pezas forxadas.</p> <p>Considerarase a potencia térmica utilizada como a suma da potencia térmica instalada en todos os fornos.</p> <p>Industrias ou instalacións de galvanización e aqueloutras en que se produce o recubrimento de aceiro con camadas doutro metal fundido para mellorar as súas características, fundamentalmente fronte á corrosión.</p>

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
2.4 Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas por día.	Fundicións de ferro, de aceiros e doutros metais ferrosos, para a fabricación de pezas, obxectos ou accesorios.
2.5 Instalacións: a) Para a produción de metais en bruto non ferrosos a partir de minerais, de concentrados ou de materias primas secundarias mediante procedementos metalúrxicos, químicos ou electrolíticos. b) Para a fusión de metais non ferrosos, inclusive a aliaxe, así como os produtos de recuperación e outros procesos cunha capacidade de fusión de máis de 4 toneladas para o chumbo e o cadmio ou 20 toneladas para todos os demais metais, por día.	Instalacións para a produción e primeira transformación de metais non ferrosos (aluminio, cobre, chumbo, zinc, níquel, cromo, manganeso, metais preciosos ou doutros metais) a partir de minerais ou concentrados de minerais, como os obtidos nos procesos que utilizan materias primas secundarias. Instalacións destinadas á obtención de produtos acabados ou semiacabados a base de metais ou aliaxes (mesmo a formación destas), mediante procesos en quente.
2.6 Instalacións para o tratamento de superficie de metais e materiais plásticos por procedemento electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ao tratamento empregadas sexa superior a 30 m ³ .	Industria ou instalacións produtoras, transformadoras ou fabricantes de calquera tipo de obxecto metálico ou plástico que realicen algún ou varios destes tipos de tratamentos. Para o cálculo da capacidade das cubetas considerárase a suma dos volumes de todas as da instalación, excepto as cubetas de lavado.
3. INDUSTRIAS MINERAIS	
3.1. Produción de cemento, cal e óxido de magnesio: a) i) fabricación de cemento por molturación cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias; ii) fabricación de clinker en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 500 toneladas diarias, ou en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas por día.	Instalacións dedicadas á produción de clinker ou de cemento, incluíndo as instalacións de molturación de clinker para produción de cemento cando aquela non forme parte integral da instalación.

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
<p>b) produción de cal en fornos cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.</p> <p>c) produción de óxido de magnesio en fornos cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.</p>	<p>Instalacións de fabricación de cal.</p> <p>Instalacións de fabricación de óxido de magnesio.</p>
3.2 Sen contido.	Sen contido
3.3 Instalacións para a fabricación de vidro, incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.	Instalacións para a fabricación de vidro oco (botellas, tarros, frascos), vidro plano, vidro doméstico, vidro decorativo, tubo de vidro, fibra de vidro (filamento continuo de vidro para reforzo), fritas, vidros para uso técnico, illadores, vidros para iluminación e sinalización e calquera outro tipo de vidro.
3.4 Instalacións para a fundición de materiais minerais, incluída a fabricación de fibras minerais cunha capacidade de fundición superior a 20 toneladas por día.	Instalacións para a fabricación de calquera tipo de fibras a partir de materias primas minerais. Instalacións para a fabricación de materiais minerais illantes como as las de rocha, de escouras e doutros minerais. Tamén deben incluírse as instalacións destinadas á fabricación de las de vidro.
3.5 Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante enformamento, en particular tellas, tixolos, refractarios, azulexos, gres cerámico ou produtos cerámicos ornamentais ou de uso doméstico, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día, ou unha capacidade de enformamento de máis de 4 m ³ e de máis de 300 kg/m ³ de densidade de carga por forno.	<p>Todas as instalacións manufactureiras de produtos cerámicos mediante enformamento, tales como materiais refractarios, azulexos e baldosas, tixolos, tellas e outros produtos de terras cocidas, aparellos sanitarios cerámicos, artigos cerámicos de uso doméstico e ornamental, porcelanas, artigos cerámicos de uso técnico, illadores e pezas illantes cerámicas, arxilas calcinadas, así como aqueelas que fabriquen calquera outro tipo de peza cerámica. As instalacións afectadas serán:</p> <ul style="list-style-type: none"> - unha capacidade superior a 75 toneladas/día, ou - unha capacidade de enformamento superior a 4 m³ cunha densidade de carga por forno superior a 300 kg/m³

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
<p>4. INDUSTRIAS QUÍMICAS. A fabricación, para efectos das categorías de actividades de actividades desta norma, designa a fabricación a escala industrial, mediante transformación química ou biolóxica dos produtos ou grupos de produtos mencionados nas epígrafes da 4.1 á 4.6.</p> <p>4.1 Instalacións químicas para a fabricación de produtos químicos orgánicos, en particular:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Hidrocarburos simples (lineares ou cíclicos, saturados ou insaturados, alifáticos ou aromáticos). b) Hidrocarburos oxixenados, tales como alcois, aldehidos, cetonas, ácidos orgánicos, ésteres e mesturas de ésteres acetatos, éteres, peróxidos, resinas epoxi. c) Hidrocarburos sulfurados. d) Hidrocarburos nitroxenados, en particular, aminas, amidas, compostos nitrosos, nítricos ou nítratos, nitrilos, cianatos e isocianatos. e) Hidrocarburos fosforados. f) Hidrocarburos haloxenados. g) Compostos orgánicos metálicos. h) Materias plásticas (polímeros, fibras sintéticas, fibras a base de celulosa). i) Cauchos sintéticos. j) Corantes e pigmentos. k) Tensioactivos e axentes de superficie. 	<p>Instalacións químicas e de calquera outro sector de actividade con instalacións para a fabricación, mediante transformación química ou biolóxica de produtos orgánicos, calquera que sexa a materia prima de partida ou o proceso seguido.</p> <p>Instalacións químicas e de calquera outro sector de actividade dedicadas á produción de produtos polímeros, fibras sintéticas e fibras a base de celulosa, calquera que sexa a materia prima de partida e o proceso seguido.</p> <p>Industrias ou instalacións que fabriquen ou produzan caucho sintético en forma primaria.</p> <p>Instalacións dedicadas á produción de corantes e pigmentos orgánicos, calquera que sexa a materia prima de partida e a súa forma final.</p> <p>Instalacións químicas e de calquera outro sector de actividade dedicadas á produción destes produtos, calquera que sexa a materia prima de partida e independentemente da súa capacidade de produción.</p>

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
<p>4.2 Instalacións químicas para a fabricación de produtos químicos inorgánicos como:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Gases e, en particular, o amoníaco, o cloro ou o cloruro de hidróxeno, o flúor ou fluoruro de hidróxeno, os óxidos de carbono, os compostos de xofre, os óxidos do nitróxeno, o hidróxeno, o dióxido de xofre, o dicloruro de carbonilo. b) Ácidos e, en particular, o ácido crómico, o ácido fluorhídrico, o ácido fosfórico, o ácido nítrico, o ácido clorhídrico, o ácido sulfúrico, o ácido sulfúrico fumante, os ácidos sulfurados. c) Bases e, en particular, o hidróxido de amonio, o hidróxido potásico, o hidróxido sódico. d) Sales como o cloruro de amonio, o clorato potásico, o carbonato potásico (potasa), o carbonato sódico (sosa), os perboratos, o nitrato arxénico. e) Non metais, óxidos metálicos ou outros compostos inorgánicos como o carburo de calcio, o silicio, o carburo de silicio. 	<p>Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, que impliquen transformación química ou biolóxica, calquera que sexa a materia prima de partida ou o proceso seguido.</p> <p>Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, incluíndo corantes e pigmentos inorgánicos que impliquen transformación química ou biolóxica calquera que sexa a materia prima de partida ou o proceso seguido.</p>
<p>4.3 Instalacións químicas para a fabricación de fertilizantes a base de fósforo, de nitróxeno ou de potasio (fertilizantes simples ou compostos).</p>	<p>Industrias químicas e de calquera outro sector de actividade, con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, que impliquen transformación química ou biolóxica, calquera que sexa a materia prima de partida ou o proceso seguido.</p>
<p>4.4 Instalacións químicas para a fabricación de produtos fitosanitarios e de biocidas.</p>	<p>Industrias químicas que contén con instalacións para a fabricación de calquera destes produtos, sexa ou non esta a súa actividade principal, e independentemente de calquera que sexa a materia prima de partida, o proceso seguido ou, cando impliquen transformación química ou biolóxica.</p>
<p>4.5 Instalacións químicas que utilicen un procedemento químico ou biolóxico para a fabricación de medicamentos, incluídos os produtos intermedios.</p>	<p>Instalacións para a fabricación, por procedementos químicos ou biolóxicos, de principios activos e outros produtos destinados á fabricación de medicamentos, calquera que sexa a materia prima de partida ou o proceso seguido.</p>

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIONES INCLUIDAS
4.6 Instalacións químicas para a fabricación de explosivos.	Industrias químicas que contén con instalacións para a produción de calquera tipo de explosivo, cando impliquen transformación química.
5. XESTIÓN DE RESIDUOS.	
<p>5.1 Instalacións para a valorización ou eliminación de residuos perigosos, cunha capacidade de máis de 10 toneladas por día que realicen unha ou máis das seguintes actividades:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Tratamento biolóxico; b) Tratamento fisicoquímico; c) Combinación ou mestura previas ás operacións mencionadas nas epígrafes 5.1 e 5.2; d) Reenvasamento previo a calquera das operacións mencionadas nas epígrafes 5.1 e 5.2; e) Recuperación ou rexeneración de disolventes; f) Reciclaxe ou recuperación de materias inorgánicas que non sexan metais ou compostos metálicos; g) Rexeneración de ácidos ou de bases; h) Valorización de compoñentes utilizados para reducir a contaminación; i) Valorización de compoñentes procedentes de catalizadores; j) Rexeneración ou reutilización de aceites; k) Encoramento superficial (por exemplo, vertedura de residuos líquidos ou lodos en pozos, balsas ou lagoas etc.). 	<p>Instalacións incluídas no ámbito de aplicación da Lei 22/2011, do 28 de xullo, que realicen algunha das seguintes actividades de valorización ou eliminación de residuos perigosos, enumeradas nos seus anexos I e II:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recuperación ou rexeneración de disolventes (R2). - Recuperación ou reciclaxe de materiais inorgánicos diferentes dos metálicos (R5), incluíndo a limpeza do solo que teña como resultado a valorización do solo e a reciclaxe de materiais de construción inorgánicos. - Rexeración de ácidos ou bases (R6). - Valorización de compoñentes utilizados para reducir a contaminación (R7). - Valorización de compoñentes procedentes de catalizadores (R8). - Rexeración ou outro novo emprego de aceites, como por exemplo lubricantes (R9). - Tratamentos biolóxicos previos a outros procesos de eliminación (D9). - Tratamentos fisicoquímicos previos a outros procesos de eliminación (D9). - Encoramento superficial (por exemplo, vertedura de residuos líquidos ou lodos en pozos, balsas ou lagoas, etc.) (D 4). - Combinación ou mestura previas ás operacións mencionadas nas epígrafes 5.1 e 5.2 (D 13). - Reenvasamento previo a calquera das operacións mencionadas nas epígrafes 5.1 e 5.2 (D 14). - R12 combinación, mestura, reenvasamento, previas a valorización.
<p>5.2 Instalacións para a valorización ou eliminación de residuos en instalación de incineración ou co-incineración de residuos:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Para os residuos non perigosos cunha capacidade superior a tres toneladas por hora; b) Para residuos perigosos cunha capacidade superior a 10 toneladas por día. 	<p>Instalacións de incineración de residuos urbanos, calquera que sexa a forma de recollida, teñan ou non recuperación enerxética, de conformidade co establecido no Real decreto 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos, dentro dos límites especificados.</p>


ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIONES INCLUIDAS
<p>5.3 Instalacións para a eliminación dos residuos non perigosos cunha capacidade de máis de 50 toneladas por día, que inclúan unha ou máis das seguintes actividades, excluíndo as incluídas no Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Tratamento biolóxico; b) Tratamento fisicoquímico; c) Tratamento previo á incineración ou coincineración; d) Tratamento de escouras e cinzas; e) Tratamento en trituradoras de residuos metálicos, incluíndo residuos eléctricos e electrónicos, e vehículos ao final da súa vida útil e os seus compoñentes. 	
<p>5.4 Valorización, ou unha mestura de valorización e eliminación, de residuos non perigosos cunha capacidade superior a 75 toneladas por día que inclúan unha ou máis das seguintes actividades, excluíndo as incluídas no Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Tratamento biolóxico; b) Tratamento previo á incineración ou coincineración; c) Tratamento de escouras e cinzas; d) Tratamento en trituradoras de residuos metálicos, incluíndo residuos eléctricos e electrónicos, e vehículos ao final da súa vida útil e os seus compoñentes. <p>Cando a única actividade de tratamento de residuos que se leve a cabo na instalación sexa a dixestión anaerobia, os límites de capacidade para esta actividade serán de 100 toneladas por día.</p>	

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
5.5 Vertedoiros de todo tipo de residuos que reciban máis de 10 toneladas por día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 toneladas, con exclusión dos vertedoiros de residuos inertes.	Vertedoiros de residuos perigosos e de residuos non perigosos, incluídos, neste último caso, aqueles en que se depositen residuos urbanos ou municipais, tal como se definen no Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.
5.6 Almacenamento temporal dos residuos perigosos non incluídos na epígrafe 5.5 en espera da aplicación dalgún dos tratamentos mencionados na epígrafe 5.1, 5.2, 5.5 e 5.7, cunha capacidade total superior a 50 toneladas, excluíndo o almacenamento temporal, pendente de recolla, no sitio onde o residuo é xerado.	
5.7 Almacenamento subterráneo de residuos perigosos cunha capacidade total superior a 50 toneladas.	
6. INDUSTRIA DERIVADA DA MADEIRA	
6.1 Instalacións industriais destinadas á fabricación de: <ul style="list-style-type: none"> a) Pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas. b) Papel ou cartón cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas diarias. 	<p>Instalacións que produzan pasta de papel de calquera tipo (branqueada, semibranqueada, ou crúa) mediante procedementos mecánicos ou químicos, a partir de materias primas naturais como madeira e outras fibras naturais ou a partir de fibras recuperadas.</p> <p>Instalacións destinadas á produción de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Calquera tipo de papel a partir de pasta de calquera dos tipos sinalados no punto anterior coa posible presenza doutros aditivos. - Calquera tipo de cartón a partir de pasta de papel e outros aditivos, destinado a usos industriais tales como envases e embalaxes, etc. <p>As instalacións a que se refire esta categoría poden estar ou non integradas en fábricas de pasta de papel.</p>

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
6.2 Instalacións de produción de celulosa cunha capacidade de produción superior a 20 toneladas diarias.	Instalacións destinadas á produción de celulosa a partir de madeira ou fibras vexetais.
6.3 Instalacións industriais destinadas á fabricación de un ou máis dos seguintes taboleiros derivados da madeira: taboleiros de labras de madeira orientadas, taboleiros aglomerados ou taboleiros de cartón comprimido, cunha capacidade de produción superior a 600 m ³ diarios.	
7. INDUSTRIA TÉXTIL	
7.1 Instalacións para o tratamento previo (operacións de lavado, branqueamento, mercerización) ou para a tinxidura de fibras ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento supere as 10 toneladas diarias.	Instalacións para a preparación e pretratamento de fibras naturais e sintéticas, así como produtos téxtiles ou aquelas para a tinxidura e tratamentos de acabamento.
8. INDUSTRIA DO COIRO	
8.1 Instalacións para o curtume de coiros cando a capacidade de tratamento supere as 12 toneladas de produtos acabados por día.	Instalacións dedicadas á transformación de pel bruta de animais en coiro.

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
9. INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS E EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS	
<p>9.1 Instalacións para:</p> <p>a) Mataboiros cunha capacidade de produción de canais superior a 50 toneladas/día.</p>	<p>Industrias cárnicas para o sacrificio, con destino ao consumo humano, de animais das especies bovina, equina, porcina, ovina, caprina, avícola e cunícola, incluídas as industrias destinadas á conservación e á fabricación de produtos cárnicos que dispoñan de instalacións destinadas ao sacrificio animal das anteriores especies, sexa ou non esta a súa actividade principal.</p>
<p>b) Tratamento e transformación, diferente do mero envasamento, das seguintes materias primas, tratadas ou non previamente, destinadas á fabricación de produtos alimenticios ou pensos a partir de:</p> <p>i) Materia prima animal (que non sexa exclusivamente o leite) dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 75 toneladas/día;</p>	<p>Instalacións destinadas á produción de alimentos para persoas ou animais a partir de materias. Entre outras, encontráanse as actividades destinadas a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración e preparación de produtos cárnicos e de peixes conxelados ou refrixerados. - Fabricación de conservas de produtos cárnicos e de peixe. - Elaboración de alimentos preservados e curados. - Preparación de alimentos precociñados, deshidratados, reconstituídos ou en po a base de materia prima animal (carne, peixe, ovos). - Preparación de alimentos cocinados e listos para comer de orixe animal. - Fabricación de graxas e aceites comestibles de orixe animal destinados a alimentación humana. - Fabricación de pensos para animais cando o compoñente principal é de orixe animal.

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
<p>ii) Materia prima vexetal dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 300 toneladas por día ou 600 toneladas por día en caso de que a instalación funcione durante un período non superior a 90 días consecutivos nun ano calquera.</p>	<p>Instalacións destinadas á produción de alimentos para persoas e animais a partir de materiais de orixe vexetal, sexan frescos, conxelados, conservados, precocifitados, deshidratados ou completamente elaborados. Dentro destas instalacións encóntranse, entre outras, as dedicadas ás actividades de:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Produción de zumes, confituras e conservas a partir de froitas e verduras. - Produción de alimentos precocifitados cuxos compoñentes principais sexan de orixe vexetal (verduras ou legumes). - Produción de aceites de froitos ou de sementes, incluídas as actividades de extracción a partir de bagazos e de refinación dos distintos tipos de aceites, exclusivamente destinados a alimentación humana ou animal. - Produción de fariñas para fabricación de alimentos ou de pensos para animais, con separación dos diferentes compoñentes dos grans mundos (farelo, fariña, glute, etc.) e a preparación de alimentos especiais a partir das fariñas, así como a produción de diferentes tipos de arroces para alimentación humana. - Produción de pan e outros produtos de panadería ou semielaborados a partir de fariñas de distintos cereais. - Produción de materias primas para fermentacións (amidóns). - Produción de malte e cervexa. - Elaboración de mostos e viños de uva e sidras. - Fermentación e destilación para a produción de bebidas destiladas de alta graduación. - Produción e refinación de azucre a partir de remolacha ou de cana, incluíndo o aproveitamento de melazas para destilación. - Produción de bebidas non alcohólicas (zumes de froitas e bebidas refrescantes baseadas en auga). - Produción de derivados de cacao. - Elaboración de derivados de café (torrefacción, produción de café soluble ou de café descafeinado). - Produción de alimentos para animais baseados, fundamentalmente, en materias primas vexetais.

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
<p>iii) Soamente materias primas animais e vexetais, tanto en produtos combinados como por separado, cunha capacidade de produción de produtos acabados en toneladas por día superior a:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 75 se A é igual ou superior a 10, ou - $[300 (22,5 \times A)]$ en calquera outro caso. <p>Onde «A» é a porción de materia animal (en porcentaxe do peso) da capacidade de produción de produtos acabados.</p> <p>O envase non se incluíra no peso final do produto.</p> <p>A presente subsección non será de aplicación cando a materia prima sexa só leite.</p>  <p>Materia prima animal (porcentaxe de capacidade de produción de produtos acabados)</p>	

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIONES INCLUIDAS
<p>c) Tratamento e transformación só do leite, cunha cantidade de leite recibido superior a 200 toneladas por día (valor medio anual).</p>	<p>Instalacións para a fabricación de produtos lácteos e os seus derivados (leite, leite evaporado ou en po, queixos, soros, caseína, requieixo, manteiga, xeados, iogur, leites callados, nata, bebidas a partir de leite e outros produtos, produción de derivados lácteos para fabricación de alimentos para animais, etc.).</p>
<p>9.2 Instalacións para a eliminación ou o aproveitamento de canais ou carcasas de animais cunha capacidade de tratamento superior a 10 toneladas/día.</p>	
<p>9.3 Instalacións destinadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos que dispoñan de máis de:</p> <p>a) 40.000 prazas se se trata de galiñas poñedoras ou do número equivalente en excreta de nitróxeno para outras orientacións produtivas de aves de curral.</p> <p>b) 2.000 prazas para porcos da ceba de máis de 30 kg.</p> <p>c) 750 prazas para porcas reproductoras.</p>	<p>Instalacións gandeiras dedicadas á cría e engorda, en explotacións intensivas, de todo tipo de aves, tanto para a produción de carne como para a produción de ovos ou para reprodución.</p> <p>O número equivalente para outras aves é o seguinte:</p> <p>– 85.000 polos de carne.</p>
	<p>Instalacións gandeiras dedicadas á cría e engorda de porcos en explotacións intensivas.</p> <p>O equivalente en contaminación para porcos menores:</p> <p>– 2.500 prazas de porcos da ceba de máis de 20 kg.</p>

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
<p>10. CONSUMO DE DISOLVENTES ORGÁNICOS</p> <p>10.1 Instalacións para tratamento de superficie de materiais, de obxectos ou produtos con utilización de disolventes orgánicos, en particular para aprestalos, estampalos, revestilos e desengraxalos, impermeabilizalos, colalos, enlaccalos, limpalos ou impregnalos, cunha capacidade de consumo de disolventes orgánicos de máis de 150 kg de disolvente por hora ou máis de 200 toneladas/ano.</p>	<p>Instalacións nas cales se leve a cabo tratamento de superficies utilizando disolventes orgánicos ben nas distintas fases de fabricación (colaxe, lacaxe, etc), ben para limpeza de superficies (desengraxadura), ou ben para conseguir a dispersión homoxénea de substancias sobre elas, coa finalidade de pintalas ou dar un acabado superficial. Estas actividades teñen en común a evaporación do disolvente á atmosfera (con ou sen recuperación posterior), que é unha das causas directas das emisións á atmosfera de compostos orgánicos volátiles.</p> <p>Como actividades máis importantes están, entre outras:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Instalacións para a aplicación sobre diversas superficies de pintura, adhesivos ou recubrimentos, en industrias como as de automoción, vehículos e outros tipos de maquinaria e equipamento mecánico ou eléctrico. - Instalacións para a aplicación de disolventes para lavado ou limpeza de superficies. - Industria gráfica. - Industria da madeira, incluída a fabricación de taboleiros. - Industria de transformación de caucho natural ou sintético.
	<p>11. INDUSTRIA DO CARBONO</p>
<p>11.1 Instalacións para fabricación de carbono sinterizado ou electrográfico por combustión ou grafitación.</p>	<p>Entre estas instalacións están as de fabricación de eléctrodos de grafito para utilizalos en fornos eléctricos ou fabricar fibra de carbono para construcións especiais, etc.</p>
<p>12.1 Conservación da madeira e dos produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos, cunha capacidade de produción superior a 75 m³ diarios, distinta de tratamentos para combater o sásmago exclusivamente.</p>	<p>12. INDUSTRIA DE CONSERVACIÓN DA MADEIRA</p>

ACTIVIDADES DA LEI 16/2002, DO 1 DE XULLO.	TIPO DE INDUSTRIAS E INSTALACIÓNS INCLUIDAS
13. TRATAMENTO DE AUGAS	
13.1 Tratamento independente de augas residuais, non incluído na lexislación sobre augas residuais urbanas, e vertidas por unha instalación mencionada no presente anexo.	
14. CAPTURA DE CO₂	
14.1 Captura de fluxos de CO ₂ procedentes de instalacións incluídas no presente anexo con fins de almacenamento xeolóxico consoante a Lei 40/2010, do 29 de decembro, de almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.	

ANEXO 2

Disposicións técnicas para as instalacións de incineración ou co-incineración

Parte 1.

Factores de equivalencia para as dibenzoparadióxinas e os dibenzofuranos

Para determinar a concentración total (ET) de dióxinas e furanos, multiplicaranse as concentracións en masa das seguintes dibenzoparadióxinas e dibenzofuranos polos seguintes factores de equivalencia antes de facer a suma total:

	Factor de equivalencia tóxica
2,3,7,8 Tetraclorodibenzodioxina (TCDD)	1
1,2,3,7,8 Pentaclorodibenzodioxina (PeCDD)	0,5
1,2,3,4,7,8 Hexaclorodibenzodioxina (HxCDD)	0,1
1,2,3,6,7,8 Hexaclorodibenzodioxina (HxCDD)	0,1
1,2,3,7,8,9 Hexaclorodibenzodioxina (HxCDD)	0,1
1,2,3,4,6,7,8 Heptaclorodibenzodioxina (HpCDD)	0,01
- Octaclorodibenzodioxina (OCDD)	0,001
2,3,7,8 Tetraclorodibenzofurano (TCDF)	0,1
2,3,4,7,8 Pentaclorodibenzofurano (PeCDF)	0,5
1,2,3,7,8 Pentaclorodibenzofurano (PeCDF)	0,05
1,2,3,4,7,8 Hexaclorodibenzofurano (HxCDF)	0,1
1,2,3,6,7,8 Hexaclorodibenzofurano (HxCDF)	0,1
1,2,3,7,8,9 Hexaclorodibenzofurano (HxCDF)	0,1
2,3,4,6,7,8 Hexaclorodibenzofurano (HxCDF)	0,1
1,2,3,4,6,7,8 Heptaclorodibenzofurano (HpCDF)	0,01
1,2,3,4,7,8,9 Heptaclorodibenzofurano (HpCDF)	0,01
- Octaclorodibenzofurano (OCDF)	0,001

Parte 2.**Determinación dos valores límite de emisión á atmosfera para a coincineración de residuos**

Aplicarase a seguinte fórmula (regra de mestura) cando un valor límite de emisión total específico C non se establecese nun cadro deste anexo.

O valor límite para cada contaminante de que se trate e para o CO nos gases residuais procedentes da coincineración de residuos deberá calcularse do seguinte modo:

$$(V_{\text{residuo}} \times C_{\text{residuo}} + V_{\text{proceso}} \times C_{\text{proceso}}) / (V_{\text{residuo}} + V_{\text{proceso}}) = C$$

- **Vresiduo:** o volume de gases residuais procedentes da incineración de residuos determinado unicamente a partir dos residuos co menor valor calorífico especificado na autorización e referido ás condicións establecidas no capítulo IV.
Se a calor xerada pola incineración de residuos perigosos é inferior ao 10% da calor total xerada na instalación, Vresiduo deberá calcularse a partir dunha cantidade (teórica) de residuos que, ao seren incinerados, xeren o 10 % de calor, mantendo constante a calor total xerada.
- **Cresiduo:** os valores límite de emisión establecidos na parte 5 respecto das instalacións de incineración de residuos.
- **Vproceso:** o volume de gases residuais procedentes do proceso realizado na instalación, incluída a queima dos combustibles autorizados utilizados normalmente na instalación (con exclusión dos residuos), determinado segundo o contido de oxíxeno en que deben normalizarse as emisións conforme o disposto nas normativas comunitarias ou nacionais. Na falta de normativa para esta clase de instalacións, deberá utilizarse o contido real de oxíxeno dos gases residuais, sen diluílo mediante inxección de aire innecesario para o proceso.
- **Cproceso:** os valores límite de emisión establecidos nas táboas do presente anexo para determinadas actividades industriais ou, na falta de tales táboas ou valores, os valores límite de emisión das instalacións que cumpran as disposicións legais, regulamentarias e administrativas nacionais aplicables ás ditas instalacións cando queiman os combustibles autorizados normalmente (con exclusión dos residuos). Na falta de tales medidas, utilizaranse os valores límite de emisión que estableza a autorización. Na falta destes, utilizaranse os valores correspondentes ás concentracións reais en masa.
- **C:** os valores límite de emisión totais a un contido de oxíxeno establecidos nas táboas deste anexo para determinadas actividades industriais e determinados contaminantes ou, na falta de tales táboas ou valores, os valores límite de emisión totais que substitúen os valores límite de emisión establecidos nas partes correspondentes deste anexo. O contido total de oxíxeno que substituirá o contido de oxíxeno para a normalización calcularase conforme o contido anterior, respectando os volumes parciais.

Todos os valores límite de emisión se calcularán a unha temperatura de 273,15 K, unha presión de 101,3 kPa e precedendo corrección do contido en vapor de auga dos gases residuais.

1. Disposicións especiais para os fornos de cemento en que se coincinen residuos.

1.1 Os valores límite de emisión fixados nos puntos 1.2 e 1.3 aplicaranse como valores medios diarios para as partículas totais, HCl, HF, NO_x, SO₂ e COT (para medidas en continuo), como valores medios ao longo dun período de mostraxe dun mínimo de 30 minutos e un máximo de 8 horas para os metais pesados e como valores medios ao longo dun período de mostraxe dun mínimo de 6 horas e un máximo de 8 horas para as dioxinas e os furanos.

Todos os valores están normalizados a 10% de oxíxeno para os gases de combustión procedentes do forno.

Os valores medios semihorarios só serán necesarios para calcular os valores medios diarios.

1.2 C: Valores límite de emisión totais:

Contaminante	C
Partículas totais	30 mg/Nm ³
HCl	10 mg/ Nm ³
HF	1 mg/ Nm ³
NO _x	500 mg/ Nm ³ ⁽¹⁾
Cd + Tl	0,05 mg/ Nm ³
Hg	0,05 mg/ Nm ³
Sb + As + Pb + Cr + Co + Cu + Mn + Ni + V	0,5 mg/ Nm ³
Dioxinas e furanos	0,1 ng/ Nm ³

⁽¹⁾ Até o 1 de xaneiro de 2016 o órgano competente poderá autorizar exencións respecto do valor límite de NO_x para os fornos Lepol e para os fornos rotatorios longos, sempre que a autorización fixe un valor límite de emisión total de NO_x non superior a 800 mg/Nm³.

1.3 Valores medios diarios para o SO₂ e o COT

Contaminante	C mg/Nm ³
SO ₂	50
COT	10

O órgano competente poderá autorizar exencións nos casos en que o COT e o SO₂ non procedan da coincineración de residuos.

1.4 Valor límite de emisión para o CO.

O órgano competente poderá fixar os valores límite de emisión para o CO.

2. Disposicións especiais para instalacións de combustión que coincinen residuos.

2.1 Cproceso expresado como valores medios diarios (mg/Nm^3) válido até a data indicada na disposición transitoria primeira, número 5.

Para a determinación da potencia térmica total das instalacións de combustión, aplicaranse as normas de adición definidas no artigo 43. Os valores medios semihorarios só serán necesarios para calcular os valores medios diarios.

Cproceso para os combustibles sólidos con excepción da biomasa (contido de O_2 6%):

Contaminantes	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO ₂		850	200	200
NO _x		400	200	200
Partículas	50	50	30	30

Cproceso para a biomasa (contido de O_2 6%):

Contaminantes	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO ₂		200	200	200
NO _x		350	300	200
Partículas	50	50	30	30

Cproceso para os combustibles líquidos (contido de O_2 3%):

Contaminantes	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO ₂		850	400 a 200 (diminución linear de 100 300 MWth)	200
NO _x		400	200	200
Partículas	50	50	30	30

2.2. Cproceso expresado como valores medios diarios (mg/Nm^3) válido a partir da data indicada na disposición transitoria primeira, número 6.

Para a determinación da potencia térmica total das instalacións de combustión aplicaranse as normas de adición definidas no artigo 43. Os valores medios semihorarios só serán necesarios para calcular os valores medios diarios.

2.2.1. Cproceso para as instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.2, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

Cproceso para os combustibles sólidos con excepción da biomasa (contido de O_2 6%):

Substancia contaminante	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO_2	—	400 para a turba: 300	200	200
NO_x	—	300 para o lignito pulverizado: 400	200	200
Partículas	50	30	25 para a turba: 20	20

Cproceso para a biomasa (contido de O_2 6%):

Substancia contaminante	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO_2	—	200	200	200
NO_x	—	300	250	200
Partículas	50	30	20	20

Cproceso para os combustibles líquidos (contido de O_2 3%):

Substancia contaminante	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO_2	—	350	250	200
NO_x	—	400	200	150
Partículas	50	30	25	20

2.2.2 Cproceso para as instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.3, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

Cproceso para os combustibles sólidos con excepción da biomasa (contido de O₂ 6%):

Substancia contaminante	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO ₂	—	400 para a turba: 300	200 para a turba: 300, salvo no caso da combustión en leito fluído: 250	150 para a combustión en leito fluído circulante ou a presión ou, en caso de alimentación con turba, para toda a combustión en leito fluído: 200
NO _x	—	300 para a turba: 250	200	150 para a combustión de lignito pulverizado: 200
Partículas	50	20	20	10 para a turba: 20

Cproceso para a biomasa (contido de O₂ 6%):

Substancia contaminante	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO ₂	—	200	200	150
NO _x	—	250	200	150
Partículas	50	20	20	20

Cproceso para os combustibles líquidos (contido de O₂ 3%):

Substancia contaminante	< 50 MWth	50 a 100 MWth	100 a 300 MWth	> 300 MWth
SO ₂	—	350	200	150
NO _x	—	300	150	100
Partículas	50	20	20	10

2.3 C: valores límite de emisión totais para metais pesados (mg/Nm^3) expresados como valores medios medidos ao longo dun período de mostraxe dun mínimo de 30 minutos e un máximo de 8 horas (contido de O_2 6% para os combustibles sólidos e 3% para os combustibles líquidos).

Contaminante	C
Cd + Tl	0,05
Hg	0,05
Sb + As + Pb + Cr + Co + Cu + Mn + Ni + V	0,5

2.4 C: valores límite de emisión totais (ng/Nm^3) para dioxinas e furanos expresados como valor medio medido ao longo dun período de mostraxe dun mínimo de 6 horas e un máximo de 8 horas (contido de O_2 6% para os combustibles sólidos e 3% para os combustibles líquidos).

Contaminante	C
Dioxinas e furanos	0,1

3. Disposicións especiais para instalacións de coincineración de residuos en sectores industriais non incluídos no número 1 nin no número 2 anteriores.

1.1 C: Valores límite de emisión totais (mg/Nm^3) para dioxinas e furanos expresados como valor medio medido ao longo dun período de mostraxe dun mínimo de 6 horas e un máximo de 8 horas.

Contaminante	C
Dioxinas e furanos	0,1

1.2 C: valores límite de emisión totais (mg/Nm^3) para metais pesados expresados como valores medios medidos ao longo dun período de mostraxe dun mínimo de 30 minutos e un máximo de 8 horas:

Contaminante	C
Cd + Tl	0,05
Hg	0,05

Parte 3.

Técnicas de medición

1. As medicións para determinar as concentracións de substancias contaminantes da atmosfera e da auga levaranse a cabo de maneira representativa.
2. A mostraxe e a análise de todos os contaminantes, entre eles as dioxinas e os furanos, así como o aseguramento da calidade dos sistemas de medición automática e os métodos de medición de referencia para calibralos, realizaranse consoante as normas CEN. En ausencia das normas CEN, aplicaranse as normas ISO ou as normas nacionais ou internacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalente. Os sistemas de medición automática estarán suxeitos a control por medio de medicións paralelas cos métodos de referencia ao menos unha vez ao ano.
3. Os valores dos intervalos de confianza do 95% de calquera medición, determinados nos valores límite de emisión diarios, non superarán as seguintes porcentaxes dos valores límite de emisión:

Monóxido de carbono:	10%
Dióxido de xofre:	20%
Dióxido de nitróxeno:	20%
Partículas totais:	30%
Carbono orgánico total:	30%
Cloruro de hidróxeno:	40%
Fluoruro de hidróxeno:	40%

Parte 4.**Valores límite de emisión para verteduras de augas residuais procedentes da depuración de gases de escape**

Substancias contaminantes	Valores límite de emisión expresados en concentraciones en masa para mostrás non filtradas	
	95%	100%
1. Total de sólidos en suspensión tal como se definen no Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas, e no Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, que o desenvolve.	- 30 mg/l	- 45 mg/l
2. Mercurio e os seus compostos, expresados en mercurio (Hg).	0,03 mg/l	
3. Cadmio e os seus compostos, expresados en cadmio (Cd).	0,05 mg/l	
4. Talio e os seus compostos, expresados en talio (Tl).	0,05 mg/l	
5. Arsénico e os seus compostos, expresados en arsénico (As).	0,15 mg/l	
6. Chumbo e os seus compostos, expresados en chumbo (Pb).	0,2 mg/l	
7. Cromo e os seus compostos, expresados en cromo (Cr).	0,5 mg/l	
8. Cobre e os seus compostos, expresados en cobre (Cu).	0,5 mg/l	
9. Níquel e os seus compostos, expresados en níquel (Ni).	0,5 mg/l	
10. Zinc e os seus compostos, expresados en zinc (Zn).	1,5 mg/l	
11. Dioxinas e furanos, definidos como a suma das distintas dioxinas e furanos avaliados conforme o anexo 1.	0,3 ng/l	

Parte 5.**Valores límite de emisión á atmosfera para as instalacións de incineración de residuos**

a) Todos os valores límite de emisión relativos ás alíneas seguintes calcularanse a unha temperatura de 273,15 K, unha presión de 101,3 kPa e precedendo corrección do contido en vapor de auga dos gases residuais.

Están normalizados ao 11% de oxíxeno no gas residual, excepto no caso da incineración de aceites minerais usados segundo o definido no artigo 3 f) da Lei 22/2011, do 28 de xullo, normalizados ao 3% de oxíxeno, e nos casos a que se refire o artigo 13.8.

b) Valores medios diarios (mg/Nm³)

Partículas totais	10
Substancias orgánicas en estado gasoso e de vapor expresadas en carbono orgánico total	10
Cloruro de hidróxeno (HCl)	10
Fluoruro de hidróxeno (HF)	1
Dióxido de xofre (SO ₂)	50
Monóxido de nitróxeno (NO) e dióxido de nitróxeno (NO ₂), expresados como dióxido de nitróxeno, para instalacións de incineración existentes de capacidade nominal superior a 6 toneladas por hora ou para instalacións de incineración novas	200
Monóxido de nitróxeno (NO) e dióxido de nitróxeno (NO ₂), expresados como dióxido de nitróxeno, para instalacións de incineración xa existentes de capacidade nominal non superior a 6 toneladas por hora	400

c) Valores medios semihorarios (mg/Nm³)

	(100%) A	(97%) B
Partículas totais	30	10
Substancias orgánicas en estado gasoso e de vapor expresadas en carbono orgánico total	20	10
Cloruro de hidróxeno (HCl)	60	10
Fluoruro de hidroxeno (HF)	4	2
Dióxido de xofre (SO ₂)	200	50
Monóxido de nitróxeno (NO) e dióxido de nitróxeno (NO ₂), expresados como dióxido de nitróxeno, para instalacións de incineración existentes de capacidade nominal superior a 6 toneladas por hora ou para instalacións de incineración novas	400	200

d) Todos os valores medios medidos ao longo dun período de mostraxe dun mínimo de 30 minutos e un máximo de 8 horas (mg/Nm^3).

Cadmio e os seus compostos, expresados en cadmio (Cd).	Total 0,05
Talio e os seus compostos, expresados en talio (Tl).	
Mercurio e os seus compostos, expresados en mercurio (Hg).	0,05
Antimonio e os seus compostos, expresados en antimonio (Sb).	Total 0,5
Arsénico e os seus compostos, expresados en arsénico (As).	
Chumbo e os seus compostos, expresados en chumbo (Pb).	
Cromo e os seus compostos, expresados en cromo (Cr).	
Cobalto e os seus compostos, expresados en cobalto (Co).	
Cobre e os seus compostos, expresados en cobre (Cu).	
Manganeso e os seus compostos, expresados en manganeso (Mn).	
Níquel e os seus compostos, expresados en níquel (Ni).	
Vanadio e os seus compostos, expresados en vanadio (V).	

Estes valores medios refírense ás emisións correspondentes de metais pesados, así como dos seus compostos, tanto en estado gasoso como de vapor.

e) Todos os valores medios medidos ao longo dun período de mostraxe dun mínimo de 6 horas e un máximo de 8 horas. O valor límite de emisión refírese á concentración total de dioxinas e furanos calculada utilizando o concepto de equivalencia tóxica de conformidade co anexo 1.

Dioxinas e furanos	0,1 ng/Nm^3
--------------------	-----------------------------

f) Non poderán superarse nos gases residuais os seguintes valores límite de emisión das concentracións de monóxido de carbono (CO):

- 50 mg/Nm^3 calculado como valor medio diario.
- 100 mg/Nm^3 calculado como valor medio semihorario;
- 150 mg/Nm^3 calculado como valor medio cada 10 minutos.

O órgano competente poderá autorizar exencións para instalacións de incineración de residuos que utilicen a tecnoloxía de combustión en leito fluído, sempre que a autorización estableza un valor límite de emisión para o monóxido de carbono (CO) igual ou inferior a 100 mg/Nm^3 como valor medio horario.

Parte 6.

Fórmula para calcular a concentración corrixida de emisións de contaminantes en función do contido de oxíxeno, de acordo co artigo 37

$$Es = [(21 - Os) / (21 - Om)] \times Em$$

Es = concentración de emisión referida a gas seco en condicións normalizadas e corrixida á concentración de oxíxeno de referencia, segundo a instalación e tipo de combustible (do anexo 2, parte 5, alínea a) expresada en mg/m³ (ou ng/m³ para dioxinas e furanos).

Em = concentración de emisión medida, referida a gas seco en condicións normalizadas, expresada en mg/m³ (ou ng/m³ para dioxinas e furanos).

Os = concentración de oxíxeno de referencia, segundo o sinalado no anexo 2, parte 5, alínea a) para cada tipo de instalación, expresada en % en volume.

Om = concentración de oxíxeno medida, referida a gas seco en condicións normalizadas, expresada en % en volume.

As concentracións "Es" así obtidas serán as que deban compararse cos valores límite de emisión, C total, establecidos no anexo 2, partes 2 e 5.

ANEXO 3

Disposicións técnicas para as grandes instalacións de combustión

Parte 1.

Valores límite de emisión para as instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.2

1. Todos os valores límite de emisión calcularanse a unha temperatura de 273,15 K, unha presión de 101,3 kPa e precedendo corrección do contido en vapor de auga dos gases residuais e a unha porcentaxe normalizada de O₂ do 6% no caso de combustibles sólidos, do 3% en instalacións de combustión, distintas das turbinas de gas e dos motores de gas, que usan combustibles líquidos e gasosos e do 15% das turbinas de gas e motores de gas.

2. Valores límite de emisión (mg/Nm³) de SO₂ para instalacións de combustión que utilicen combustibles sólidos ou líquidos, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

Potencia térmica nominal total (MW)	Hulla e lignito e demais combustibles sólidos	Biomasa	Turba	Combustibles líquidos
50-100	400	200	300	350
100-300	250	200	300	250
> 300	200	200	200	200

As instalacións de combustión que usen combustibles sólidos e cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002, ou cuxos titulares presentasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003, e que non se utilicen durante máis de 1.500 horas de funcionamento ao ano, como media móbil calculada nun período de cinco anos, deberán cumprir un valor límite de emisión de SO₂ de 800 mg/Nm³.

As instalacións de combustión que usen combustibles líquidos, cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002, ou cuxos titulares presentasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003, e que non estean en funcionamento máis de 1.500 horas ao ano, como media móbil durante un período de cinco anos, deberán cumprir un valor límite de emisión para SO₂ de 850 mg/Nm³ no caso de instalacións cunha potencia térmica nominal total non superior a 300 MW e de 400 mg/Nm³ no caso de instalacións cunha potencia térmica nominal total superior a 300 MW.

Unha parte dunha instalación de combustión que expulse os seus gases residuais por un ou máis condutos de fumes separados dentro dunha cheminea común, e que non se utilice durante máis de 1.500 horas de funcionamento ao ano, como media móbil calculada nun período de cinco anos, poderá someterse aos valores límite de emisión establecidos

nos dous números precedentes, en relación coa potencia térmica nominal total de toda a instalación de combustión. En tales casos, as emisións a través de cada un destes condutos de fumes controlaranse por separado.

3. Valores límite de emisión (mg/Nm^3) de SO_2 para instalacións de combustión que usan combustibles gasosos, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

En xeral	35
Gas licuado	5
Gases de baixo poder calorífico procedentes de fornos de coque	400
Gases de baixo poder calorífico procedentes de altos fornos	200

As instalacións de combustión alimentadas con gases de baixo poder calorífico procedentes da gasificación de residuos de refinaría, e cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares presentasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003, deberán cumprir un valor límite para SO_2 de $800 \text{ mg}/\text{Nm}^3$.

4. Valores límite de emisión (mg/Nm^3) de NO_x para instalacións de combustión que utilicen combustibles sólidos ou líquidos, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

Potencia térmica nominal total (MW)	Hulla e lignito e demais combustibles sólidos	Biomasa e turba	Combustibles líquidos
50-100	300 450 ⁽¹⁾	300	450
100-300	200	250	200 ⁽²⁾
> 300	200	200	150 ⁽²⁾

Notas:

(1) En caso de combustión de lignito pulverizado.

(2) O valor límite de $450 \text{ mg}/\text{Nm}^3$ para a combustión de residuos de destilación e de conversión da refinación de petróleo cru para o seu propio consumo en instalacións de combustión dunha potencia térmica nominal total non superior a 500 MW, e cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares presentaron unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003.

As instalacións de combustión en plantas químicas que utilicen residuos líquidos de produción como combustible non comercial para o seu propio consumo, dunha potencia térmica nominal total non superior a 500 MW, cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxo titular presentase unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003, deberán cumprir un valor límite de emisión para NO_x de $450 \text{ mg}/\text{Nm}^3$.

As instalacións de combustión que utilicen combustibles sólidos ou líquidos cunha potencia térmica nominal total non superior a 500 MW, cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares presentaron unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003, e que non superen máis de 1.500 horas anuais de funcionamento, en media móbil calculada nun período de cinco anos, deberán cumprir un valor límite de emisións de NO_x de 450 mg/Nm³.

As instalacións de combustión que utilicen combustibles sólidos cunha potencia térmica nominal total superior a 500 MW, cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 1 de xullo de 1987 e que non superen as 1.500 horas anuais de funcionamento, en media móbil calculada nun período de cinco anos, deberán cumprir un valor límite de emisión de NO_x de 450 mg/Nm³.

As instalacións de combustión que empreguen combustibles líquidos, cunha potencia térmica nominal total superior a 500 MW, cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares presentasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003, e que non estean en funcionamento máis de 1.500 horas de funcionamento ao ano, como media móbil durante un período de cinco anos, deberán cumprir un valor límite de emisión para NO_x de 400 mg/Nm³.

Unha parte dunha instalación de combustión que expulse os seus gases residuais por un ou máis condutos de fumes separados dentro dunha cheminea común poderá someterse aos valores límite de emisión establecidos nos tres números precedentes, en relación coa potencia térmica nominal total de toda a instalación de combustión e que non se utilice durante máis de 1.500 horas de funcionamento por ano, como media móbil calculada nun período de cinco anos. En tales casos, as emisións a través de cada un destes condutos de fumes controlaranse por separado.

5. As turbinas de gas, incluídas as turbinas de gas de ciclo combinado (TGCC), que utilizan destilados lixeiros e medios como combustibles líquidos deberán cumprir un valor límite de emisión para NO_x de 90 mg/Nm³ e de 100 mg/Nm³ para CO.

Non se aplicarán os valores límite de emisión establecidos no presente punto ás turbinas de gas destinadas a un uso de emerxencia que funcionen menos de 500 horas anuais. O titular destas instalacións levará un rexistro das horas de funcionamento utilizadas, que notificará anualmente ao órgano competente.

6. Valores límite de emisión (mg/Nm^3) de NO_x e CO para instalacións de combustión de gas:

	NO_x	CO
Instalacións de combustión alimentadas con gas natural, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas.	100	100
Instalacións de combustión alimentadas con gas de altos fornos, gas de fornos de coque ou gases de baixo poder calorífico procedentes da gasificación de residuos de refinaría, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas.	200 ⁽⁴⁾	
Instalacións de combustión alimentadas con outros gases, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas.	200 ⁽⁴⁾	
Turbinas de gas (incluídas as TGCC) que utilizan gas natural ⁽¹⁾ como combustible.	50 ⁽²⁾⁽³⁾	100
Turbinas de gas (incluídas as TGCC) que utilizan outros gases como combustible.	120	
Motores de gas.	100	100

Notas:

(1) O gas natural é metano de orixe natural que non teña máis do 20% (en volume) de inertes e outros constituíntes.

(2) 75 mg/Nm^3 nos seguintes casos, cando o rendemento da turbina de gas se determina en condicións ISO para carga base:

- 1º Turbinas de gas utilizadas en sistemas combinados de calor e electricidade cun rendemento global superior ao 75 %.
- 2º Turbinas de gas utilizadas en instalacións de ciclo combinado cuxo rendemento eléctrico global medio anual sexa superior ao 55 %.
- 3º Turbinas de gas para unidades motrices mecánicas.

(3) Para as turbinas de gas de ciclo único que non entran en ningunha das categorías mencionadas na nota (2), pero que teñan un rendemento superior ao 35 % –determinado en condicións ISO para carga base– o valor límite de emisión de NO_x será de $50 * \eta / 35$, onde η é o rendemento da turbina de gas expresado en porcentaxe, determinado en condicións ISO para carga base.

(4) 300 mg/Nm^3 para as ditas instalacións de combustión, dunha potencia térmica nominal total non superior a 500 MW e cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares presentasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003.

Para as turbinas de gas (incluídas as TGCC), os valores límite de emisión de NO_x e CO que figuran no cadro contido neste punto aplicaranse unicamente para unha carga por cima do 70 %.

Canto ás turbinas de gas (incluídas as TGCC), cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares presentasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003, e que non estean en funcionamento máis de 1.500 horas por ano, como media móbil durante un período de cinco anos, o valor límite de emisión para NO_x será de 150 mg/Nm^3 cando estean alimentadas por gas natural e de 200 mg/Nm^3 cando o estean por outros gases ou combustibles líquidos.

Unha parte dunha instalación de combustión que expulse os seus gases residuais por un ou máis condutos de fumes separados dentro dunha cheminea común e que non se utilice durante máis de 1.500 horas de funcionamento por ano, como media móbil calculada nun período de cinco anos, poderá someterse aos valores límite de emisión establecidos no número precedente, segundo a potencia térmica total de toda a instalación de combustión. En tales casos, as emisións a través de cada un destes condutos de fumes controlaranse por separado.

Non se aplicarán os valores límite de emisión establecidos no presente punto ás turbinas de gas e aos motores de gas destinados a un uso de emerxencia que operen menos de 500 horas de funcionamento anuais. O titular destas instalacións levará un rexistro das horas de funcionamento utilizadas, que notificará anualmente ao órgano competente.

7. Valores límite de emisión (mg/Nm^3) de partículas para instalacións de combustión que utilicen combustibles sólidos ou líquidos, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

Potencia térmica nominal total (MW)	Hulla e lignito e demais combustibles sólidos	Biomasa e turba	Combustibles líquidos ⁽¹⁾
50-100	30	30	30
100-300	25	20	25
> 300	20	20	20

Nota: (1) Un valor límite de emisión de 50 mg/Nm^3 para a combustión de residuos de destilación e de conversión procedentes da refinación de petróleo cru para o seu propio consumo, en instalacións de combustión e cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares presentasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento en data non posterior ao 27 de novembro de 2003.

8. Valores límite de emisión (mg/Nm^3) de partículas para instalacións de combustión que utilicen combustibles gasosos, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

En xeral	5
Gases de altos fornos	10
Gases producidos pola industria do aceiro que poden ter outros usos	30

Parte 2.

Valores límite de emisión para as instalacións de combustión a que se refire o artigo 44.3

1. Todos os valores límite de emisión calcularanse a unha temperatura de 273,15 K, unha presión de 101,3 kPa, precedendo corrección do contido en vapor de auga dos gases residuais, e a unha porcentaxe normalizada de O₂ do 6 % no caso de combustibles sólidos, do 3 % no das instalacións de combustión distintas das turbinas de gas e os motores de gas que usan combustibles líquidos e gasosos, e do 15 % no das turbinas de gas e motores de gas.

No caso das turbinas de gas de ciclo combinado con alimentación suplementaria, o órgano competente poderá definir a porcentaxe normalizada de O₂, tendo en conta as características específicas da instalación de que se trate.

2. Valores límite de emisión (mg/Nm³) de SO₂ para instalacións de combustión que utilicen combustibles sólidos ou líquidos, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

Potencia térmica nominal total (MW)	Hulla e lignito e demais combustibles sólidos	Biomasa	Turba	Combustibles líquidos
50-100	400	200	300	350
100-300	200	200	300 250 ⁽¹⁾	200
> 300	150 200 ⁽²⁾	150	150 200 ⁽¹⁾	150

Notas:

(1) En caso de combustión en leito fluído.

(2) En caso de combustión en leito fluído circulante ou a presión.

3. Valores límite de emisión (mg/Nm³) de SO₂ para instalacións de combustión que usan combustibles gasosos, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

En xeral	35
Gas licuado	5
Gases de baixo poder calorífico procedentes de fornos de coque	400
Gases de baixo poder calorífico procedentes de altos fornos	200

4. Valores límite de emisión (mg/Nm^3) de NO_x para instalacións de combustión que utilicen combustibles sólidos ou líquidos, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

Potencia térmica nominal total (MW)	Hulla e lignito e demais combustibles sólidos	Biomasa e turba	Combustibles líquidos
50-100	300 400 ⁽¹⁾	250	300
100-300	200	200	150
> 300	150 200 ⁽¹⁾	150	100

Nota: (1) En caso de combustión de lignito pulverizado.

5. As turbinas de gas (incluídas as TGCC) que utilizan destilados lixeiros e medios como combustibles líquidos deberán cumprir un valor límite de emisión para NO_x de $50 \text{ mg}/\text{Nm}^3$ e de $100 \text{ mg}/\text{Nm}^3$ para CO.

Non se aplicarán os valores límite de emisión establecidos no presente punto ás turbinas de gas destinadas a un uso de emerxencia que funcionen menos de 500 horas anuais. O titular destas instalacións levará un rexistro das horas de funcionamento utilizadas.

6. Os valores límite de emisión (mg/Nm^3) de NO_x e CO para instalacións de combustión de gas:

	NO_x	CO
Instalacións de combustión distintas das turbinas de gas e os motores de gas	100	100
Turbinas de gas (incluídas as TGCC)	50 ⁽¹⁾	100
Motores de gas	75	100

Nota: (1) Para as turbinas de gas de ciclo único que teñan un rendemento superior ao 35 % –determinado en condicións ISO para carga base–, o valor límite de emisión de NO_x será de $50 \cdot \eta/35$, onde η é o rendemento da turbina de gas expresado en porcentaxe, determinado en condicións ISO para carga base.

Para as turbinas de gas (incluídas as TGCC), os valores límite de emisión de NO_x e CO fixados no presente punto aplicaranse unicamente para unha carga por cima do 70 %.

Non se aplicarán os valores límite de emisión establecidos no presente punto ás turbinas de gas e aos motores de gas destinados a un uso de emerxencia que operen menos de 500 horas de funcionamento anuais. O titular destas instalacións levará un rexistro das horas de funcionamento utilizadas, que notificará anualmente ao órgano competente.

7. Valores límite de emisión (mg/Nm³) de partículas para instalacións de combustión que utilicen combustibles sólidos ou líquidos, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

Potencia térmica nominal total (MW)	
50-300	20
> 300	10 20 ⁽¹⁾

Nota: (1) no caso da biomasa e da turba.

8. Valores límite de emisión (mg/Nm³) de partículas para instalacións de combustión que utilicen combustibles gasosos, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas:

En xeral	5
Gases de altos fornos	10
Gases producidos pola industria do aceiro que poden ter outros usos	30

Parte 3.

Control das emisións

1. Mediranse en continuo as concentracións de SO₂, NO_x e partículas nos gases residuais procedentes de cada instalación de combustión cunha potencia térmica nominal total igual ou superior a 100 MW.

Medirase, así mesmo, en continuo a concentración de CO nos gases residuais das instalacións de combustión alimentadas por combustibles gasosos cunha potencia térmica nominal total igual ou superior a 100 MW.

2. O órgano competente poderá decidir non exixir a medición en continuo a que se refire o punto 1 anterior nos casos seguintes:

a) Para as instalacións de combustión cun período de vida inferior a 10.000 horas de actividade.

b) Para o SO₂ e as partículas procedentes de instalacións de combustión alimentadas con gas natural.

c) Para o SO₂ procedente de instalacións de combustión alimentadas con gasóleo cun contido de xofre cofecido, nos casos en que non se dispoña de equipamento de desulfuración de gases residuais.

d) Para o SO₂ procedente de instalacións de combustión alimentadas con biomasa, se o titular pode demostrar que en ningún caso as emisións de SO₂ superarán os valores límite de emisión establecidos.

3. Cando non se requiran medicións en continuo, exixíranse medicións de SO₂, NO_x, partículas e, no caso das instalacións alimentadas con gas, tamén de CO, ao menos unha vez cada seis meses.

4. No caso das instalacións de combustión alimentadas con hulla ou lignito, medíranse as emisións de mercurio total, ao menos unha vez ao ano.

5. Como alternativa ás medicións de SO₂ e NO_x a que se refire o punto 3 anterior, poderán utilizarse outros procedementos verificados e aprobados polo órgano competente para determinar as emisións de SO₂ e NO_x. Tales procedementos utilizarán as normas CEN pertinentes ou, caso de que non se dispoña de normas CEN, as normas ISO ou outras normas nacionais ou internacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalente.

6. Informarase o órgano competente sobre os cambios significativos no tipo de combustible empregado ou no modo de explotación da instalación. O órgano competente decidirá se os requisitos de control establecidos nos puntos do 1 ao 4 anteriores se manteñen ou exixen ser adaptados.

7. As medicións en continuo efectuadas conforme o punto 1 anterior incluírán a medición do contido de oxíxeno, a temperatura, a presión e o contido de vapor de auga dos gases residuais. A medición en continuo do contido de vapor de auga dos gases residuais non será necesaria, sempre que a mostra de gas residual secase antes de que se analicen as emisións.

8. A mostraxe e análise das substancias contaminantes e as medidas dos parámetros do proceso, así como o aseguramento da calidade dos sistemas de medición automáticos e os métodos de medición de referencia para calibrar os ditos sistemas, levaranse a cabo consoante as normas CEN. Se aínda non estiveren dispoñibles as normas CEN, aplicaranse as normas ISO ou as normas nacionais ou internacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalente.

Os sistemas de medición automáticos estarán suxeitos a control por medio de medicións paralelas cos métodos de referencia, ao menos, unha vez ao ano.

O titular informará o órgano competente dos resultados do control dos sistemas de medición automáticos.

9. Os valores dos intervalos de confianza do 95 % de calquera medición, determinados para os valores límite de emisión diarios, non superarán as seguintes porcentaxes dos valores límite de emisión:

Monóxido de carbono	10 %
Dióxido de xofre	20 %
Óxidos de nitróxeno	20 %
Partículas	30 %

10. Os valores medios validados horarios e diarios determinaranse a partir dos valores medios horarios válidos medidos, unha vez subtraído o valor do intervalo de confianza especificado no punto 9 anterior.

Invalídanse os días en que máis de tres valores medios horarios sexan inválidos debido ao mal funcionamento ou mantemento do sistema de medición automático.

Se por estes motivos se invalidan máis de dez días ao ano, o órgano competente exixirá ao titular que adopte as medidas necesarias para mellorar a fiabilidade do sistema de medición automática.

11. No caso de instalacións que deban cumprir cos índices de desulfuración previstos no artigo 45, tamén deberá controlarse regularmente o contido de xofre do combustible utilizado na instalación de combustión. O titular das instalacións deberá comunicar ao órgano competente calquera cambio substancial que rexistre o tipo de combustible utilizado.

Parte 4.

Avaliación do cumprimento dos valores límite de emisión

1. No caso de medicións en continuo, consideraranse respectados os valores límite de emisión fixados nas partes 1 e 2 se a avaliación dos resultados das medidas indica, para as horas de funcionamento dun ano, que se cumpriron na súa totalidade as condicións seguintes:

a) Ningún valor medio mensual validado excede os valores límite de emisión pertinentes fixados nas partes 1 e 2; os valores medios mensuais validados determinanse a partir dos valores medios diarios validados, tendo en conta un mes natural.

b) Ningún valor medio diario validado excede o 110 % dos valores límite de emisión pertinentes fixados nas partes 1 e 2.

c) Cando se trate de instalacións de combustión constituídas soamente por caldeiras que queimen carbón, cunha potencia térmica nominal total inferior a 50 MW, ningún valor medio diario validado excede o 150 % dos valores límite de emisión pertinentes fixados nas partes 1 e 2.

d) O 95 % de todos os valores medios horarios validados do ano non supera o 200 % dos valores límite de emisión pertinentes fixados nas partes 1 e 2.

Os valores medios validados determinaranse segundo o establecido no punto 10 da parte 3.

Para efectos do cálculo dos valores medios de emisión, non se tomarán en consideración os valores medidos durante os períodos a que se refire o artigo 44.5 e 6 e o artigo 51, así como tampouco durante os períodos de arrincada e parada.

2. Nos casos en que non se exixan medicións en continuo, consideraranse respectados os valores límite de emisión fixados nas partes 1 e 2 se os resultados de cada unha das series de medicións, ou daqueles outros procedementos definidos e determinados conforme os procedementos establecidos polo órgano competente, non exceden os valores límite de emisión.

Parte 5.

Índice mínimo de desulfuración

1. Índice mínimo de desulfuración para as instalacións de combustión mencionadas no artigo 44.2:

Potencia térmica nominal total (MW)	Índice mínimo de desulfuración	
	Instalacións cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares presentasen unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003.	Outras instalacións
50-100	80 %	92 %
100-300	90 %	92 %
> 300	96 % ⁽¹⁾	96 %

Nota: (1) Para as instalacións de combustión que utilicen lousa bituminosa, o índice mínimo de desulfuración será do 95 %.

2. Índice mínimo de desulfuración para as instalacións de combustión mencionadas no artigo 44.3:

Potencia térmica nominal total (MW)	Índice mínimo de desulfuración
50-100	93 %
100-300	93 %
> 300	97 %

Parte 6.

Cumprimento do índice de desulfuración

Os índices mínimos de desulfuración mencionados na parte 5 aplicaranse a modo de valor límite medio mensual.

Parte 7.

Valores límite de emisión medios das instalacións de combustión equipadas con caldeira mixta situadas nunha refinaría

Valores límite de emisión medios (mg/Nm³) de SO₂ para as instalacións de combustión equipadas con caldeira mixta situadas nunha refinaría, con excepción das turbinas de gas e os motores de gas, que utilizan os residuos de destilación e de conversión procedente da refinación de petróleo cru, sós ou con outros combustibles, para o seu propio consumo:

a) Para as instalacións de combustión cuxa autorización substantiva inicial de construción se concedese antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares presentaron unha solicitude completa para a concesión de tal autorización substantiva antes desa data, sempre que a instalación se puxese en funcionamento non máis tarde do 27 de novembro de 2003: 1.000 mg/Nm³.

b) Para outras instalacións de combustión: 600 mg/Nm³.

Estes valores límite de emisión calcularanse para unha temperatura de 273,15 K, unha presión de 101,3 kPa e precedendo corrección do contido en vapor de auga dos gases residuais e a unha porcentaxe normalizada de O₂ do 6 % no caso de combustibles sólidos, e do 3 % no caso de combustibles líquidos e gasosos.

ANEXO 4

Disposicións técnicas respecto ás instalacións que producen dióxido de titanio

Parte 1.

Valores límite de emisión para as verteduras á auga

1. No caso de instalacións industriais que utilicen o procedemento do sulfato (como media anual): 550 kg de sulfato por tonelada de dióxido de titanio producido.

2. No caso de instalacións industriais que utilicen o procedemento do cloruro (como media anual):

a) 130 kg de cloruro por tonelada de dióxido de titanio producida, cando se utilice rutilio natural.

b) 228 kg de cloruro por tonelada de dióxido de titanio producida, cando se utilice rutilio sintético.

c) 330 kg de cloruro por tonelada de dióxido de titanio producida cando se utilice «slag» (escoura). As instalacións que efectúen verteduras en auga salgada (esteiros, litoral ou mar aberto) poderán estar sometidas a un valor límite de emisión de 450 kg de cloruro por tonelada de dióxido de titanio producida cando se utilice «slag» (escoura).

3. No caso de instalacións que apliquen o procedemento do cloruro e que utilicen máis dun tipo de mineral, aplicaranse os valores límite indicados no número 2 en proporción á cantidade de cada mineral utilizado.

Parte 2.

Valores límite de emisión ao aire

1. Os valores límite de emisión expresados en concentracións en masa por metro cúbico (Nm^3) calcularanse a unha temperatura de 273,15 K e unha presión de 101,3 kPa.

2. No caso das partículas: 50 mg/Nm^3 como media horaria procedente das fontes principais, e 150 mg/Nm^3 como media horaria procedente de calquera outra fonte.

3. No caso do dióxido e do trióxido de xofre gasosos, emitidos como produto da dixestión e a calcinación, incluídas as pequenas gotas ácidas, expresados en SO_2 equivalente:

a) 6 kg por tonelada de dióxido de titanio producido, como media anual.

b) 500 mg/Nm^3 , como media horaria para as instalacións de concentración de residuos ácidos.

4. No caso do cloro, se se trata de instalacións que utilicen o procedemento do cloruro:

a) 5 mg/Nm^3 como concentración media diaria.

b) 40 mg/Nm^3 en calquera momento.

Parte 3.

Control de emisións

A medición de emisións á atmosfera incluírá, ao menos, o control en continuo:

a) Do dióxido e do trióxido de xofre gasosos, emitidos como produto da dixestión e a calcinación das instalacións de concentración de residuos ácidos en instalacións que utilicen o procedemento do sulfato.

b) Do cloro das fontes principais en instalacións que utilicen o procedemento do cloro.

c) Das partículas das fontes principais.

ANEXO 5

Modificación do Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas

O anexo I do Real decreto 508/2007, do 20 de abril, modifícase nos seguintes termos:

“ANEXO I

CAPÍTULO 1

Categorías de actividades industriais incluídas no anexo 1 de Lei 16/2002, do 1 de xullo

Neste anexo descríbense as instalacións ou complexos e actividades industriais que deben cumprir cos requirimentos de información ambiental establecidos no presente real decreto.

As instalacións ou complexos entenderanse incluídos no ámbito deste real decreto cando realicen unha ou varias das actividades mencionadas neste anexo, sexa ou non esta a súa actividade principal, e sempre que se superen os limiares descritos en cada categoría de actividade. En todo caso, se un mesmo titular realiza diversas actividades da mesma categoría na mesma instalación no mesmo lugar, sumaranse as capacidades das ditas actividades.

Así mesmo, indícanse tanto os códigos das categorías de actividades industriais especificados na Lei 16/2002, do 1 de xullo, como a codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xaneiro, relativo ao establecemento dun rexistro europeo de emisións e transferencias de contaminantes, e polo que se modifican as directivas 91/689/CEE e 96/61/CE do Consello. Estes códigos deben ser notificados como identificativos da actividade industrial. Nos casos en que unha mesma actividade estea identificada polas dúas codificacións, ambas deberán ser notificadas.

Categoría da Lei 16/2002, do 1 de xullo	Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades
1. INSTALACIÓNS DE COMBUSTIÓN		
1.1	1.c)	Instalacións de combustión
1.1.a)	1.c).i	Instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime ordinario ou en réxime especial, nas cales se produza a combustión de combustibles fósiles, residuos ou biomasa:
	1.c).i (a)	- cunha potencia térmica nominal total igual a 50MW
	1.c).i (b)	- cunha potencia térmica nominal total superior a 50MW
1.1.b)	1.c).ii	Instalacións de coxeración, caldeiras, xeradores de vapor ou calquera outro equipamento ou instalación de combustión existente nunha industria, sexa esta ou non a súa actividade principal:
	1.c).ii (a)	- cunha potencia térmica nominal total igual a 50MW
	1.c).ii (b)	- cunha potencia térmica nominal total superior a 50MW
1.2	1.a)	Refinación de petróleo e de gas
1.2.a)	1.a.i	Instalacións para a refinación de petróleo ou de cru de petróleo
1.2.b)	1.a.ii	Instalacións para a produción de gas combustible distinto do gas natural e gases licuados do petróleo
1.3	1.d)	Coquerías
1.4	1.b)	Instalacións de gasificación ou licuefacción de:
1.4.a)	1.b) i	- Carbón
1.4.b)	1.b) ii	- Outros combustibles, cando a instalación teña unha potencia térmica nominal igual ou superior a 20 MW

Categoría da Lei 16/2002, do 1 de xullo	Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades
2. PRODUCCIÓN E TRANSFORMACIÓN DE METAIS		
2.1	2.a)	Instalacións de calcinación ou sinterización de minerais metálicos, incluído o mineral sulfurado.
2.2	2.b)	Instalacións para a produción de fundición ou de aceiros brutos (fusión primaria ou secundaria), incluídas as correspondentes instalacións de fundición continua dunha capacidade de máis de 2,5 toneladas por hora.
2.3	2.c)	Instalacións para a transformación de metais ferrosos:
2.3.a)	2.c) i	- Laminación en quente cunha capacidade superior a 20 toneladas de aceiro bruto por hora.
2.3.b)	2.c) ii	- Forxa con martelos cuxa enerxía de impacto sexa superior a 50 quilojoules por martelo e cando a potencia térmica utilizada sexa superior a 20 MW.
2.3.c)	2.c) iii	- Aplicación de camadas de protección de metal fundido cunha capacidade de tratamento superior a 2 toneladas de aceiro bruto por hora.
2.4	2.d)	Fundicións de metais ferrosos cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas por día.
2.5	2.e)	Instalacións:
2.5.a)	2.e) i	- Para a produción de metais en bruto non ferrosos a partir de minerais, de concentrados ou de materias primas secundarias mediante procedementos metalúrxicos, químicos ou electrolíticos.
2.5.b)	2.e) ii	- Para a fusión de metais non ferrosos, incluída a aliaxe, así como os produtos de recuperación e outros procesos cunha capacidade de fusión de máis de 4 toneladas para o chumbo e o cadmio ou 20 toneladas para todos os demais metais, por día.
2.6	2.f)	Instalacións para o tratamento de superficie de metais ou materiais plásticos por procedemento electrolítico ou químico, cando o volume das cubetas ou das liñas completas destinadas ao tratamento empregadas sexa superior a 30 m ³ .

Categoría da Lei 16/2002, do 1 de xullo	Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades
3. INDUSTRIAS MINERAIS		
3.1	3.c)	Produción de cemento, cal e óxido de magnesio.
3.1.a) i)	3.c) i)	Produción de cemento ou clínker:
3.1.a) ii)	3.c) i) (a)	Fabricación de cemento por molturación cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.
	3.c) i) (b)	Fabricación de clínker:
	3.c) i) (b) 1	- en fornos rotatorios cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.
	3.c) i) (b) 2	- en fornos doutro tipo cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.
3.1.b)	3.c) ii)	Produción de cal en fornos cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias:
	3.c) ii) (a)	- en fornos rotatorios.
	3.c) ii) (b)	- noutro tipo de fornos.
3.1.c)	3.c) iii)	Produción de óxido de magnesio en fornos cunha capacidade de produción superior a 50 toneladas diarias.
3.3	3.e)	Instalacións para a fabricación de vidro, incluída a fibra de vidro, cunha capacidade de fusión superior a 20 toneladas por día.
3.4	3.f)	Instalacións para a fundición de materiais minerais, incluída a fabricación de fibras minerais cunha capacidade de fundición superior a 20 toneladas por día.
3.5	3.g)	Instalacións para a fabricación de produtos cerámicos mediante enformamento, en particular tellas, tixolos, refractarios, azulexos, gres cerámico ou produtos cerámicos ornamentais ou de uso doméstico, cunha capacidade de produción superior a 75 toneladas por día, ou cunha capacidade de enformamento de máis de 4m ³ e de máis de 300 kg/m ³ de densidade de carga por forno.


Categoría da Lei 16/2002, do 1 de xullo	Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades
4. INDUSTRIA QUÍMICA: para efectos da presente sección e da descrición das categorías de actividades incluídas nela, fabricación significa a fabricación a escala industrial, mediante transformación química ou biolóxica dos produtos ou grupos de produtos mencionados nos puntos 4.1 a 4.6.		
4.1	4.a)	Instalacións químicas para a fabricación de produtos químicos orgánicos, en particular:
4.1.a)	4.a) i	- Hidrocarburos simples (lineares ou cíclicos, saturados ou insaturados, alifáticos ou aromáticos).
4.1.b)	4.a) ii	- Hidrocarburos oxixenados, tales como alcois, aldehidos, cetonas, ácidos orgánicos, ésteres e mesturas de ésteres, acetatos, éteres, peróxidos e resinas epoxi.
4.1.c)	4.a) iii	- Hidrocarburos sulfurados.
4.1.d)	4.a) iv	- Hidrocarburos nitroxenados, en particular, aminas, amidas, compostos nitrosos, nítricos ou nitratos, nitrilos, cianatos e isocianatos.
4.1.e)	4.a) v	- Hidrocarburos fosforados.
4.1.f)	4.a) vi	- Hidrocarburos haloxenados.
4.1.g)	4.a) vii	- Compostos orgánicos metálicos.
4.1.h)	4.a) viii	- Materias plásticas (polímeros, fibras sintéticas, fibras a base de celulosa).
4.1.i)	4.a) ix	- Cauchos sintéticos.
4.1.j)	4.a) x	- Corantes e pigmentos.
4.1.k)	4.a) xi	- Tensioactivos e axentes de superficie.
4.2	4.b)	Instalacións químicas para a fabricación de produtos químicos inorgánicos, como:
4.2.a)	4.b) i	- Gases e, en particular, o amoniaco, o cloro ou o cloruro de hidróxeno, o flúor ou fluoruro de hidróxeno, os óxidos de carbono, os compostos do xofre, os óxidos do nítróxeno, o hidróxeno, o dióxido de xofre, o dicloruro de carbonilo.

Categoría da Lei 16/2002, do 1 de xullo	Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades
4.2.b)	4.b) ii	- Ácidos e, en particular, o ácido crómico, o ácido fluorhídrico, o ácido fosfórico, o ácido nítrico, o ácido clorhídrico, o ácido sulfúrico, o ácido sulfúrico fumante, os ácidos sulfurados.
4.2.c)	4.b) iii	- Bases e, en particular, o hidróxido de amonio, o hidróxido potásico, o hidróxido sódico.
4.2.d)	4.b) iv	- Sales como o cloruro de amonio, o clorato potásico, o carbonato potásico (potasa), o carbonato sódico (sosa), os perboratos, o nitrato arxéntico.
4.2.e)	4.b) v	- Non metais, óxidos metálicos ou outros compostos inorgánicos como o carbuo de calcio, o silicio, o carbuo de silicio.
4.3	4.c)	Instalacións químicas para a fabricación de fertilizantes a base de fósforo, de nitróxeno ou de potasio (fertilizantes simples ou compostos).
4.4	4.d)	Instalacións químicas para a fabricación de produtos fitosanitarios ou de biocidas.
4.5	4.e)	Instalacións químicas que utilicen un procedemento químico ou biolóxico para a fabricación de medicamentos, incluídos os produtos intermedios.
4.6	4.f) i	Instalacións químicas para a fabricación de explosivos.
5. XESTIÓN DE RESIDUOS		
5.1	5.a)	Instalacións para a valorización ou eliminación de residuos perigosos, cunha capacidade de máis de 10 toneladas por día, que realicen unha ou máis das seguintes actividades:
5.1.a)	5.a) i	- Tratamento biolóxico.
5.1.b)	5.a) ii	- Tratamento fisicoquímico.
5.1.c)	5.a) iii	- Combinación ou mestura previas ás operacións mencionadas nos números 5.1 e 5.2.
5.1.d)	5.a) iv	- Reenvasamento previo a calquera das operacións mencionadas nos números 5.1 e 5.2.
5.1.e)	5.a) v	- Recuperación ou rexeneración de disolventes.

Categoría da Lei 16/2002, do 1 de xullo	Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades
5.1.f)	5.a) vi	- Reciclaixe ou recuperación de materias inorgánicas que non sexan metais ou compostos metálicos.
5.1.g)	5.a) vii	- Rexeneración de ácidos ou de bases.
5.1.h)	5.a) viii	- Valorización de compoñentes utilizados para reducir a contaminación.
5.1.i)	5.a) ix	- Valorización de compoñentes procedentes de catalizadores.
5.1.j)	5.a) x)	- Rexeneración ou reutilización de aceites.
5.1.k)	5.a) xi	- Encoramento superficial (por exemplo, vertedura de residuos líquidos ou lodos en pozos, estanques ou lagoas, etc.).
5.2.	5.b)	Instalacións para a valorización ou eliminación de residuos en instalacións de incineración ou co-incineración de residuos:
5.2.a)	5.b) i	- Para residuos non perigosos cunha capacidade superior a 3 toneladas por hora.
5.2.b)	5.b) ii	- Para residuos perigosos cunha capacidade superior a 10 toneladas por día.
5.3.	5.c)	Instalacións para a eliminación de residuos non perigosos cunha capacidade de máis de 50 toneladas por día que inclúan unha ou máis das seguintes actividades, excluindo as recollidas no Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas:
5.3.a)	5.c) i	- Tratamento biolóxico.
5.3.b)	5.c) ii	- Tratamento fisicoquímico.
5.3.c)	5.c) iii	- Tratamento previo á incineración ou co-incineración.
5.3.d)	5.c) iv	- Tratamento de escouras e cinzas.
5.3.f)	5.c) v	- Tratamento en trituradoras de residuos metálicos, incluíndo residuos eléctricos e electrónicos, e vehículos ao final da súa vida útil e os seus compoñentes.

Categoría da Lei 16/2002, do 1 de xullo	Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades
5.4	5.h)	Valorización, ou unha mestura de valorización e eliminación, de residuos non perigosos cunha capacidade superior a 75 toneladas por día que inclúan unha ou máis das seguintes actividades, excluindo as recollidas no Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas. Cando a única actividade de tratamento de residuos que se leve a cabo na instalación sexa a dixestión anaerobia, os limiares de capacidade para esta actividade serán de 100 toneladas ao día.
5.4.a)	5.h) i	- Tratamento biolóxico.
5.4.b)	5.h) ii	- Tratamento previo á incineración ou coincineración.
5.4.c)	5.h) iii)	- Tratamento de escouras e cinzas.
5.4.d)	5.h) iv	- Tratamento en trituradoras de residuos metálicos, incluíndo residuos eléctricos e electrónicos, e vehículos ao final da súa vida útil e os seus compoñentes.
5.5	5.d)	Vertedoiros de todo tipo de residuos que reciban máis de 10 toneladas por día ou que teñan unha capacidade total de máis de 25.000 toneladas, con exclusión dos vertedoiros de residuos inertes.
5.6	5.i)	Almacenamento temporal de residuos perigosos non incluídos no número 5.5 en espera da aplicación dalgún dos tratamentos mencionados no número 5.1, 5.2, 5.5 e 5.7 cunha capacidade total superior a 50 toneladas, excluindo o almacenamento temporal, pendente de recolla, no sitio onde o residuo é xerado.
5.7	5.j)	Almacenamento subterráneo de residuos perigosos, cunha capacidade total superior a 50 toneladas.
6. INDUSTRIA DERIVADA DA MADEIRA		
6.1.		Instalacións industriais destinadas á fabricación de:
6.1.a)	6.a)	- Pasta de papel a partir de madeira ou doutras materias fibrosas.
6.1.b)	6.b) i	- Papel ou cartón cunha capacidade de produción de máis de 20 toneladas diarias.

Categoría da Lei 16/2002, do 1 de xullo	Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades
6.2	6 d)	Instalacións de produción de celulosa cunha capacidade de produción superior a 20 toneladas diarias.
6.3	6.b) ii	Instalacións industriais destinadas á fabricación de un ou máis dos seguintes taboleiros derivados da madeira: taboleiros de labras de madeira orientadas, taboleiros aglomerados ou taboleiros de cartón comprimido, cunha capacidade de produción superior a 600 m ³ diarios.
7. INDUSTRIA TÉXTIL		
7.1	9.a)	Instalacións para o tratamento previo (operacións de lavado, branqueamento, mercerización) ou para o tinxidura de fibras téxtiles ou produtos téxtiles cando a capacidade de tratamento supere as 10 toneladas diarias.
8. INDUSTRIA DO COIRO		
8.1	9.b)	Instalacións para o curtume de coiros cando a capacidade de tratamento supere as 12 toneladas de produtos acabados por día.
9. INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS E EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS		
9.1.a)	8.a)	Matadoiros cunha capacidade de produción de canais superior a 50 toneladas/día.
9.1.b)	8.b)	Tratamento e transformación, diferentes do mero envasamento, das seguintes materias primas, tratadas ou non previamente, destinadas á fabricación de produtos alimenticios ou pensos a partir de:
9.1.b) i)	8.b) i)	- Materia prima animal (que non sexa exclusivamente o leite) dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 75 toneladas/día.
9.1.b) ii)	8.b) ii) (a)	- Materia prima vexetal dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 300 toneladas por día.
	8.b) ii) (b)	- Materia prima vexetal dunha capacidade de produción de produtos acabados superior a 600 toneladas por día en caso de que a instalación funcione durante un período non superior a 90 días consecutivos nun ano calquera.

Categoría da Lei 16/2002, do 1 de xullo	Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades
9.1.b).iii)	8.b) iii) (a)	<ul style="list-style-type: none"> - Só materias primas animais e vexetais, tanto en produtos combinados como por separado, cunha capacidade de produción de produtos acabados en toneladas por día superior a 75 se A é igual ou superior a 10, onde A é a porción de materia animal (en porcentaxe do peso) da capacidade de produción de produtos acabados.
	8.b) iii) (b)	<ul style="list-style-type: none"> - Só materias primas animais e vexetais, tanto en produtos combinados como por separado, cunha capacidade de produción de produtos acabados en toneladas por día superior a [300-(22,5xA)] en calquera outro caso, onde A é a porción de materia animal (en porcentaxe do peso) da capacidade de produción de produtos acabados.
 <p>Materia prima animal (porcentaxe de capacidade de produción de produtos acabados)</p>		
<p>A categoría 9.1.b).iii) non será de aplicación cando a materia prima sexa unicamente leite. Tampouco se incluírá o envase no peso final do produto.</p>		
9.1.c)	8.c)	Tratamento e transformación só de leite, cunha cantidade de leite recibido superior a 200 toneladas por día (valor medio anual).
9.2	5.e)	Instalacións para a eliminación ou aproveitamento de carcasas ou refugallos de animais cunha capacidade de tratamento superior a 10 toneladas/día.
9.3	7.a)	Instalacións destinadas á cría intensiva de aves de curral ou de porcos que dispoñan de máis de:
9.3.a)	7.a) i)	- 40.000 prazas se se trata de galiñas poñedoras ou do número equivalente en excreta de nitróxeno para outras orientacións produtivas de aves de curral.
9.3.b)	7.a) ii)	- 2.000 prazas para porcos da ceba de máis de 30 kg.
9.3.c)	7.a) iii)	- 750 prazas para porcas reprodutoras.

Categoría da Lei 16/2002, do 1 de xullo	Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades
10. CONSUMO DE DISOLVENTES ORGÁNICOS		
10.1	9.c)	Instalacións para tratamento de superficies de materiais, de obxectos ou produtos con utilización de disolventes orgánicos, en particular para aprestalos, estampalos, revestilos e desengraxalos, impermeabilizalos, colalos, lacalos, limpalos ou impregnalos, cunha capacidade de consumo de disolventes orgánicos superior a 150 kg de disolvente por hora ou superior a 200 toneladas por ano.
11. INDUSTRIA DO CARBONO		
11.1	9.d)	Instalacións para a fabricación de carbono sinterizado ou electrografito por combustión ou grafitación.
12. INDUSTRIA DE CONSERVACIÓN DA MADEIRA		
12.1	6.c) ii	Conservación da madeira e dos produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos, cunha capacidade de produción superior a 75 m ³ diarios, distinta de tratamentos para combater o sámago exclusivamente.
13. TRATAMENTO DE AUGAS		
13.1	5.g)	Tratamento independente de augas residuais, non previsto na lexislación sobre augas residuais urbanas, e vertidas por unha instalación mencionada no presente anexo:
	5.g) i	Cunha capacidade inferior a 10.000 m ³ por día.
	5.g) ii	Cunha capacidade igual ou superior a 10.000 m ³ por día.
14. CAPTURA DE CO₂		
14.1	10.a)	Captura de fluxos de CO ₂ procedentes de instalacións incluídas no presente anexo con fins de almacenamento xeolóxico consoante a Lei 40/2010, do 29 de decembro, de almacenamento xeolóxico de dióxido de carbono.

CAPÍTULO 2

Categorías de actividades industriais non incluídas no anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo

Descríbense neste capítulo as actividades industriais que non están incluídas no anexo 1 da Lei 16/2002, do 1 de xullo, é dicir, non están suxeitas a autorización ambiental integrada, pero que, non obstante, deben cumprir os requisitos de información deste real decreto.

Neste caso, para a identificación das actividades industriais soamente debe terse en conta a codificación baseada no Regulamento E-PRTR.

Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades	Limiares
SECTOR ENERXÍA		
1.e)	Laminadores de carbón	Cunha capacidade de 1 tonelada por hora.
1.f)	Instalacións de fabricación de produtos do carbón e combustibles sólidos non fumixenos.	*
INDUSTRIA MINERAL		
3.a)	Explotacións mineiras subterráneas e operacións conexas.	*
3.b)	Explotacións a ceo aberto e canteiras	Cando a superficie da zona en que efectivamente se practiquen operacións extractivas equivalla a 25 hectáreas.
INDUSTRIA QUÍMICA		
4.f) ii	Instalacións para a fabricación de produtos pirotécnicos.	*
XESTIÓN DE RESIDUOS		
5.f)	Instalacións de tratamento de augas residuais urbanas.	Cunha capacidade de 100.000 equivalentes-habitante.
FABRICACIÓN E TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA		
6.c) i	Plantas industriais para a conservación de madeira e produtos derivados con substancias químicas.	Cunha capacidade de produción de 50 m ³ por día.

Codificación baseada no Regulamento (CE) nº 166/2006 E-PRTR	Descrición de actividades	Limiaries
GANDARÍA E ACUICULTURA INTENSIVA		
7.b)	Acuicultura intensiva.	Cunha capacidade de produción de 1.000 toneladas de peixes e crustáceos por ano
OUTRAS ACTIVIDADES		
9.e)	Instalacións destinadas á construción, pintura ou decapaxe de buques.	Cunha capacidade para buques de 100 m de eslora.

(*) Indica que non se aplica ningún limiar de capacidade (todos os complexos que realicen algunhas destas actividades industriais están suxeitos a cumprir os requisitos de información, independentemente da súa capacidade de produción ou tamaño).